Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 29/12/2023 12:53:25
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 141

Sesión plenaria
9 de outubro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto único.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 59922, 11/DEBA-000002)

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Ramón Fernández Alfonzo (BNG) e da deputada dona Olalla Rodil Fernández (BNG) e súa delegación de voto para esta sesión na deputada dona Ana Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 4.)

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 4.)

Suspéndese a sesión ás once e trinta e cinco minutos da mañá e retómase ás catro e cinco minutos da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 27.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 40.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 50.)

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e tres minutos da tarde e retómase ás seis e cincuenta e dous minutos.

Resposta do señor presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 63.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 81.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 85.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 89.)

Contrarréplica do señor presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 93.)

O señor presidente informa do prazo de presentación das propostas de resolución subsecuentes ao debate, conforme o artigo 141 bis do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Páx. 97.)

Suspéndese a sesión ás nove e dez minutos da noite.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

Primeiro, saudar todas as persoas que nos acompañan, tanto os de abaixo como os de arriba, porque hoxe somos moitos.

En primeiro lugar, hai que xustificar a inasistencia a este pleno de don Ramón Fernández Alfonzo. Como xa está publicada a orde do día, non procedemos á súa lectura. Tamén xustifica inasistencia dona Olalla Rodil, que fai voto delegado, tal como recolle o artigo 84.3 do Parlamento, na portavoz do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Pontón Mondelo. Sen máis, empezamos co punto único: debate anual sobre política xeral. Para iso, comparece o señor presidente da Xunta.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater a respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, conselleiras e conselleiros do Goberno de Galicia, autoridades presentes hoxe neste hemiciclo, representantes dos medios de comunicación e cidadáns de toda Galicia e doutras partes que nos seguen dende a tribuna ou dende as súas casas.

Sen dúbida, é unha práctica positiva e saudable que cada certo tempo un pobo se analice a si mesmo. Reflexionar sobre a nosa orixe, o noso rumbo e a nosa ruta. Dialogar para identificar esas correntes de fondo que inflúen no futuro de Galicia e que os galegos, que somos donos do noso destino, debemos coñecer para tomar as decisións axeitadas sobre o rumbo a seguir.

Ese, e non outro, é o desafío que nos convoca hoxe aquí neste debate de política xeral, ou polo menos eu así o entendo. Agardo que nestas sesións poidamos chegar a conclusións sobre o momento actual e sobre os próximos desafíos que deberá afrontar Galicia, e que requiren de compromiso, implicación e altura de miras. Do Goberno autonómico e do grupo político que o sustenta, por suposto, pero tamén —así o agardo— da oposición.

Ao longo dos últimos anos, Galicia non foi nin moito menos allea ás dificultades que sacudiron España e o mundo: a longa crise económica que eclosionou no 2008 e que nos atenazou durante anos, o protagonismo de movementos políticos que cuestionan os consensos da democracia, a pandemia da covid-19 ou a invasión rusa de Ucraína, que veu agudizar as tendencias inflacionistas que xa levaban meses percibíndose na economía. Son ameazas que estiveron, están e seguirán estando aí.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende unha perspectiva global, non se pode dicir, dende logo, que fosen estes anos de serenidade. Pero dende o punto de vista estritamente galego, a nosa comunidade soubo protexerse, e sobre todo protexer os seus, dalgúns dos efectos máis duros.

Señorías, nunhas circunstancias difíciles Galicia logrou crecer e crear máis benestar e prosperidade para as galegas e os galegos. O PIB per cápita de Galicia incrementouse un 15,6 por cento dende o ano 2009, fomos a terceira comunidade que máis creceu nestes anos; o desemprego está hoxe nos seus mínimos históricos, no último ano reduciuse un 9,34 por cento; e as exportacións, que é un dos motores sen dúbida máis fiables do crecemento económico, duplicáronse dende o ano 2009.

A sanidade pública —a nosa sanidade pública— reforzouse progresivamente ao longo destes anos: invístese hoxe en día nela un trinta e tres por cento máis, traballan para a nosa sanidade pública sete mil persoas máis e acometeuse unha importantísima renovación dos seus edificios e dos seus equipamentos.

Somos, así mesmo, a comunidade autónoma con maior porcentaxe de escolarización de nenas e nenos de ata tres anos. O ensino galego, clave para sentar as bases do noso futuro, progresou e fíxoo con solidez, tanto no control do abandono escolar —que se reduciu nun sesenta por cento— como en resultados educativos, nos que nos situamos á cabeza de España e por riba da media europea e da OCDE.

O número de persoas dependentes atendidas multiplicouse nestes anos por cinco e no día de hoxe o noventa e sete por cento das persoas con dereito a un servizo ou prestación xa a están recibindo. Preto de cinco mil persoas accederon a unha vivenda de promoción pública estes últimos anos. E afondamos tamén na mobilidade e na vertebración do país, con máis de cento oitenta novos quilómetros de vías de alta capacidade libres de peaxe e unha importante promoción da mobilidade, con autobuses gratuítos para a mocidade de ata vinte e un anos.

Señorías, son moitos os parámetros e magnitudes que dan fe do progreso de Galicia nestes anos. Pero nin este pobo nin, por suposto, o seu goberno poden conformarse. *(Aplausos.)* Somos tamén plenamente conscientes de que segue habendo demasiadas persoas aínda que o pasan mal para chegar a fin de mes ou que directamente non poden chegar a fin de mes. Somos conscientes de que hai empresas que seguen tendo dificultades para cadrar as contas e somos conscientes de que hai necesidades sociais que aínda non están sendo atendidas como deberían.

Polo tanto, aínda queda moito traballo por facer. Calquera camiñante sabe que os logros das etapas pasadas non implican necesariamente éxitos nas futuras. Galicia non poden permitirse vivir de rendas, nin vai facelo xamais. Os desafíos pendentes son a maior motivación para traballar cada día. Os logros acadados, polo tanto, teñen que ser o mellor aval de que o rumbo que seguimos é o axeitado.

Todos estes avances lográronse grazas á capacidade de esforzo e superación do noso pobo, do pobo galego. Nestes anos demostrou que cada obxectivo que se logra é simplemente o primeiro chanzo para poder acadar o seguinte.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, queremos e debemos maximizar os avances para os galegos de hoxe sen incrementar por iso as facturas a pagar polos galegos de mañá. Esa xustiza interxeracional, esa determinación de non incrementar as cargas das xeracións que nos seguirán, é a filosofía que hoxe en día explica que sexamos a comunidade de réxime común que menos incrementou o seu endebedamento dende o comezo da crise económica.

Polo tanto, señorías, porei especial empeño en que Galicia se manteña afastada tanto dese pesimismo de ecos tan partidistas como do triunfalismo que non se basee en datos obxectivos, que, ademais, pode levar a unha innecesaria compracencia. Con traballo, con creatividade e cos ollos e os oídos ben pendentes do mundo que nos rodea debemos pelexar cada día por mellorar Galicia. *(Aplausos.)*

Galicia, ao longo destes anos, soubo levar a iniciativa e construír unha forma propia de facer política; unha xestión con marca Galicia Calidade. Así, mentres outros territorios se aboaban a unha aritmética parlamentaria variable e inestable, aquí, en Galicia, fomos quen de blindar a normalidade. Aquí, as leis importantes saen aprobadas. Aquí, cada ano existen uns orzamentos que se aproban en tempo e forma e, aquí, as decisións tómanse pensando no pobo e non en minorías que están pendentes de controis e de bloqueos.

Mentres outras comunidades facían do desafío constante ao Estado a súa razón de ser, sometendo a xente a unha tensión e crispación inacabables e inmerecidas, Galicia foi sempre leal cos intereses comúns, pero sen por iso deixar xamais de reclamar o que en xustiza consideramos que nos corresponde.

Mentres outros, mal interpretando o mandato das urnas, se dedicaron a gastar o que non tiñan e a hipotecar as xeracións vindeiras, Galicia xamais perdeu de vista a necesidade de manter o déficit e a débeda pública en niveis sempre razoables. Os galegos entendemos sempre que as arcas públicas non se poden administrar con criterios radicalmente distintos dos criterios que usamos para administrar as nosas propias economías familiares.

Cada ano que pasa demóstrase que este camiño escollido foi o atinado. A estabilidade, a lealdade co resto de España e a xestión responsable permítennos hoxe exercer o autogoberno con forza política, con autonomía financeira e con autoridade moral para defender aquilo no que cremos e denunciar o que consideramos incorrecto. *(Aplausos.)*

Galicia prosperou, e querémolo seguir facendo, dende o máis estrito respecto ás regras do xogo; non pode ser doutra maneira. O progreso e o benestar que fomos gañando non se construíron contra ninguén nin á custa dos demais, senón grazas ao bo facer de todo un pobo.

Por iso, estou convencido de que a fórmula para seguir avanzando pasa por esquivar dúas correntes contrapostas que comparten, por desgraza, a intención de condicionar o noso rumbo. Falo, por unha banda, da ficción de que Galicia non necesita dos demais e que, polo tanto, podemos illarnos das dinámicas nacionais e europeas, que non nos afectan. Pensar isto converteríanos nunha terra pechada en si mesma, enganosamente autosuficiente —non o somos— e refractaria ante as achegas positivas e necesarias que veñan do exterior. Por outro lado, falo do interese —sempre puramente circunstancial e sempre puramente parti-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dista— en que Galicia se converta nun ente satélite do Goberno de España, sen intereses políticos propios nin posicións que difiran das que se marquen dende a Moncloa.

Neste debate de política xeral procede recalcar que, mentres este sexa o Goberno autonómico e esta a maioría parlamentaria, Galicia proseguirá o seu propio camiño. *(Aplausos.)* Non imos estar, señorías, subordinados a ideoloxías que nin se deseñaron nin se aplican pensando en nós. E tampouco imos estar subordinados aos intereses do goberno central que toque, sexan cales sexan as cores políticas en cada momento. Aquí, mentres de nós dependa, seguiremos tendo autonomía de criterio e autonomía de acción.

Señorías, a nosa comunidade non pode ser allea a esta especie de redefinición interesada do modelo territorial de España que se está intentando incluír, á forza, dentro do debate público agora mesmo, nestes momentos. A traxectoria democrática de España demóstranos que o marco constitucional non pode ser moeda de cambio para intereses electorais de curto percorrido. Un goberno, ou máis ben un presidente, non poden gañar unha prórroga duns meses ou duns anos á custa de sacrificar o máis elemental principio de igualdade entre todos os cidadáns e, polo tanto, tamén o principio de igualdade entre todos os galegos.

Do presidente do Goberno de España non se espera só que sume ata cento setenta e seis, senón que tamén sexa consciente do inmenso sentido de estado que implica o seu cargo.

Sería, polo tanto, un inmenso erro considerar que é allea Galicia á negociación que, segundo están dicindo os seus propios protagonistas, se está abrindo co independentismo. O debate non é sobre o futuro de ningún político, non pode ser ese o debate; o debate é sobre o futuro de España e de Galicia. E a voz das galegas e dos galegos debe ser escoitada, agora máis ca nunca. *(Aplausos.)* Sería un inmenso erro pensar que as cuestións que están sobre esa mesa de negociación non teñen un impacto directo sobre a liña de flotación da España constitucional e tamén da Galicia do Estatuto de autonomía.

Falar de referendo é negar os lazos e compromisos que unen uns españois con outros, e tamén os galegos co resto de España e os galegos entre nós. Falar de amnistía é defender a anulación dos efectos do Estado de dereito para beneficiar as persoas que precisamente os vulneraron. E, sobre todo, e por riba de todo, falar de condonación de débedas ou de recoñecemento de supostas «débedas históricas» de importes astronómicos ten unha consecuencia clara e directa: que na caixa común dos españois e, polo tanto, tamén na caixa dos galegos e galegas, se queira priorizar a busca de apoios para o partido no goberno sobre a sustentabilidade e a equidade do estado do benestar. E iso Galicia non o vai tolerar, señorías. ¡Non o vai tolerar! *(Aplausos.)*

A España e a Galicia dos nosos fillos e netos non poden ser lugares asimétricos, nos que uns reciban todo e aos demais se nos negue case todo. Os intereses específicos dalgúns partidos políticos non poden e non van prevalecer sobre os intereses xerais. A verdadeira xenerosidade practícase co propio, nunca co alleo. Polo tanto, quitarlles a uns para que outros posúan máis non é ser xeneroso; iso ten un nome diferente que, dende logo, non queremos para nós. Na caixa común, as reivindicacións políticas duns poucos territorios non poden estar por diante da calidade e a sustentabilidade dos servizos públicos de todos.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Acaso un veciño da montaña de Lugo vai entender que non pode ter mellor cobertura móbil porque hai que pagar a factura dunha investidura? ¿Ou debe un agricultor da Limia renunciar ás axudas ás que ten dereito e que necesita para que outros reciban o triplo? ¿Ou é que os fondos que recibe Galicia para o sostemento e a mellora da sanidade, da educación ou dos servizos sociais públicos deben depender dos remanentes que queden despois de satisfacer os intereses dunhas minorías independentistas? ¿Alguén cre, acaso, que é defendible que as nosas conexións por tren ou por autovía importan menos que as dos demais ou importan incluso moito menos que a permanencia no poder dunha determinada persoa?

Señorías, o financiamento para as autonomías non pode ser unha ferramenta de castigo para, á custa de servirlles de incentivo aos que están vendendo cara unha investidura e ser politicamente útiles a un goberno, prexudicar os demais. Antes o contrario: na necesaria e urxente reforma do sistema deben valorarse, agora máis ca nunca, na súa xusta medida conceptos como o envellecemento, a dispersión territorial ou a baixa densidade de poboación, temas que lle afectan a Galicia. Este é o momento de plantexalo con máis forza ca nunca.

Son eses elementos, e non as cores políticas de cada un, os que teñen que determinar canto custa prestar os servizos públicos e, polo tanto, canto temos que recibir cada un. E, a partir de aí, aplicar criterios de igualdade.

Porque aínda que se maquillen ou se camuflen, estas son as cuestións que se dirimirán, que xa se están dirimindo, estas semanas e estes meses en España. Por iso, defendo que Galicia non pode permanecer á marxe, senón que a nosa voz se escoitará con toda a claridade, con toda a contundencia e con toda a lexitimidade. Agora máis ca nunca. *(Aplausos.)*

Este intenso ano electoral que vimos de vivir e este inicio dunha nova lexislatura —que non se sabe canto durará— non pode supoñer que se faga tabula rasa e volver outra vez falar de todas aquelas xustas reivindicacións que Galicia leva con xustiza elevando dende hai xa demasiado tempo. As novas urxencias que parece asumir o Goberno central en funcións non poden implicar que se despracen as cuestións de interese para Galicia e os galegos, cuxa importancia —polo menos nesta Cámara— espero que estea fóra de toda dúbida.

Dende que fun investido presidente da Xunta, un dos labores aos que máis prioridade concedín é á defensa dos intereses da nosa terra ante o Goberno central. O balance de cumprimentos do executivo en funcións non pode senón cualificarse como pobre, por non falar directamente de incumprimentos.

Levamos tempo coa desagradable e inxusta sensación —o malo é que é real— de que calquera demanda, polo feito de proceder de Galicia, é automaticamente descartada, postergada, esquecida e minusvalorada. A lista de exixencias non é miña —síntoo, señorías da oposición—, non é do meu partido; esta lista de exixencias emana dos galegos e seguireinas defendendo en todos os foros, custe o que custe e moleste a quen moleste. *(Aplausos.)*

Seguiremos defendendo o traspaso a Galicia da titularidade da autoestrada do Atlántico; percórrena vinte e cinco mil condutores cada día aos que a Xunta quere axudar. E podería facelo se ese traspaso comprometido non fose un engano máis do Goberno central en funcións.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Seguiremos defendendo que se complete a autovía Santiago-Lugo e as demais vías de alta capacidade pendentes e que se conceda a máxima prioridade á reconstrución dos viadutos da A-6, como se estivesen noutros sitios nos que probablemente xa estarían reconstruídos. Seguiremos defendendo compromisos concretos, con investimentos e prazos, sobre a conexión ferroviaria con Portugal, tan necesaria.

Seguiremos defendendo un financiamento xusto para o corredor Atlántico Noroeste de mercadorías, fronte á insuficiente e irreal solución que propón o ministerio, case oito veces menor da necesaria, e o ninguneo intolerable dun comisionado nomeado para defender a Galicia e que ignora Galicia sistematicamente.

Seguiremos defendendo que Galicia conte canto antes cos trens AVRIL, máis rápidos, amplos e económicos que os actuais, a pesar do enésimo e recente intento de xustificar o enésimo e recente atraso.

Seguiremos, tamén, defendendo que se mobilicen xa dunha vez os fondos europeos para a industria, eses 21.350 millóns de euros —nada máis e nada menos—, máis do sesenta por cento do total, que seguen embalsados e que aínda non chegaron a proxectos que son moi necesarios: Stellantis, Altri, Resonac e tantos proxectos estratéxicos en Galicia e noutros sitios que seguen esperando financiamento, sen saber cando vai chegar e, sobre todo, sen saber por que non chega. Mañá mesmo trasladareille ao novo ministro de Industria todas estas necesidades e espero que esta vez, polo menos, sexa receptivo.

Seguiremos defendendo unha rebaixa do IVE á carne e ao peixe, que non só beneficia o sector, que tamén e en primeiro lugar, senón que tamén beneficia o peto e a alimentación saudable duns consumidores afectados pola ola inflacionaria. É incomprensible a cerrazón e a negativa do Goberno central a executar esta rebaixa, cando menos temporal.

Seguiremos, tamén, señorías, defendendo que as persoas que viven e traballan no litoral galego poidan contar con máis seguridade, fronte a unha normativa nacional que agora mesmo ameaza dun xeito real catro mil edificacións e máis de cen empresas da cadea mar-industria.

Seguiremos reivindicando a utilidade e o pleno encaixe normativo dunha norma pioneira en España: a norma de ordenación do litoral galega. Agardo que o Goberno central escoite máis a xente que vive e traballa na costa e tamén a coida e a preserva, que os que opinan facilmente dende a lonxanía de despachos en Madrid. *(Aplausos.)* E, por suposto, a piques de rematar o prazo para a total entrada en vigor, agardo que toda esa manga ancha, manga anchísima, que está utilizando o Goberno central para intentar xustificar as reivindicacións do independentismo non se converta nunha interpretación implacable, inxusta e partidista para intentar tumbar o que saíu deste Parlamento e foi avalado por ditames xurídicos independentes. Espero que así sexa, señorías.

Seguiremos defendendo, tamén, que o Goberno central asuma, dunha vez, o financiamento do sistema de dependencia de xeito equitativo. Na actualidade, sosteno a Xunta de Galicia nun setenta por cento e o Goberno central só nun trinta. Ese vinte por cento, miles de mi-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

llóns, que se deben —non á Xunta de Galicia, senón aos dependentes galegos, ás persoas que teñen recoñecida a dependencia en Galicia— hai que saldalo canto antes.

Tamén seguiremos defendendo que se nos permita aplicar unha política de inclusión social autónoma e axeitada ás nosas necesidades. ¿Como? Pois, entre outras cousas, a través da coxestión do Ingreso Mínimo Vital comprometida polo Goberno central, como tantas cousas que non fixo hai dous anos, e aínda bloqueada. Non pasa iso con outras comunidades autónomas.

Seguiremos tamén defendendo que a normativa estatal deixe de dificultar o relevo, o necesario e imprescindible relevo xeracional na sanidade pública, especialmente na medicina de familia ou na pediatría. Seguen manténdose notas de corte, un sistema de asignación de prazas MIR e unha rixidez na acreditación de unidades docentes que xa non ten razón de ser e que está impedindo a implantación de melloras dende a Xunta de Galicia.

Tal e como prometín na miña sesión de investidura, ser exixentes vai seguir sendo a nosa maneira de ser leais. As demandas de Galicia, señorías, son proporcionais, son xustas e están sustentadas en todos os casos con sólidas argumentacións. Corresponde a quen non as atende explicar por que non o fai e corresponde a quen apoia que non se atendan explicar por que tolera esta actitude. (*Aplausos*.)

Precisamente fronte a esta actitude, señorías, a Xunta incrementará a intensidade do seu compromiso e da súa acción de goberno e das súas capacidades, que as temos e as exercemos, por suposto. As galegas e galegos levántanse cada xornada para acudir ao seu posto de traballo, para levantar a reixa do seu negocio ou para seguir formándose. Cando os ritmos da política nacional e os da xente común están cada vez máis descompasados, nós queremos avanzar ao paso que nos marca a nosa xente. Aínda que outros permanezan inmóbiles, Galicia non para, e a Xunta, polo tanto, non pode parar.

No día de hoxe, 9 de outubro, non foi remitida aínda nin a nós nin a ningunha comunidade autónoma a información básica necesaria para elaborar algo tan importante como son orzamentos, que deberían entrar en vigor en menos de tres meses e aquí en Galicia, por suposto, vano facer. Non sabemos nin as entregas a conta, nin a liquidación correspondente ao ano 2022, nin o obxectivo de déficit.

Así e todo, Galicia xa está ultimando as proxeccións macroeconómicas que sustentarán o noso teito de gasto, tenas practicamente ultimadas. Polo tanto, os servizos públicos galegos seguirán funcionando e mellorando cada día, pase o que pase en Madrid. ¡Galicia si que terá orzamentos! (*Aplausos*.) Estes orzamentos plasmarán en números realistas o proxecto que temos para Galicia, un proxecto que ten que perseverar en todo o que funciona e —como dixen antes— redobrar os esforzos naqueles ámbitos nos que debemos mellorar.

O noso proxecto estrutúrase en tres eixos, que ademais concordan coas tres grandes preocupacións da inmensa maioría dos cidadáns no seu día a día, o que esperan que os políticos lles resolvamos: fortalecer o estado do benestar e os servizos públicos; estimular o crecemento económico e a creación de postos de traballo de calidade; e crear máis certezas para o futuro que lles deixaremos en herdanza aos galegos e ás galegas de mañá.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, señorías, dende o inicio de 2022, sabemos que os prezos dos bens e servizos que consomen os fogares galegos se incrementaron en case un dez por cento. Unha cifra así require dunha acción pública decidida de todas as administracións —polo tanto tamén da Xunta de Galicia— para minimizar no que se poida o impacto desta inflación sobre as economías domésticas, sobre a vida da xente.

Unha das ferramentas para que os galegos dispoñan de máis cartos está na política fiscal. E nós usámola. A de Galicia leva sendo dende o ano 2009 coherente e consistente: baixar os impostos tanto como sexa posible, sempre, por suposto, que non implique lastrar a calidade dos servizos públicos. Baixadas responsables, pero continuas e constantes e, dende logo, non subir impostos, como si que se fai noutros sitios. (*Aplausos.*)

Por iso, señorías, hoxe somos unha das comunidades con mellor tratamento fiscal para as rendas de ata vinte mil douscentos euros, as rendas máis baixas. Somos unha terra na que o 99,9 por cento das herdanzas de pais a fillos non tributan. E somos, tamén, a comunidade autónoma con impostos máis baixos para comprar unha vivenda, tanto para quen a compra no rural, como para os galegos de menos de trinta e seis anos, as familias numerosas ou as persoas con discapacidade.

Na última declaración da renda xa se aplicou unha rebaixa de catro décimas no tramo autonómico máis baixo do IRPF e xa se descontou o efecto da inflación para os tres primeiros tramos. Estas medidas, señorías, xa beneficiaron, xa están beneficiando e seguirano facendo no futuro, a nove de cada dez contribuíntes.

E na declaración da renda correspondente ao exercicio do ano 2023 —a que os galegos faremos o ano que vén, entre os meses de abril e xuño— atoparemos que xa serán de aplicación efectiva dúas baixadas de impostos decididas recentemente e que terán aplicación na vindeira declaración. Falo da equiparación das familias con dous fillos ás familias numerosas, unha medida que só está en vigor, só se aplica en Galicia e que permitirá aforrar douscentos cincuenta euros a cada fogar; e o dobre de deducións para as familias con tres fillos, que pasarán de douscentos cincuenta a cincocentos euros e douscentos cincuenta euros adicionais para o cuarto fillo e seguintes.

Todas estas medidas que xa están en vigor —insisto, algunhas só en Galicia— reforzaranse a partir do 2024 con máis medidas. Unha destas novidades é a que avancei a semana pasada: Galicia vaise converter na comunidade autónoma con menos impostos para a compra dun vehículo de segunda man.

¿Para que facemos isto? Para fomentar a mobilidade sustentable, por suposto, pero tamén para axudar as economías familiares. Sesenta mil persoas cada ano vanse ver beneficiadas. Baixará o tipo do oito por cento ao tres por cento con carácter xeral e suprímese por completo para os vehículos eléctricos.

Pois ben, a esta medida anunciada, hoxe anúnciolles unha nova baixada de impostos dirixida a un dos ámbitos nos que máis necesaria é a acción pública no día de hoxe: axudar a xente a adquirir unha vivenda. O acceso a un fogar en propiedade é, sen dúbida, unha das grandes problemáticas, especialmente para a xente máis nova.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Recordarán que xa no ano 2022 se rebaixou do dez por cento ao nove por cento o tipo xeral do imposto de transmisións patrimoniais, que se aplica na compra dunha vivenda de segunda man. Pois ben, no vindeiro 2024 Galicia rebaixará un punto adicional este tributo, que quedará fixado así con carácter xeral no oito por cento para todo o mundo. (*Aplausos.*) Isto vai supoñer un aforro adicional aos que xa están en vigor de mil euros para quen compre unha vivenda de cen mil, de dous mil euros para unha de douscentos mil... e así sucesivamente.

Ademais, por suposto, mantéñense e sopórtanse con cargo aos orzamentos as bonificacións que xa existían. Para todos os contribuíntes, un seis por cento para a compra de vivendas en zonas pouco poboadas; para as rendas máis baixas, un sete por cento para a compra da vivenda habitual que baixa ata un cinco por cento en zonas pouco poboadas; e, para as familias numerosas, para os menores de trinta e seis anos, para as persoas con máis dun sesenta e cinco por cento de discapacidade ou para as vítimas de violencia machista, un tres por cento. (*Aplausos.*)

Estas novas rebaixas de impostos, señorías, o que veñen facer é reforzar unha das políticas de vivenda máis ambiciosas de España, a que temos en Galicia. A Xunta vai impulsar preto de mil novecentas novas vivendas públicas para alugueiro e outras tres mil de promotores privados para construír tres mil vivendas máis con axudas públicas. É un incremento do cincuenta por cento no tamaño do noso parque de vivenda protexida, no que Galicia vai investir douscentos cincuenta millóns de euros.

Ademais de manter os bonos de alugueiro para persoas vulnerables e para a mocidade —dos que se benefician cada ano máis de sete mil cincocentas persoas—, Galicia ofrece un paquete de máis de 7,5 millóns de euros para axudar á compra dun domicilio: ata vinte mil euros para a adquisición dunha vivenda protexida; ata quince mil euros para a compra dun inmoble nun casco histórico —e ademais así contribuír á súa revitalización, á rehabilitación dos casos históricos en Galicia—; ata dez mil oitocentos euros —case once mil— para as galegas e galegos de ata trinta e cinco anos que se muden a un concello de menos de dez mil habitantes; e, moi importante, o aval do vinte por cento, ese que non conceden os bancos, para que a mocidade non teña que afrontar de golpe o importante desembolso que supón a entrada para un piso ou unha casa. (*Aplausos.*)

Polo tanto, manter unha xestión responsable nun escenario de incertezas económicas, obríganos tamén a concentrar os recursos alí onde pensamos que son máis necesarios. Así, no ámbito familiar, xa se avanzou unha nova medida que foi recibida con enorme aceptación polas familias, a creación dun bono para que as familias con fillos en idade escolar compren material deportivo: cento vinte euros por cada nena ou neno que estea federado nalgunha disciplina.

Este bono —insisto, dunha enorme aceptación polas persoas directamente afectadas— súmase ás demais iniciativas que temos para axudar os fogares con pequenos: a tarxeta Benvida, unha axuda de ata tres mil euros ao ano por nacemento, que é unha referencia en España e que xa percibiron preto de cen mil familias galegas; a gratuidade total nas escolas infantís de cero a tres anos, tamén única e pioneira en España e que nos converte na comu-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nidade con máis cativos escolarizados nesta etapa, ata dous mil cincocentos euros de aforro por familia. Tamén o calendario de vacinación infantil máis completo do mundo, que aforra a cada familia tamén arredor de mil euros por neno e protexe —isto é o máis importante— os máis pequenos de Galicia, máis que en ningún outro lugar, con novas vacinas como a do virus respiratorio sincitial, a do meningococo máis completa do mercado ou a do rotavirus. (*Aplausos*.) E tamén, por suposto, as axudas para libros de texto e material escolar —nos que somos, en contía, líderes en toda España—, que perciben sete de cada dez familias.

Señorías, con todas estas medidas Galicia reforza a súa posición como a comunidade con máis apoio ás familias, unha aposta estratéxica deste goberno que tamén contribúe con medidas efectivas a reverter a tendencia ao devalo demográfico.

En 2024 lanzaremos ademais un completo plan de simplificación administrativa que vai reducir ao mínimo o papelame en dúas das axudas que máis piden actualmente as familias. Así, polo tanto, o ano que vén a tarxeta Benvida pasará a concederse automaticamente a todos os fogares que cumpran os requisitos, que son máis do oitenta por cento. Xa non haberá que cubrir ningún formulario, xa non haberá que achegar ningunha documentación adicional. E o título de familia numerosa, ademais de aprobarse de xeito inmediato tras o nacemento do terceiro fillo, vaise renovar automaticamente mentres o fogar teña dereito a el. Os pais xa non terán, polo tanto, que renovalo cada ano e non caducará ata que o último fillo se emancipe.

Señorías, outra das iniciativas máis innovadoras que temos para a abordaxe do reto demográfico é a estratexia Galicia Retorna, sen ningunha dúbida. Esta estratexia —que está sendo copiada xa por outras comunidades autónomas— busca que todos os galegos que viven no exterior saiban que aquí sempre van ter o seu fogar e o dereito a retornar. Os resultados acreditan que o enfoque é o axeitado: no primeiro semestre de 2022, o último que reflexan as estatísticas, chegaron a Galicia doce mil oitocentas persoas máis das que marcharon, o mellor saldo migratorio dende que existen datos. (*Aplausos*.) A demostración, a evidencia de que é unha estratexia que serve para reverter o devalo demográfico é que nese período a poboación galega aumentou en dúas mil persoas.

E, ademais, teño que dicir —dentro da estratexia Retorna— que ademais de axudar os galegos retornados a emprender ou de orientalos xa dende o seu país de orixe, a Xunta vai reforzar os apoios tamén para que poidan alugar unha vivenda mentres constrúen o seu proxecto de vida en Galicia nos momentos iniciais, os máis duros. Xa neste 2023, ademais —e para completar esta estratexia de axuda Retorna— comezará a funcionar a nova oficina itinerante de asesoramento e seguimento ao retorno.

Se falamos de servizos públicos fundamentais e da necesidade de blindalos, reforzalos e mantelos na excelencia, hai que falar especialmente da nosa excelente sanidade pública. Dende o ano 2009, incrementouse o orzamento sanitario en mil douscentos millóns de euros dende o ano 2009, máis do que se gastaba no orzamento daquel ano. Grazas a iso, construíronse e melloráronse un centenar de centros de saúde, construíronse dous hospitais punteiros en Vigo e Lugo e reformáronse todos os demais, máis de mil millóns de euros na estratexia de construción, reforma e modernización dos grandes hospitais galegos. Insta-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

láronse tamén equipos de alta tecnoloxía sanitaria en todos os hospitais e na atención primaria. Implantáronse os programas de cribado máis avanzados de España. Reducíronse as listas de espera, tanto para primeiras consultas de hospital como para as cirurxías máis prioritarias.

Como resultado de todo isto e de acordo co CIS —que tanto lles gusta a algúns e tanto lles vale segundo para que—, Galicia é a segunda comunidade que mellor valora a súa sanidade pública; (*Aplausos.*) dez puntos, señorías, por riba da media nacional, pero, ¿conformámonos? Non, estamos moi lonxe de conformarnos, por suposto.

Avánzolles, neste sentido, que no ano 2024 o Servizo Galego de Saúde, a sanidade pública galega, lanzará unha batería de iniciativas destinadas a reforzar aínda máis a atención sanitaria. Seguiremos, polo tanto, ampliando os equipos do Sergas, os recursos humanos —a base de todo— a través de contratos estables e incorporando profesionais con praza en propiedade cada vez máis, empezando por aquelas de máis difícil cobertura. Tamén se porá en marcha o Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia, que vai permitir elaborar os fármacos personalizados contra o cancro: os fármacos CAR-T. Iniciarase a construción do centro de protonterapia de Galicia, que vai ser o primeiro centro público que aplique esta tecnoloxía pioneira na loita contra o cancro en toda España.

Implantarase nos hospitais de Vigo, A Coruña e Santiago un programa de cirurxías robóticas de recuperación rápida para as operacións de xeonllo e de cadeira, que vai permitir reducir os tempos de hospitalización a tres días e, segundo din os profesionais, lograr a recuperación completa en menos de dous meses para a inmensa maioría da xente operada.

E crearase un centro de xestión integrada da imaxe médica —que xa se atopa agora mesmo en fase de probas— e que vai permitir axilizar —e moito— os tempos para realizar unha proba de radioloxía ou de anatomía patolóxica e dispoñer dos resultados.

Seguiremos apostando polo teleseguimento para que os pacientes cun marcapasos ou con doenzas respiratorias ou cardiovasculares poidan consultar cun profesional sanitario dende a súa casa sen ter que desprazarse ao centro de saúde ou ao hospital.

Tamén, por suposto, seguiremos avanzando na atención ás doenzas femininas, incorporando no Decreto de garantías as consultas en menos de corenta e cinco días e cirurxías en menos de sesenta, para as mulleres con cancro de endometrio e displasias de cérvix e vulva.

Seguiranse dando pasos nos novos hospitais da Coruña e Pontevedra, na ampliación dos de Ferrol e Ourense e na inminente renovación do de Santiago. Como lles dicía antes, mil millóns de euros nos últimos anos dedicados a esta finalidade. Por suposto, para mellorar o que cada vez é un problema maior da nosa sociedade, a saúde mental, xa dende a atención primaria e progresivamente xeneralizaremos a presenza de psicólogos clínicos nos centros de saúde de Galicia. *(Aplausos.)*

Estes profesionais da psicoloxía, señorías, sumaranse aos máis de douscentos corenta sanitarios que xa se están incorporando ao Sergas para mellorar a atención das doenzas men-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tais, que —como dicía— é unha das realidades sociais máis preocupantes deste século XXI e que, dende logo, temos que abordar.

Polo tanto, traballar pola sanidade pública tamén é fomentar os estilos de vida saudables e previr problemas de saúde. Por iso, neste mesmo mes imos iniciar xa a tramitación da nova Lei de prevención de adiccións nos menores en Galicia. Que avanzará, por exemplo, en temas tan importantes como na regulación dos vapeadores, das bebidas enerxéticas e que perseverará na tolerancia cero do botellón.

Ademais, se falamos de servizos públicos e de atención ás persoas, sen dúbida estaremos de acordo en que a fortaleza dunha sociedade mídese tamén —e, se mo permiten, especialmente— polo trato que lles dispensamos ás persoas maiores. Por moitas razóns, por todo o que fixeron por nós e por todo o que nos seguen achegando día a día; hai que seguir estando á altura das súas demandas. Que hoxe en día a esperanza de vida sexa máis elevada que nunca e non deixe, afortunadamente, de crecer é unha excelente noticia, sen dúbida. O que fai, en primeiro lugar, é acreditar a calidade de vida coa que chegamos a idades cada vez máis avanzadas. Agora, iso si, plantexa retos e desfrutar desta etapa vital con liberdade pero tamén con todos os apoios que se necesiten, sen dúbida, é o reto fundamental. Así, anúnciolles que Galicia creará o Carné +65, que lles vai ofrecer ás persoas maiores descontos semellantes aos que inclúe o carné Xove para as persoas máis novas. *(Aplausos.)* Acadar, señorías, a xubilación é unha meta demasiado boa como para non aproveitala ao máximo.

Somos conscientes de que a maioría das persoas maiores desexa envellecer no seu fogar, rodeadas dos seus. Por iso, anúnciolles tamén que a partir do ano que vén Galicia converterase na comunidade con máis apoio para que as persoas maiores sexan atendidas na súa casa, a través dun bono asistencial. Todas as persoas con dependencia que sexan coidadas por un familiar no seu domicilio terán dereito a unha axuda de cinco mil euros ao ano para favorecer estes coidados. *(Aplausos.)*

Como somos conscientes de que hai situacións nas que é inviable —polas razóns que sexa— recibir atención na propia casa, todas as persoas dependentes que conten cun bono para ir a unha residencia da súa elección recibirán un complemento adicional de mil douscentos euros ao ano. *(Aplausos.)* Este plus, complemento independente das axudas que xa estean recibindo e que de media vai supoñer un incremento do trinta por cento.

Deste modo, señorías, Galicia segue avanzando na construción dun sistema de dependencia universal, no que, ao igual que as demais patas do estado do benestar —a sanidade e a educación— a atención recibida se centre nas necesidades das persoas por riba de calquera outra circunstancia.

Estas que acabo de anunciar son medidas sen precedentes nin equivalentes en España, que podemos acometer pola boa saúde das nosas contas. Vai permitir que cada galego, co apoio da súa familia, escolla a atención que máis encaixe dentro do seu carácter, do seu estado físico e das súas preferencias. Deste xeito, señorías, pasamos —con máis intensidade que nunca— a ser líderes nacionais en atención á dependencia, aquí en Galicia. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para complementar ese sistema de axudas económicas que tamén son necesarias, hai que seguir desenvolvendo infraestruturas pioneiras de atención ás persoas maiores. O 2024 será o ano no que se inaugure en Santiago o primeiro centro de coidados intermedios público de España para atender a xente maior que, despois de recibir unha alta hospitalaria, non poida aínda ir ao seu domicilio, á súa residencia e necesite unha atención intermedia, que é ao que se vai dedicar este centro. En paralelo, avanzaremos no acondicionamento dun espazo igual no antigo hospital Rebullón, no concello de Mos. É dicir, Galicia terá, sucesivamente —xa o primeiro no ano 2024— dous centros pioneiros en España de coidados intermedios para as persoas maiores.

Tamén seguiremos avanzando, por suposto, na atención ás necesidades das persoas con discapacidade. Galicia xa conta co sistema educativo máis inclusivo do mundo. Pasamos de dúas a corenta e seis unidades de atención temperá e creamos máis de mil novas prazas en centros de día ou residencias de discapacidade. Seguiremos por este camiño porque é de xustiza, sen ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

Por suposto, para facer todo isto posible non abonda cunha boa situación económica, cun menor endebedamento que a media das comunidades autónomas que non poderán tomar estas medidas. Non abonda simplemente cun plan de infraestruturas con medidas pioneiras. O máis importante son as persoas, os empregados públicos, encargados de levar todo isto adiante. Os servizos públicos fortalécense tamén fortalecendo os seus recursos humanos. Nesta liña, xa van as ambiciosas ofertas de emprego público que estamos a lanzar en todos os ámbitos: só no ano 2022 aprobáronse máis de sete mil duascentas prazas para a administración xeral, cinco mil setecentas para sanidade e outras mil trescentas na educación. Nos próximos meses seguiremos profundando nestas ofertas de emprego público.

Ademais das persoas —o fundamental nos obxectivos de calquera administración— o desenvolvemento económico é o que permite que as administracións funcionen, a sociedade xere riqueza e, polo tanto, se poidan prestar e garantir os servizos públicos fundamentais. Polo tanto, temos que seguir favorecendo —é unha obriga— o crecemento económico sustentable, un crecemento que aproveite os nosos recursos á vez que vela para que as vindeiras xeracións tamén poidan desfrutalos. Pódese combinar economía e medio ambiente, sen ningunha dúbida. Crear máis emprego e de mellor calidade, modernizar as nosas estruturas produtivas e captar novos investimentos son o obxectivo central da nosa política económica, porque con todos eses elementos Galicia pode seguir medrando con firmeza. Vaino facer.

Así, nun dos sectores principais para Galicia, que é o mar, temos que reforzar o noso liderado e garantir que as iniciativas que teñen dereito ao apoio público poidan acceder a el. Así, a nosa comunidade anuncio que contará, no vindeiro ano, cun servizo de asesoramento para os pescadores, os acuicultores e todos os integrantes da cadea mar-industria que queiran acceder a fondos europeos. *(Aplausos.)* Queremos que cada euro deses recursos, desas oportunidades dos fondos europeos cheguen a todos os recunchos da nosa costa e a todos os segmentos da actividade da cadea mar-industria.

En Galicia, señorías, temos a maior frota de toda Europa, a maior porcentaxe de mariñeiros, somos os primeiros en capturas sustentables e en produción de cultivos mariños. Estamos

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

á vangarda da industria conserveira e dos conxelados e tamén superamos todas as marcas en exportación de produtos do mar. Polo tanto, Galicia non vai admitir, non admitirá xamais discursos que insinúen que a pesca responsable é incompatible coa conservación do océanos. A experiencia e o traballo diario da nosa frota son o mellor desmentido destas afirmacións. Por iso, combateremos coa forza da razón o veto inxusto á pesca de fondo.

Seguiremos axudando o sector ante o incremento de custes e seguiremos reclamando que se materialice canto antes ese PERTE —sorpresivamente, pero celebramos o anuncio— anunciado por un alto cargo do ministerio a semana pasada en Conxemar. Non sabemos máis datos, pero dende logo exixirémolos xunto co sector. Era necesario, tardou en chegar e celebro que por fin se deran conta de que era necesario. *(Aplausos.)*

Tamén avanzaremos na coordinación e comunicación entre o sector e a comunidade científica, para desmontar todos eses prexuízos e dogmas e avanzar na sustentabilidade e a produtividade da pesca, do marisqueo e da industria transformadora.

Estamos culminando ademais xa o deseño dun plan de xestión da mexilla como ferramenta fundamental para adaptar a extraccións ás necesidades dos distintos sectores e á situación do recurso. Pódese convivir e todos poden saír beneficiados.

No eido rural, a outra pata do noso sector primario, Galicia seguirá traballando por ser referente de calidade. Nun contexto económico que incrementou de xeito moi importante os custos que afrontan os gandeiros e os agricultores, é necesario que a Xunta apoie, protexa e empuxe máis que nunca o sector.

Temos en Galicia todas as condicións para ser a despensa da produción agroalimentaria de calidade a nivel europeo. Temos trinta e sete denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas. Todo un tesouro que temos saber xestionar, manexar e poñer en valor. Por iso, no vindeiro ano imos destinar doce millóns de euros a apoiar con axudas directas os produtores de Tenreira Galega Suprema, para que poidan manter os estándares de excelencia e benestar animal que levan a marca Galicia por todo o mundo. *(Aplausos.)*

E tamén no vacún de leite seguiremos avogando porque existan prezos xustos sempre, prezos que impulsen a competitividade do sector, a cohesión territorial e o relevo xeracional tan importante. Impulsaremos tamén a horticultura cunha estratexia de dinamización orientada a que os cultivos galegos sexan cada vez máis rendibles e competitivos de cara sobre todo á exportación.

Apostaremos tamén pola xestión sustentable dos nosos montes, que non só significa esta xestión sustentable a protección do noso patrimonio natural, significa tamén impulso económico para as zonas rurais. Xa estamos traballando para acadar unha solución nesas situacións, que estamos coñecendo ultimamente, derivadas da recuperación de propiedades por parte de comunidades de montes de parcelas nas que existen establecementos industriais. É necesario preservar a propiedade e a sustentabilidade dos montes, pero tamén a vida económica que se desenvolve nos nosos concellos.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nos vindeiros meses, unha vez completado o salientable esforzo de elaborar un inventario forestal —único en España— aprobarase o Plan estratéxico da industria forestal-madeira; o dous por cento do PIB galego, nada máis e nada menos, e medrando. Para impulsar o sector e poñer en valor a calidade deste material, anúnciolles que a partir do ano 2024 unha porcentaxe mínima que se establecerá nos primeiros meses do ano das edificacións públicas que promova a Xunta de Galicia terá que ter a súa estrutura de madeira. Hai que dar exemplo para que os demais fagan o mesmo. *(Aplausos.)*

Tamén poremos en marcha un pioneiro mercado voluntario de créditos de carbono, que vai ser único en España. Hai que abrirse a este mundo; hai que chegar antes que os demais. E lanzaremos un programa de protección das nosas aldeas e dos montes de xestión pública baseado no fomento do pastoreo de ovellas, cabras ou cabalos nas zonas con maior risco de incendios.

Temos, señorías, unha terra agraria extraordinaria, pero tamén un desafío histórico na súa estruturación e na titularidade das parcelas; moitas reformas que facer e tamén moitos cambios de mentalidade. Tres de cada dez predios rústicos que hai en España están en Galicia.

Hai que abordar esta situación. Por iso, nesta lexislatura emprendemos un ambicioso programa de mobilización de terras. Xa o estamos emprendendo. Hai que combinar as tradicionais concentracións parcelarias cos novidosos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, aprobada neste Parlamento. Xa se mobilizaron trinta e cinco mil hectáreas, o un por cento do territorio, e o ano que vén hai que chegar e superar as corenta mil.

Hai un gran reto que é poñer parcelas de calidade á disposición dos xestores do territorio —agricultores, gandeiros e silvicultores— e facelo ademais dun xeito áxil, con seguridade xurídica e que resulte útil. Así, neste 2024, a Xunta licitará os primeiros polígonos agrarios de Galicia e veremos tamén como nacen as primeiras agrupacións de xestión conxunta, ligadas fundamentalmente e, en primeiro lugar, ao sector forestal.

Isto, no que ten que ver co noso sector primario, é tan fundamental, pero tamén hai que apostar pos outros sectores económicos, as nosas industrias: a téxtil, a naval ou a automobilística, que lle dan sentido ao noso progreso económico e ás cifras que expuña ao principio. Os datos —eses datos dos que falaba— invitan a un optimismo, moderado, iso si, e moi prudente. Neste 2023 somos unha das comunidades autónomas con maior crecemento da produción industrial, un 2,6 por cento fronte a un retroceso na media nacional dun 0,6.

Datos que invitan ao optimismo, pero con moderación. Hai que seguir, polo tanto, polo camiño axeitado. E, polo tanto, é imprescindible seguir insistindo —non me cansarei de facelo— na necesaria —mañá vou ter outra oportunidade—desmobilización, axilización e empezar a facer algo, en definitiva, con eses miles de millóns dos PERTE industriais que incomprensiblemente seguen embalsados.

¿Por que non se aposta pola gobernanza? ¿Por que non se aposta por unha xestión con aqueles que demostraron —as comunidades autónomas— que sabemos xestionar eses fondos?

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Volveremos insistir as veces que faga falta, porque hai que aproveitar oportunidades, oportunidades como as que temos diante.

Estamos agora mesmo ante a posibilidade certa de que Galicia se converta nunha potencia en materia de enerxías limpas. Agora que estamos abordando dun xeito decidido un proceso de descarbonización imprescindible e agora que vemos como cada día máis patentes os efectos do cambio climático, Galicia será parte da solución ao cambio climático e nunca parte do problema. *(Aplausos.)*

Temos ademais, señorías, unha oportunidade histórica por diante que nunca nos perdoariamos deixar pasar. Temos vento, temos forza da auga, temos condicións xeoestratéxicas imprescindibles, que outros non teñen, para poder logralo. Asegúrolles que a vontade política —que tamén é necesaria— a este goberno non lle vai faltar. Fomos xa partícipes do acordo polo cal Reganosa tomou unha posición moi importante na regasificadora do Musel e con iso permitiuse avanzar, desbloquear, facer posible o gasoduto Guitiriz-Zamora que nos conecta e nos interconecta co resto de Europa nas infraestruturas gasísticas.

Por iso, seguimos defendendo ante o Goberno —e temos que seguir defendéndoo— o desenvolvemento sustentable, razoable, compatibilizando todos os intereses da eólica mariña. Non é de recibo que, despois de dicir que se ía apoiar, o Goberno central agora poña todo tipo de obstáculos no parque eólico mariño experimental de Punta Lagosteira. É necesario que empece a funcionar para que todos vexan as circunstancias sobre o terreo, como se está facendo noutros sitios.

Por iso, tamén estamos a tramitar a lei de recursos naturais cunha intención clara: habilitarnos para que a Xunta de Galicia e o resto das administracións territoriais que operan en Galicia —se é que aquí o desexan— poidan participar directamente en proxectos estratéxicos que teñan que ver co aproveitamento dos recursos naturais: enerxéticos, mineiros, hidráulicos... Teñen que ser estratéxicos e, sobre todo, teñen que garantir un beneficio directo, tanxible e aproveitable para os habitantes que vivan nos territorios onde esas instalacións existan. Iso é o que busca esta lei de recursos naturais pioneira.

Tamén, nesta mesma liña, hoxe avánzolles que nos vindeiros meses a Xunta lanzará as primeiras axudas para proxectos de hidróxeno verde —do que todo o mundo fala—, enerxía do futuro. Hai que empezar a moverse xa; hai que empezar a poñer as condicións. Temos moitas industrias traballando conxuntamente coa Xunta de Galicia e agora damos ese paso máis de dar estas axudas. Temos unhas condicións excelentes —todo o mundo o di—. Podemos ser un *hub* de primeiro nivel en canto ao hidróxeno verde. Temos que dar pasos decididos e hai que dalos xa.

Porque, señorías, estamos nun punto de inflexión económico que require da máxima implicación dos poderes públicos. Estamos falando de moitos empregos, empregos de calidade, que están en xogo; os que xa existen e poderían perderse e todos aqueles aos que temos que optar e que se non levamos nós irán para outros lugares.

Non imos, polo tanto, quedar de brazos cruzados neste mundo global tan competitivo. Tan competitivo que temos esa mesma competitividade aquí ao lado, ao outro lado do Miño. As

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empresas contan con facilidades de tramitación e grandes cantidades de solo industrial. Temos dentro das nosas posibilidades, dentro da nosa normativa, que facer todo o posible para ser nós os elixidos. As condicións laborais e as garantías ambientais de Galicia, por suposto, non están en negociación. Pero dende logo que a todo o mundo lle quede claro que en Galicia non vai obstruír nin vai dificultar os proxectos económicos que sexan viables e sustentables. Ao contrario, ímolos apoiar decididamente e sen ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

Polo tanto, hoxe quero trasladar dúas decisións de gran calado que van reforzar isto que estou dicindo: a capacidade de Galicia e a accesibilidade de Galicia para proxectos económicos que creen aquí miles de postos de traballo en lugar de ir crealos a outros lugares. Hai dúas grandes necesidades detectadas que presentan os proxectos deste tipo. Unha é necesidade de ter unha tramitación áxil, canto máis áxil mellor, respectando, por suposto, todos os condicionamentos xurídicos e medioambientais. Isto trátase de competir con outros lugares que ofrecen estas condicións. E, por suposto, ten que haber capital, investimento inicial sobre todo para os primeiros pasos na instalación destas industrias.

Polo tanto, para favorecer a axilidade na tramitación —insisto, sen perder nunca a observación dos requisitos— serán declarados proxectos industriais estratéxicos por parte da Xunta de Galicia todos aqueles que cumpran as condicións de crear cando mínimo vinte e cinco empregos directos e conten cun financiamento privado inicial de cando menos dous millóns de euros e ademais teñan unha incidencia territorial e socioeconómica salientable. Estes son proxectos, señorías, que hai que intentar traer, que hai que intentar mimar, que hai que consolidar aquí na nosa terra para que sigan medrando despois. E, polo tanto, hai que darlles garantías, que os fagan atractivos para os investidores e esas garantías consistirán en que a Xunta de Galicia se compromete a que, no que toca, no que corresponde, no que é responsabilidade en canto á tramitación da Xunta de Galicia, o prazo máximo de tramitación garantida será dun ano. Isto os investidores teñen que sabelo dende o principio, dende a presentación da documentación ata a súa aprobación. *(Aplausos.)*

Para garantir que é un compromiso serio e que, polo tanto, merece a pena apostar por nós, a Xunta de Galicia indemnizará os promotores cun un por cento do importe total do proxecto, ata un límite de cincocentos mil euros, se non se cumprise este prazo dun ano.

Tamén están os proxectos de menor tamaño, pero que tamén son importantes. Eses proxectos que roldan o millón de euros —oitocentos mil euros puxemos como límite— e que tamén ás veces son o xermolo de proxectos que logo medran moitísimo máis. Eses tamén hai que protexelos, tamén hai que aceleralos, tamén hai que incentivalos para que non vaian a outros lugares. Polo tanto, para eses proxectos superiores a oitocentos mil impulsaremos un plan de aceleración de proxectos industriais. Todos eles, todos estes proxectos terán unha ventanilla única na Xunta de Galicia que vai supoñer que os prazos de tramitación se reduzan á metade e garantirase ademais o apoio do Goberno galego no caso de que os permisos de competencia municipal se demoren sen motivo. Nestes casos, e en última instancia, a propia Xunta podería chegar a emitir a licenza de obras para que eses proxectos funcionen. *(Aplausos.)*

Señorías, as administracións non crean riqueza, pero teñen que poñer as condicións para que se poida facer. A iniciativa privada é fundamental para o desenvolvemento do tecido

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

económico dun país. E, polo tanto, todas as garantías, toda a remoción de trámites burocráticos dos que se pode prescindir son, neste momento de extremada competitividade, absolutamente necesarias. Non entender que estas medidas son necesarias é aceptar con resignación que Galicia ten que quedar atrás mentres outros aproveitan as oportunidades. Dende logo, este goberno non está disposto a iso. E por iso metemos estas medidas e por iso facemos a outra gran medida da que lles falaba ao principio deste bloque, referida ao desenvolvemento industrial económico.

Galicia vai actuar —como lles dicía— na medida das súas competencias para facilitar financiamento aos proxectos con máis potencial. Xa nos gustaría que non fose necesario para algúns deles. E espero que non o sexa, non tería ningún sentido perder fondos europeos que están sen utilizarse cando temos proxectos que o necesitan xa. Pero Galicia tampouco pode esperar e hai moitos outros proxectos que necesitan ese empuxón inicial.

Polo tanto, despois dun diálogo intenso de meses con entidades financeiras, con aseguradoras e con xestoras que se dedican a apostar cando cren que realmente vale a pena. a Xunta anuncio que impulsará un fondo público-privado que contará cun capital inicial de trescentos millóns de euros. Só o dez por cento provirá das arcas autonómicas, todo o resto será de investidores privados que apostan decididamente por Galicia e non apostan por outros sitios. *(Aplausos.)* Este fondo de trescentos millóns de euros —dicía— será, por suposto, complementario cos fondos que xa está mantendo a Xunta de Galicia. Todos os proxectos seguirán, este é un financiamento adicional que chega no momento en que máis necesario resulta e para apoiar os proxectos con maior repercusión socioeconómica en Galicia. O oitenta por cento do fondo deberá destinarse a proxectos executados nesta comunidade autónoma, proxectos estratéxicos, proxectos que necesiten financiamento xa. Serán pasos rápidos e nas vindeiras semanas este fondo dará os seus primeiros pasos —como dicía— coa súa presentación ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta é unha iniciativa pioneira en toda España e que demostra a fiabilidade dos proxectos que se fan coa Administración pública galega. *(Aplausos.)*

Ademais, señorías, apostar polos proxectos industrias que poden crear centos de miles de postos de traballo non pode levar a esquecernos dese exército de autónomos e emprendedores que cada día levantan a reixa do seu negocio en Galicia. Imos seguir estando a carón de todos eses autónomos e emprendedores que en Galicia teñen unha especial presenza e importancia. Con valentía e con compromiso levantan cada día o seu propio negocio e, polo tanto, merecen todo o apoio da Xunta de Galicia. Así acompañarémolos nos primeiros pasos a través dos quince polos de emprendemento cos que contaremos antes de que remate o ano 2023. Este ano xa axudaron a poñer en marcha case seiscentos cincuenta proxectos. Tamén os arrouparemos na súa consolidación a través das liñas de axuda que están ao seu alcance, oitenta millóns de euros neste último ano.

Tamén é necesario para estes traballadores formalos, orientalos e adaptar esa formación ás súas necesidades. E, polo tanto, hai que ter iniciativas nese sentido e transformar as nosas políticas de emprego para os autónomos e para as persoas que se están plantexando chegar a ser autónomos algún día.

Hai varias ferramentas, como a ferramenta EMI, que xa se está probando en varias oficinas de emprego. Trátase de utilizar a intelixencia artificial para casar a oferta e a demanda de

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballo por moi especializada que sexa sobre todo esta demanda de traballo. É posible, con coordinación, chegar a atopar unha persoa para esa vacante que se está buscando.

Tamén cos cento trinta e seis novos orientadores laborais que conforman a columna vertebral dunhas oficinas de emprego que teñen que ser —agora si— máis dinámicas e eficaces que nunca. Tamén co programa de apoio e seguimento personalizado ás persoas desempregadas. Hai que atopar as razóns de que unha persoa leve moito tempo, demasiado tempo, apuntada nas oficinas de emprego e intentar axudarlle a poñerlle solución e —¿por que non dicilo?—, detectar posibles situacións de fraude que se poidan estar producindo.

Tamén hai apostar polas microcredenciais na formación. Hai necesidades puntuais que demandan unha solución rápida, axeitada ao que che está pedindo o empresario ou o autónomo para formar os seus traballadores nese momento. Todo iso hai que facelo e as microcredenciais, esa formación áxil e flexible, é agora máis necesaria que nunca.

Por suposto, dentro da estratexia Galicia Retorna, o programa Retorna Cualifica Emprego, para que centos de galegos do exterior poidan volver á nosa terra e poidan volver xa cunha formación para poder ter un traballo aquí dende o principio.

Porque, señorías —hai que dicilo—, a que haxa cento cincuenta mil vacantes en empresas galegas mentres hai cento trinta mil persoas inscritas nas oficinas de emprego, hai que poñerlle solución. A sociedade demándanolo. Polo tanto, hai que arbitrar —é o que estamos facendo con estas medidas— fórmulas para que aquelas persoas que están buscan traballo e aquelas empresas que están demandando postos que, moitas veces, necesitan cubrir con moita urxencia, poidan chegar a un entendemento e isto, que é unha anomalía, cada vez o sexa menos en número, en cantidade e en calidade.

Todo iso vaise conseguir, tamén, afondando na educación, na excelente educación que temos en Galicia, no excelente sistema educativo. Ao final é unha aposta polo capital humano da nosa comunidade; o que xa está traballando e o que se ten que formar para poder traballar no futuro. Falar de educación hoxe en Galicia, en definitiva, é falar da Galicia do mañá.

Por iso, no vindeiro 2024 acadaremos as dez mil aulas dixitalizadas —que se di pronto— de última xeración e implantaremos un sistema pioneiro en España para que a tecnoloxía axude aínda máis a analizar o proceso individualizado de cada alumno, para detectar as súas necesidades e para propoñerlle vías de mellora. En definitiva, para que se forme cada vez mellor.

O ensino galego, como dicía, é un dos nosos maiores motivos de orgullo. Sen dúbida, sería algo baleiro sen os excelentes profesionais que, cada día, cos seus coñecementos e coa súa vocación lle dan sentido. Por tanto, para recoñecer o seu esforzo, estamos agora mesmo —como coñecen— inmersos nunha negociación para mellorar as súas condicións laborais que estou seguro de que acabará chegando a bo porto.

Estes docentes, cuxo número creceu desde 2009 malia a tendencia demográfica descendente, acompañan os rapaces e as rapazas galegos dende a escola infantil ata a educación primaria

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e secundaria e, para aqueles que a escollan, ata a Formación Profesional, esa revolución silenciosa da FP en Galicia que bate récords cada ano. Neste curso superáronse as 64.500 matrículas, un oitenta e seis por cento, case un cen por cento máis que hai tan só quince anos.

Ao longo dos próximos meses, propoñemos reforzar o traballo de orientación no ensino medio, para que aquelas rapazas e rapaces —que existen e iso é un problema que hai que abordar—que poden estar pensando en tirar a toalla e deixar de estudar xa definitivamente saiban que teñen saídas e que na Formación Profesional ou na reconsideración do que queren facer está probablemente a decisión sobre o seu futuro para o resto da súa vida. Hai que atendelos. Nos próximos meses teremos unha estratexia para facer fronte a esta situación.

E, por suposto, o ensino universitario. Galicia vai seguir sendo o sistema universitario de toda España máis económico e máis accesible. Xa van quince e este ano 2024 outra vez as taxas universitarias estarán conxeladas. E non só iso, senón que, señorías, como as universidades son o corazón do sistema galego de coñecemento e innovación, a partir do vindeiro exercicio, Galicia vai investir nelas como mínimo o un por cento do noso produto interior bruto. *(Aplausos.)* Practicamente ningunha comunidade autónoma chega a esta porcentaxe. En Galicia si que imos chegar e, polo tanto, seguiremos axudando as nosas tres excelentes universidades para que sigan axeitando as súas instalacións, sigan creando novos espazos e sigan fortalecendo o seu sistema de I+D+i.

E, referíndome ao sistema de I+D+i, quería dicirlles que seguiremos con esta aposta decidida; ás veces silenciosa, ás veces non moi notoria para a opinión pública, pero, desde logo, sempre absolutamente rendible.

Polo tanto, esas liñas para a captación de talento de alto nivel, como o programa Oportunius ou os complementos ás bolsas ERC, van ter no vindeiro ano un novo reforzo, un novo compañeiro. Trátase do programa Recupera, que vai incorporar nos próximos tres anos a trinta investigadores —agora mesmo expatriados— de altísimo nivel para que traballen aquí, nos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia. *(Aplausos.)*

E, por suposto, seguiremos coidando, promovendo e fortalecendo a nosa lingua, o galego. A máis utilizada na nosa terra e tamén máis coñecida e tamén máis utilizada que o catalán e o vasco. É vital, señorías, seguir abríndolle novos espazos que poidamos aproveitar todos os galegos e todas as galegas. Velaí a nosa aposta, ultimamente fortalecida, por estreitar os vínculos co portugués, na liña da Lei Paz Andrade; velaí o Plan de dinamización lingüística entre a mocidade; e velaí o proxecto Nós, que vai permitir que o galego estea presente nos últimos avances en intelixencia artificial e tecnoloxías da linguaxe. Iso si, se ese PERTE das linguas, que lle dedica só trinta millóns de mil douscentos millóns ás tres linguas cooficiais que existen no Estado, se reconsidera para apostar decididamente e fóra de plantexamentos políticos pola lingua galega. Iso hai que pedirllo, tamén, ao ministerio correspondente. *(Aplausos.)*

Falar de lingua, por suposto, é falar de cultura, da nosa cultura, da cultura de Galicia, a propia, de fornecela, de espallala e de difundila como unha riqueza fundamental deste pobo. Así, desenvolveremos novas iniciativas como a creación dun circuíto de difusión da cultura

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

popular galega, para ofrecer novos espazos para as bandas, as corais, a música, o baile tradicional e para todas as expresións —e hai moitas— de cultura popular galega que se manteñen, tamén entre a xente nova. Tamén, por suposto, desenvolveremos a recentemente aprobada Lei de cultura inclusiva e accesible —aprobada no seo do Goberno—, que se prevé aprobar neste período de sesións cando entre no Parlamento.

Ademais, seguiremos estando ao carón do noso magnífico sector audiovisual, tanto facilitando a presenza das nosas creacións a nivel internacional —velaí os recentes e felicísimos éxitos coma *O que arde* e especialmente o tan recente de *O corno*—, como facilitando a realización de películas e series en Galicia como se fai en moitos sitios. Nesta liña, lanzaremos unha nova edición do fondo para a atracción de rodaxes; cada vez, Galicia atrae máis rodaxes ao noso territorio.

Tamén procuraremos ordenar o florecente mapa de festivais de música en Galicia e tamén de festivais audiovisuais e de artes escénicas. Hai que identificar os máis representativos dentro de cada ámbito para ordenalos, para que teñan un impacto decidido aquí e tamén para favorecer —¿por que non dicilo?— a súa proxección nacional e internacional. Tamén son marca Galicia.

Porque, ademais, todo este patrimonio cultural, sen ningunha dúbida, é un dos argumentos que explican ese florecemento, ese rexurdimento turístico, especialmente desde a pandemia, que está experimentando Galicia. Unha terra sen historia e sen tradicións non podería rexistrar as impoñentes cifras que estamos coñecendo. Este é un mundo onde hai infinitos destinos; é un mundo global onde a xente ten unha enorme capacidade de elección. Que o ano pasado superaramos a cifra máxima de visitantes e que este ano vaiamos camiño de facelo —xa cinco millóns de persoas nos escolleron como destino no ano 2023— é algo que temos que coidar e mimar. E temos que ter moi presente que a sustentabilidade turística é compatible cun crecemento ordenado. Polo tanto, por aí imos seguir; é unha parte moi importante do noso PIB e das nosas cifras de xente que está traballando.

Demostramos que non somos unha moda, demostramos que sabemos facer as cousas ben e, polo tanto, este destino turístico sustentable e con sentidiño tense que seguir mantendo. ¿Como? Desestacionalizando os fluxos turísticos e fomentando que os galegos e as galegas viaxemos dentro do noso territorio. Ese redescubrimento que fixemos de Galicia, os do norte do sur e os do sur do norte serve, ademais de para dinamizar o noso turismo, para desestacionalizalo.

Igual que hai que seguir coidando e promocionando o fenómeno xacobeo. O centro do coñecemento xacobeo, que poñeremos en marcha o ano que vén non só para difundir o que aquí se fai ben, senón para escoitar o que fan ben os que tamén se dedican a este tipo de turismo por un lado e de tradicións seculares por outro. É fundamental para seguir medrando con sentidiño no fenómeno xacobeo. E tamén lanzaremos o ano que vén un plan estratéxico para o turismo rural, que favoreza a adaptación destas instalacións senlleiras en Galicia —unha das nosas marcas de identidade— ás novas tendencias e demandas dos viaxeiros.

Señorías, hai outra medida que pode que teña un carácter simbólico pero creo que, ás veces, os símbolos son moi importantes tamén. Creo que somos todos conscientes dos centos e

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

miles de galegos que teñen unha mascota. Somos unha comunidade amigable cos animais; que queremos os animais. Ese amor polos animais fala moi ben de nós. Iniciaremos unha medida pioneira e que vén substituír o que, probablemente, non estean facendo os demais: o ano que vén, se os concellos nos ceden os terreos, instalaremos un parque canino en cada unha das cidades galegas. *(Aplausos.)* Porque ás veces hai que abrir camiño para que os demais fagan o que é evidente que xa tiñan que ter feito.

Hai que ter cidades amigables e isto é unha liña para unha cidade amigable. Insisto, os símbolos e as iniciativas pioneiras ás veces son importantes. E complétase con todo o que estamos facendo nas cidades: douscentos cincuenta novos quilómetros de sendas peonís e ciclistas xa construídos, aos que se unirán outros douscentos que están planificados ou xa en plena execución.

Estes camiños vertebran Galicia, non só as zonas urbanas. Como tamén o fan as vías de altas prestacións que estamos impulsando ou que, nalgúns casos, xa están rematadas ou as poñeremos en servizo en breve. Falo do novo treito da autovía Tui-A Guarda ou da tan esperada prolongación da autovía Santiago-A Estrada, que pronto iniciaremos as obras. Avanzamos na tramitación do desdobramento do corredor Brión-Noia ou do novo treito da autovía Nadela-Sarria, despois da súa recente ampliación que xa está en servizo. Seguiremos na medida das posibilidades e grazas a boa saúde das contas públicas en Galicia.

Tamén a partir do vindeiro 2024 comezaremos a transformación das vías de alta capacidade e a súa contorna. A estratexia de estradas verdes, así chamada, reforestará as súas marxes para substituír especies pirófitas e invasoras que están proliferando moito máis do debido —como acacias, eucaliptos ou herbas da pampa— por especies frondosas autóctonas. *(Aplausos.)* Esta iniciativa, que tamén é marca Galicia porque conforma a nosa paisaxe, ten unha especial incidencia na prevención de lumes e vai comezar na autovía do Morrazo, onde se plantarán vinte e cinco mil árbores nos próximos meses.

Ademais, como xa avancei hai poucas semanas, as autoestradas de peaxe de Galicia volverán un ano máis a conxelar os seus prezos para que a inflación non repercuta nos seus usuarios. *(Aplausos.)* Totalmente o contrario do que fai o Goberno central coas dúas autoestradas cuxa titularidade ostenta en Galicia, que volven ser o ano que vén as máis caras de España.

Como é natural na terra da auga, rematamos polas infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración. A Xunta está a realizar investimentos anuais que superan os cen millóns de euros, practicamente o dobre do que se ten previsto recadar co canon da auga. No 2024 avanzaremos tamén cara á neutralidade climática das instalacións de depuración e saneamento.

Por último, señorías, en Galicia creo que temos unha traxectoria da que podemos sentirnos moi orgullosos. En Galicia temos unha estabilidade, e temos que seguir téndoa, que contrasta coas incertezas ás que antes me refería, do panorama nacional e que todos coñecemos, aínda que algúns non as queiran recoñecer. En Galicia temos un proxecto e en Galicia temos a iniciativa, a experiencia e o talento para materializar as ideas que temos para o futuro.

Eu quero que a comunidade que lles deixemos ás nosas fillas e ás nosas netas sexa unha terra cada vez máis igualitaria; sexa unha terra na que se asegure que as nenas sexan, exac-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamente nada máis e nada menos, que o que elas queiran ser e que no seu camiño non se interpoñan nin estereotipos, nin clixés, nin vestixios de desigualdades e, por suposto, xamais e sexamos capaces de desterrar a lacra da violencia machista. Iso é o que quero para Galicia. *(Aplausos.)*

Por iso, entre outras moitas medidas que xa están en vigor anuncio un plan para a formación e contratación de mulleres en sectores aínda fortemente masculinizados. É necesario facer este labor de fomento; a sociedade, por desgraza, non o vai facer por si mesma. Isto faremolo, igual que seguiremos insistindo, a pesar de todos os intentos dalgúns por ir na dirección contraria, na erradicación efectiva máis alá de programas, máis alá de leis ineficaces contraproducentes. Aquí queremos feitos que de verdade sexan útiles. E por iso seguiremos reivindicando ante o Goberno e, se se nos conceden, sufragando xulgados específicos de violencia machista nas cinco cidades que aínda non os teñen. Seguirémolo facendo. *(Aplausos.)*

A Galicia dos nosos fillos ten que ser cada vez máis verde e cada vez máis sustentable. A prosperidade non vai ser á custa do noso patrimonio natural, senón ao contrario: ten que apoiarse, e pode facelo, nese patrimonio de moitísimo valor que temos.

A Galicia das vindeiras xeracións ten que ser unha terra próspera, que ten que aproveitar ao máximo o potencial que temos. Temos moito potencial. Tamén temos que saber distribuír a súa riqueza para que impregne todas as capas da nosa sociedade.

A Galicia de hoxe e a de mañá debe ser quen de ofrecer seguridade á súa xente. A xente quere seguridade, de todo tipo, empezando pola seguridade que lle ten que dar unha administración, un Goberno que se dedique a resolverlle os problemas e non perda o tempo discutindo cos demais ou vendendo todo polo prezo dunha investidura. Seguridade é saber, polo tanto, que se a vida nos dá un revés existe unha administración que nos vai axudar. Iso sería o resumo de todo o resto das seguridades.

Seguridade é ter a certeza de que cando nos fagamos maiores teremos ao noso alcance servizos de primeiro nivel que nos ofrecerán a atención necesaria, aquela que merecemos despois de toda unha vida de traballo.

Seguridade é saber que o nivel económico non pode ser un obstáculo insalvable para que quen queira ter fillos os poida ter, veña da contorna que veña, teña as condicións que teña. Teñen que saber todas esas persoas que van estar arroupados, acompañados, amparados e axudados dende o primeiro momento.

E seguridade é poder lanzarse a montar un negocio sabendo que aquí, aquí si vai haber apoios, sobre todo para os primeiros, difíciles e, case sempre, decisivos pasos.

Seguridade tamén é dispoñer duns poderes públicos que teñen que analizar —están obrigados, é o que a xente espera de nós— minuciosamente os proxectos empresariais que queiran asentarse na nosa terra, sendo máis exixentes que ninguén, pero tampouco, en ningún caso, con consignas políticas dicíndolles directamente que se vaian a outros sitios onde si que serán acollidos.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E seguridade é saber que o Goberno de Galicia non se embarcará en aventuras políticas de escaso percorrido, que sacrifican o benestar da xente; é o que menos lles importa, a cambio de sempre o altar da ideoloxía, que todo o impregna, que todo o condiciona e que todo o acaba esmagando.

Seguridade é contar cun pobo unido que apoia aos seus, especialmente aos seus, falen o que falen, pensen o que pensen, e veñan de onde veñan. En Galicia cabe todo o mundo. (*Aplausos.*) E todo o mundo que cabe en Galicia vén precisamente dun mundo no que cada vez se poden dar menos cousas por feitas, se é que no día de hoxe algo se pode dar por feito. Dun mundo no que a realidade parece poder cambiar radicalmente, e moitas veces o fai, e para mal, dun día para outro.

Por iso é moi importante saber que a nosa terra, Galicia, é distinta; que Galicia é segura e, por tanto, dá seguridades. Saber que, mentres as galegas e galegos queiran, esta seguirá sendo, —agora é máis importante que nunca— esa illa de estabilidade que recoñece tanta xente.

Polo tanto, imos traballar para seguir sendo previsibles, imos traballar para seguir sendo fraternais, con todo o mundo e entre nós. Non queremos enfrontamentos artificiosos. Imos traballar para seguir sendo responsables; un goberno responsable é o que a xente quere e o que a xente exixe. Imos traballar para seguir inspirando confianza. ¡Que importante é inspirar confianza na xente que che encarga a xestión dos seus asuntos fundamentais! Imos traballar, en definitiva, para seguir sendo Galicia. Cada día máis Galicia e cada día máis fortes.

Moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas, as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás once e trinta e cinco minutos da mañá e retómase ás catro e cinco minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario Socialista, e para iso ten a palabra o seu portavoz, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor presidente da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías.

Tamén boa tarde, señor delegado do Goberno de España e demais as autoridades que nos acompañan hoxe nesta importantísima sesión.

E digo importantísima porque tomamos este debate como unha cita moi importante, como unha oportunidade para facer unha análise dos desafíos que ten ante si Galicia e apuntar o sendeiro por onde debemos camiñar nos vindeiros anos. E logo de escoitalo, lamento moito, dóeme moito ter que dicirlle, señor presidente, que non está vostede á altura. Veu aquí pronunciar o seu primeiro discurso como presidente nun debate do estado da Autonomía e que xa lle anuncio que pinta moito que vai ser o último.

Sabiamos de antemán que hoxe para vostede só é un día máis no carrusel de anuncios electorais e antes de vir aquí preguntabámonos que tocaría hoxe: se tocaría bono regalo, se tocaría rebaixa de impostos, se tocaría o *perrito piloto*. A verdade é que non o sabiamos, e digo isto do *perrito piloto* desde o respecto, porque veño transido polo San Froilán de Lugo, polo tanto efecto tómbola ao que vostede nos ten acostumados. *(Aplausos.)*

Pero mire, este debate é certamente particular, e é certamente particular pero xa non sabemos se estamos avaliando o traballo dun executivo que leva dous meses, que leva un ano ou se leva catorce anos, señor Rueda; e voume decantar máis ben pola última opción, xa que vostede tamén fixo balance de datos dende o ano 2009. Como fiel escudeiro que foi sempre —o máis fiel escudeiro— do señor Feijóo, pero igual que o fracaso persoal do señor Feijóo, tamén este é o seu, da nefasta xestión que Galicia sufriu baixo os seus gobernos.

E a importancia do labor político, señor presidente, demóstrase especialmente en tempos como os actuais, onde, despois de saír dunha pandemia sen precedentes en cen anos, a guerra voltou de novo a Europa e temos unha crise inflacionaria cuxas consecuencias seguiremos sentindo nos próximos anos. Son certamente tempos de incertezas, tempos de cambio, tempos seguramente de refundación dun modelo económico e social que se mostra caduco. Xusto agora máis que nunca, a xente precisa de gobernantes con ideas claras, que marquen o rumbo e dean confianza á cidadanía. E nestes tempos é vital aprender a gobernar tendo en conta a pluralidade, poñer en valor o diálogo.

E digo isto porque na súa intervención da mañá me chamou poderosamente a atención que vostede asociou normalidade democrática á existencia de maiorías absolutas. Ergo, ¿é anómalo o Goberno do Partido Popular coa extrema dereita en Estremadura? Supoño que si, porque non hai unha maioría absoluta. ¿É anómalo o Goberno de Murcia coa extrema dereita? Supoño que si, porque non hai maioría absoluta. ¿É anómalo o Goberno de Alemaña ou é anómalo o Goberno dos Países Baixos? ¿Foi anómala a fundación desta Autonomía, cun goberno en coalición de Alianza Popular cos Centristas? Non, señor Rueda. Anómalo é pensar o contrario e tamén é un pouquiño rancio. *(Aplausos.)*

Mire, en materia económica a inflación foi a principal preocupación das galegas e dos galegos durante os dous últimos anos, estando por riba do 6 por cento entre os anos 2021 e 2022, aínda que este ano se rebaixou. Pero a alza dos prezos segue supoñendo unha difícil situación a moitas familias e negocios.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E estas cifras macroeconómicas non reflicten a realidade en toda a súa complexidade, xa que o que a cidadanía máis sente é a suba do custo dos alimentos, en máis dun 16 por cento durante o ano 2022.

E agora imos ilustrar moi someramente —porque do contrario tería que facer un monográfico e ocuparía varias tardes— cal foi a resposta e a xestión do Partido Popular. Supoño que todas e todos estaremos de acordo en que nesta conxuntura ben merece que se adopten medidas de acción extraordinarias por parte do Goberno.

Pois ben, en xuño do ano 2022 o señor presidente da Xunta de Galicia decide retirar a Tarxeta Básica, un mecanismo co que se axudaba 55.000 galegas e galegos máis vulnerables para poder encher o cesto da compra ou poder acudir á farmacia; algo menos, en definitiva, de 34 millóns de euros —quedemos con esta cifra— que custaba ás arcas autonómicas esta medida. Apenas tres meses despois de retirar esa medida, tras un merecido descanso estival —do que, por certo, dubido moito que puidesen desfrutar ningún deses 55.000 usuarios da Tarxeta Básica que xa non a tiñan—, o señor Rueda anunciaba nesta cámara que, seguindo as recomendacións de expertos en política fiscal —como o señor Moreno Bonilla, Juanma para os iniciados, ou a señora Díaz Ayuso—, ía bonificar os 7.000 millonarios galegos co 50 por cento no imposto do patrimonio —por certo, un imposto que hai que pagar a partir de acumular bens por un valor superior a 2 millóns de euros—. Dende logo, eu estou pouco preocupado polo alcance desta medida a título particular. 34 millóns de euros que deixou de ingresar a Xunta de Galicia con esta medida, 34 millóns de euros que custaba a Tarxeta Básica. Polo tanto, *mutatis mutandis*, parece razoable dicir que, se non se suprimise ese imposto, podería seguir activándose a Tarxeta Básica sen un custo adicional. *(Aplausos.)*

Pero descúlpeme, señor Rueda, descúlpeme porque estou a ser inxusto, porque vostedes si que lle perdoaron impostos a un colectivo vulnerable ante unha situación de crise durante a pandemia. ¿Sabe a cal? Ás casas de apostas. Fascinante. Ás casas de apostas perdoáronlles impostos, colectivo tamén vulnerable. Aos da Tarxeta Básica quitámosllela e ás casas de apostas tamén lles rebaixamos impostos. *(Aplausos.)* Quita vostede, en definitiva, impostos, quita aos que menos teñen para perdoar cartos para os millonarios; é vostede Robin Hood ao revés, ou sexa, Rueda Alfonso.

En materia de industria seguimos co gran burato negro da súa xestión, da xestión do Partido Popular durante a última década e media; a política industrial ou, ben, máis ben poderiamos falar da falla de política industrial. Non fixeron vostedes absolutamente nada, e iso ten consecuencias. O Consello Económico e Social destacou no seu informe anual —o último— a perda de 40.000 postos industriais na última década; por certo, non lles debeu gustar moito que lles dixera o Consello Económico e Social esa realidade porque lle ensinaron a porta de saída e como se abría a porta ao exconselleiro do Goberno do Partido Popular, expresidente do Consello Económico e Social, logo de que lles puxera, negro sobre branco, cal é a realidade da súa xestión.

Os traballadores de Altri, de Alcoa ou dos estaleiros vigueses e ferroláns téñeno sempre presente nas súas oracións, señor Rueda. Estamos falando de máis emprego que a poboación de Vilagarcía ou Narón. ¿E cal foi a súa medida estrela? Non perdamos o tempo buscándoa, porque non a hai.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero non hai que remontarse tanto atrás. Nestas últimas semanas estamos a ver como hai mobilizacións e protestas de 250 traballadores de Irosa-Samaca, en Valdeorras; os 100 traballadores da madeireira Fiber Technologies —espero telo pronunciado ben tendo en conta a exquisitez idiomática dos deputados do Partido Popular—, antiga planta de Faurecia no Porriño; ou case os cen traballadores que queren botar de Pescanova. Son cidadáns de pleno dereito, que agardan, señor Rueda, que o seu presidente loite para defender os seus postos de traballo.

No berce do capitalismo como son os Estados Unidos, o presidente Biden colle o megáfono e ponse do lado dos manifestantes. En Galicia, o presidente de todas as galegas e os galegos, señor Rueda, escóndese debaixo das saias dos investidores estranxeiros aos que a rede económica do Partido Popular chama para liquidar as empresas que xa non lles interesan. Reflexione e actúe vostede, señor Rueda. Galicia é hoxe un país desmoralizado dende o punto de vista industrial.

En pesca tampouco son vostedes capaces de darnos voz en Europa, de facernos valer alí onde se toman decisións. Señor Rueda, ¿por que non foi vostede a Bruxelas falar co comisario de Pesca sobre o veto á pesca de fondo? ¡Ah!, perdoe, non foi porque non o recibían *(Aplausos.)* —xa me acabo de acordar—, e ese é o problema, ese é o problema. Non ten ningún tipo de presenza nin forza para defender os intereses de Galicia máis alá ou de Pedrafita, do Padornelo ou, se quere, de Ribadeo —depende de por que estrada vaia, por non falar doutras secundarias, que tamén as hai—.

Esa inacción, esa ausencia da presenza exterior debilita Galicia, debilita tamén os intereses do noso sector pesqueiro, ese que con tanta vehemencia aparente defendeu hoxe pola mañá. ¿E que se pode esperar se do que depende da Xunta de Galicia está indo de desastre en desastre, sen deixar un só colectivo sen agraviar?

Todas as rías están afectadas pola súa incompetencia. Na ría de Arousa o marisco estase botando a perder, e con iso o sustento de milleiros de familias, polo baleirado masivo de embalses, caso que tamén ocorre na ría de Noia, onde autorizan vostedes verteduras contaminantes, poñendo en perigo un dos bancos máis produtivos. E, por exemplo, onde sempre houbo unha convivencia pacífica entre bateeiros e percebeiros foron vostedes capaces, grazas á súa modélica xestión, de crear unha auténtica guerra da mexilla, que está poñendo en xaque un sector puxante. *(Aplausos.)*

Miramos un pouco ao horizonte, señor Rueda, miramos ao futuro. O futuro enerxético é verde, Galicia pode e debe ser un referente en produción de enerxías renovables, temos todos os recursos para iso. Os socialistas defendemos un claro modelo eólico con investimento no país, compensación ao territorio e aos propietarios, así como o menor impacto posible sobre o medio ambiente. E ¿que fixo o Partido Popular para impulsar este sector? Imos por partes, ou cronoloxicamente, se quere. Primeiro, paralizar con burocracia decenas de proxectos, logo autorizar a todo trapo 75 parques eólicos e xusto despois de telos autorizados anunciar a creación dunha empresa pública da que seguimos sen noticias. ¡Vaia ocorrencia, señor Rueda! Polo menos, podían ter creado a empresa pública antes de conceder as autorizacións, porque, unha vez concedidas as autorizacións, xa me dirá vostede que beneficio vai obter

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

agora. Por certo, anunciaron esa empresa cando coñeceron a proposta do Partido Socialista de Galicia de crear unha empresa de xestión pública do ámbito enerxético. *(Aplausos.)* E está ben, está ben que nos copien; cando nos copian soen acertar, se a copia é razoablemente boa; se é mala, non, evidentemente.

Mire, os socialistas xa nos reunimos coas asociacións do sector e xa deseñamos un plan eólico sostible que faga crecer a nosa economía, que garanta o futuro da nosa industria, que deixe investimentos no territorio, que compense os propietarios e que preserve os espazos naturais sensibles. Súmese vostede, señor Rueda, a este camiño.

No ámbito do hidróxeno verde —o outro gran combustible do futuro— a Xunta está a velas vir, está a velas vir menos no debate desta mañá; aí si, aí houbo unha referencia. Lembrarán vostedes —lembraremos todos os que estamos neste parlamento— que hai moitos meses había un lamento permanente de que Galicia ía quedar como unha illa enerxética como consecuencia do malvadísimo, maquiavelísimo, terribilísimo Goberno do Estado, porque esa é a súa única estratexia: a afronta. *Se meten conmigo porque soy pequeñito*. Esa é a súa estratexia política, lamentable.

E o certo é que o Goberno de España —fíxese vostede—, na súa clara intención de discriminar comunidades con gobernos do Partido Popular, pechou un acordo para instalar en Galicia e Andalucía plantas de xeración de hidróxeno verde, cun total de 5.000 empregos directos e 80.000 indirectos en fase de construción. ¡Aprenda, señor Rueda!, *(Aplausos.)* ¡aprenda! Iso é xerar emprego e non o que vostedes fan, que é destruílo.

E ante os retos da transición enerxética, ¿que temos no PP? Pois temos o señor Feijóo falando de ditadura activista —ditadura activista— e temos algún preclaro deputado do Partido Popular falando de ecoloxismo radical; ditadura activista e ecoloxismo radical. Soa, de verdade, rancio; rancio tendo en conta todo o que estamos a ver estes días e estes últimos meses batendo permanentemente récords de temperaturas como consecuencia dun cambio climático ao que se fai fronte, entre outras cousas, con medidas como este impulso. Actualícense, señor Rueda, e deixen de seguir arrastrándose polo negacionismo da extrema dereita. *(Aplausos.)*

En turismo —ao que tamén fixo vostede referencia— practicamente o único piar do que se pode falar é do Xacobeo e a chegada de peregrinos; nada da riqueza cultural e natural da nosa Terra, nada que deba ser compartido, que ademais podería ser un foco de creación de oportunidades. Non podemos permitir francamente que Galicia viva unicamente dunha festa, o Xacobeo, e converternos nun país de camareiros.

No ámbito do emprego o escenario é tristísimo. Ante toda a situación que acabo de describir, un pensaría: o Goberno esforzarase para xerar emprego, ¿non? —parece o razoable—; pois non, resulta que entre o ano 2009 e o 2022 deixaron sen executar 1.954 millóns de euros —podemos redondear a 2.000, que polos 6 millóns de euros que faltan tampouco imos andar con tiquismiquis, ¿verdade? —.

En formación de emprego, os máis de 130.000 parados que hai en Galicia agradecerían que se poña a traballar, señor Rueda, dunha vez.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todo isto con evidentes problemas no noso sistema laboral, como a taxa de ocupación xuvenil máis baixa de España ou unha fenda salarial entre homes e mulleres cunha media de 5.000 euros ao ano. Galicia non para de perder poboación e a Xunta de Galicia renuncia ao investimento na xeración de emprego. *(Aplausos.)*

Servizos públicos, un tópico, un elemento común en todos os seus discursos —como non pode ser doutro xeito—, tanto do Goberno como da oposición. Mire, señor Rueda, unha función esencial que teñen os representantes públicos é velar polos máis vulnerables da sociedade. Por desgraza, deixaron bastante claro vostedes que non entran na súa lista de prioridades nin esas persoas nin esas medidas nin esas políticas.

Escoitamos hoxe que a medida estrela será recuperar un bono de coidados de 5.000 euros ao ano; re-cu-pe-rar, re-cu-pe-rar, voullo explicar. Mire, vostedes primeiro reduciron as libranzas de coidadores á mínima expresión, libranzas que superaban —fíxense vostedes— os 5.000 euros ao ano, pero desapareceron. Despois suprimiron as cotizacións bonificadas á Seguridade Social para os coidadores e coidadoras, e, para colmo, atascaron todo o proceso de valoracións, de tal xeito que, cando chegan as axudas, algúns usuarios —mellor dito, as resolucións das axudas, que as axudas xa son outro cantar, a posteriori—, por desgraza, unha parte importante deles xa faleceron. E, polo tanto, o que fai vostede con este anuncio é recuperar unha medida que o Bipartito xa tiña posto en práctica antes do ano 2009 e que vostedes recortaron na dependencia pola austeridade para cadrar as contas. Pero, cando a economía se recuperou —esa recuperación da que tanto se gaban pero que no caso de Galicia é inferior ao resto do Estado, porque seguimos estando desacoplados en cuestión de crecemento—, vostedes non recuperaron as medidas que aniquilaron; iso si, ata que chegou ao Goberno de España Pedro Sánchez e repuxo eses dereitos. *(Aplausos.)*

Non lle escoitamos falar nada disto, señor Rueda. Galicia é a comunidade do Estado con maior déficit de prazas en residencias en toda España. Faltan 14.000 prazas para cumprir a ratio que recomenda a Organización Mundial da Saúde en relación coa porcentaxe de poboación que hai maior de 65 anos. E non o di o Partido Socialista de Galicia, non o di o Bloque Nacionalista Galego e, por suposto, non o vai dicir o Partido Popular de Galicia, porque é unha verdade; o certo é que este dato corresponde a informacións da Rede de directivos de centros de atención a persoas maiores. E, polo tanto, sendo certa esta cifra de 14.000 prazas, non hai nada no seu discurso que faga entender que van iniciar algunha medida que tenda a reducir ese déficit; nin unha soa referencia fixo vostede esta mañá.

Os socialistas propoñémoslle que dea un xiro total á súa política social, que entenda dunha vez que se trata dun investimento e non dun gasto e que dea un xiro. A política social non pode ser caridade, é un dereito e ten que basearse na solidariedade e na xustiza social. *(Aplausos.)* O de que é un dereito polo menos así o entendemos os socialistas; se vostedes non o entenden así, evidentemente, teñen un problema, e o problema, ademais, é máis grave para a sociedade que vostedes gobernan.

No ámbito da sanidade, señor Rueda, o que xa é insultante é que diga que temos unha sanidade pública excelente. Estase a rir de todas as persoas que comproban cada día as deficiencias no sistema. Herdaron no seu momento un sistema de calidade, de referencia no mundo,

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e sostible, pero a vostedes pouco lles importan os dereitos da cidadanía, porque son presos dun neoliberalismo que busca nichos para facer negocio e onde se mercadea ata coa saúde das persoas. Despois dunha década de recortes, de privatizacións encubertas e de precarización nas condicións laborais, temos unha sanidade moito peor que a que encontraron. Somos —e non son datos do Partido Socialista, non me miren con eses ollos de pena, de conmiseración— a terceira comunidade autónoma que menos inviste en atención primaria de toda España, a pesar de ter unha das poboacións máis envellecidas e gran repercusión da súa dispersión territorial. Temos 1.000 profesionais menos que no ano 2009, que deixan sen cobertura moitos centros de saúde, e converteuse en habitual agardar quince días para ver o médico de cabeceira. Miren, a fotografía conxunta do Sergas é desoladora: nenos sen pediatra, mulleres sen atención xinecolóxica, por non falar doutros aspectos, como pode ser a hixiene bucodental ou a dermatoloxía, onde hai que agardar meses por unha cita.

E sairá agora a falar vostede das prazas MIR, argumento repetido, triste, barato e falaz. Mire, o Goberno do Estado, na recta final, co ministro Miñones á fronte, bateu seis anos consecutivos o récord de prazas MIR. *(Murmurios.)* Si, si, seis anos consecutivos. Tamén houbo outro récord —perdón— a década pasada; ese récord —negativo neste caso— débese ao señor Núñez Feijóo, protomodelo de xestión pública; nada do que facía o señor Núñez Feijóo era incorrecto. Pero ¿sabe que pasa? Que o señor Núñez Feijóo deixou sen convocar 180 prazas MIR ao longo deses anos, 180 prazas MIR ás que tiña dereito a Xunta de Galicia, que estaban concedidas e que non convocou na súa estrutura de formación.

¿Sabe que pasa con isto? Isto recórdame a aquilo que se dicía daquel individuo que matou os seus pais e cando o ían xulgar pedía clemencia porque era orfo. E esta é a estratexia do Partido Popular: non convocan as prazas MIR ás que teñen dereito e despois quéixanse porque non teñen suficientes médicos. *(Aplausos.)* Pero ¡imos ver, home! *(Murmurios.)* Si, si, claro, señor Calvo, esta é a realidade. *(Aplausos.) (O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Rueda, non se alporice, que aínda me quedan dous terzos da intervención. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver, é un símil. ¿Que non lle gusta? Pode ser desafortunado ou non. *(Murmurios.)* Pero ben, mire, en todo caso voullo explicar para non ferir a pel tan sensible que teñen cando a vostedes se dirixen determinadas afirmacións. Do que se trata, señor Rueda, é de non utilizar como argumento cargarse algo primeiro e despois queixarse de que non funciona, que iso é o que fixeron vostedes. ¿Gústalle así máis? Pois retiro o do asasino dos pais e o do orfo e o do xuízo. Non se preocupe, ¡home!, que tampouco pasa nada. A cuestión é que, a ver, eu enténdoo; eu entendo que os moleste, que os fastidie confrontar con determinadas realidades cando se lles demostra que son vostedes responsables na súa xestión de ter acabado co sistema público e neste caso deixar sen convocar 180 prazas MIR.

No ámbito da saúde mental, ámbito no que efectivamente deberamos estar especialmente concienciados, o problema da mocidade é cada vez máis grave. Temos a peor saúde mental autopercibida de España. O 40 por cento dos homes e o 50 por cento das mulleres afirman que sufriron algún problema de saúde mental. E a saúde infantoxuvenil está tamén nunha situación límite. Pero aí tamén somos líderes en precariedade. Temos a peor ratio de España

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en canto a profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermería en saúde mental. Veremos en que se concreta na práctica o seu anuncio feito esta mañá de que imos ter non sei cantos centos de psicólogos nos centros de saúde, veremos a ver se se concreta.

En educación, outro dos piares do estado do benestar como é o sistema educativo, temos algunha novidade aparentemente gloriosa e é que van reducir vostedes a ratio —din— en educación primaria dentro de dez anos. Señor conselleiro, ¡noraboa! *(Aplausos.)* Podo garantirlle que ao paso que imos de natalidade non vai ser preciso recorrer a ningún tipo de normativa, porque vai ser a ratio que imos ter nas aulas, porque non imos ter nenos grazas ás magníficas políticas pro-natalidade e de recuperación da poboación que desenvolve o Partido Popular.

Miren, temos un sistema público razoablemente bo, funciona razoablemente ben, pero é razoablemente mellorable ou moi razoablemente mellorable. Miren, din vostedes que sete de cada dez alumnos se benefician do Programa de gratuidade solidaria; o que non din é que, deses sete, dous reciben catro libros. *(Aplausos.)* Iso non convén dicilo, porque imos todos ao montón igual e non lle funcionan así as cousas; as macrocifras, señor conselleiro, é o que teñen.

Miren, o ascensor social está deixando de funcionar, é relativamente fácil de estropear e moi complicado de reparar; leva moitos anos construílo, leva pouco tempo destruílo e leva moitos anos volver poñelo en funcionamento. Tome nota, señor conselleiro, tome nota, señor Rueda, se é que entre risa e risa lle dá tempo de atender ao que estou dicindo. *(Murmurios.)*

En materia de vivenda tamén se trata, evidentemente, dun tema esencial. E tamén resulta ata esperpéntico ter que explicalo, ¿verdade?, porque estamos a vivir nunha crise brutal que é o dereito a unha vivenda digna; unha crise que pode ter efectivamente moitas causas, pero a resposta non pode ser cruzarse de brazos. Temos que actuar e non é actuar facer de comentaristas e non facer nada.

En Galicia hai 15.000 solicitantes de vivenda pública, temos 330.000 vivendas baleiras e a Xunta logrou incorporar ao mercado 4. Se alguén divide 4 entre 330.000, seguramente unha calculadora normal dá erro, porque a porcentaxe é tan pequena que non ten cifras significativas. *(Aplausos.)* E ese é o seu balance, señor Rueda, récord absoluto de todos os tempos.

No ano 2022 deixaron sen executar 120 millóns e medio de euros do Fondo para a Vivenda e executaron 4 e medio de 52 millóns de euros do Programa de acceso á vivenda, outro récord máis do Goberno do señor Rueda. Mire, só nos dous últimos anos do Goberno do señor Pérez Touriño foron construídas en Galicia máis vivendas de promoción pública —7.241— que nos catorce anos do señor Núñez Feijóo máis Alfonso Rueda —6.313—.

E, ademais, o Bono alugueiro, o Bono alugueiro mozo do Goberno de España —cuxa xestión teñen vostedes encomendada—, suma un gran número de queixas por atrasos nos pagos. ¿Como é posible que o Goberno metaeficiente do Partido Popular xere atrasos nos pagos?

Pero miren, o colmo da desfachatez é ter que escoitar unha vicepresidenta súa dicir que se nega a aplicar a nova Lei de vivenda *(Murmurios.)* porque resulta que está recorrida ante o

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tribunal Constitucional, que se nega a tramitar a petición dun concello como o Concello da Coruña para que se declare zona tensionada polos altos prezos que ten o alugueiro e que se escude como argumento en que esa lei está recorrida ante o Tribunal Constitucional.

Señor conselleiro de Educación, entendo que me mire con esa cara, porque, se vostede aplicara ese mesmo argumento de que como está recorrida non a imos aplicar, no día de hoxe seguiriamos coa lei anterior.

Hai diferenzas, efectivamente, á hora de gobernar, claro que as hai, e vostede entende coma min que iso non é un argumento para non aplicar unha lei. Porque mire, pregúntolle: se esperamos a que se resolva o recurso ante o Tribunal Constitucional, podemos esperar por exemplo trece anos que tardou en resolver o recurso do PP contra o dereito ao aborto, sete anos que se demorou o recurso tamén do Partido Popular contra o matrimonio igualitario. E, entre tanto ¿que imos facer? ¿Esperar sete, oito ou dez anos sen aplicar a lei mentres os prezos da vivenda continúan con esa escalada? Xa lle vou dicir que non, non imos agardar iso, porque non van estar vostedes ese tempo no Goberno, pode estar ben seguro. *(Aplausos.)*

Mire, todo isto que acabo de relatar vén acompañado dunha situación de débeda francamente fascinante. Todos sabemos que todos estes recortes aos que fixen referencia, todos estes sacrificios aos que se someteu a clase media e a clase traballadora deste país foron, en realidade, un austericidio, que tiñan un único obxectivo: evitar o endebedamento. Pero, no caso de Galicia, aplicaron os recortes, a peor parte dos recortes, e resulta que conseguiron duplicar a débeda da Xunta de Galicia. Temos os datos de débeda máis altos da nosa historia: 12.333 millóns de euros, ou, como diría o señor Núñez Feijóo, experto economista e mellor adxectivador, un pufo, un pufo de 4.565 euros por cada galego e galega; como diría outro distinguido economista do Partido Popular, o señor alcalde de Madrid, Martínez Almeida: seremos fascistas pero sabemos gobernar. Ben, eu do primeiro non vou dicir nada, do segundo queda claro que non é certo: non saben vostedes gobernar, ou polo menos non saben gobernar con acerto, que vén sendo o mesmo.

No ámbito da igualdade, un aspecto que cada vez cobra máis relevancia na sociedade, non lle tocou nin a pedrea na súa intervención, señor Rueda; é que non fixo referencia —non sei se dúas liñas ou tres— a un ámbito tan absolutamente crucial, porque é importante que a perspectiva de xénero estea presente en cada unha das decisións que se toman dende o público; pero non chega con dicilo, señor Rueda, hai que practicalo.

Temos que lamentar profundamente que este sexa un aspecto totalmente secundario para vostedes. Non existe unha política de igualdade por parte do seu Goberno, non hai unha axenda a seguir, non teñen iniciativa, porque realmente creo que non cren nela. E para unha vez que fan algo convértense tristemente en noticia en toda España, por unha campaña, vergoñenta, que nos leva moitos anos atrás e revitimiza as mulleres, fomenta o medo entre elas e mesmo responsabiliza das accións dos seus agresores as mulleres; ese foi o gran *hit* de igualdade deste goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, é tristísimo, é tristísimo, pero hai que recordalo; hai que recordalo porque foi así. A primeira gran decisión do señor Núñez Feijóo como presidente do Partido Popular en España

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

foi mandar os seus deputados votar en contra de prohibir o acoso ás mulleres que acudían a interromper o seu embarazo. *(Aplausos.)* Esa é a primeira grande e a única contribución do señor Núñez Feijóo á igualdade.

Que, ademais —e non lles vai gustar, pero esa tamén é unha realidade, que tampouco vou alterar en canto ás palabras que vou pronunciar—, son vostedes responsables de ser o partido político que meteu por primeira vez en corenta e cinco anos de democracia un partido de extrema dereita nos gobernos, un partido que vai abertamente en contra dos dereitos das mulleres e considera que a loita pola igualdade é algo a exterminar. E esas, gústelles ou non lles guste, son cousas que van quedar na historia, son parte da súa historia para sempre, para sempre. *(Aplausos.)*

Mire, o Partido Socialista quere unha Galicia distinta, quere unha Galicia rural forte e igual que o urbano. Porque Galicia é un país moi rico e diverso, pero existe unha gran parte do mesmo que vive noutra realidade. A Galicia rural sofre diariamente as carencias en servizos públicos, porque a cohesión do territorio é esencial, e para iso as zonas máis dispersas deben contar cun transporte público axeitado —un transporte público axeitado, ¡incrible!—, unhas infraestruturas en condicións, unha atención médica de proximidade, escolas para a atención educativa, un investimento para desenvolver tamén actividade económica e acompasada aos novos tempos, ofrecendo, por exemplo, algo tan elemental como unha conexión de banda ancha que permita o teletraballo e á xente nova iniciar o seu proxecto de vida nel. Por poñerlles un exemplo: seguro que neste hemiciclo hai algunha deputada ou algún deputado que sería incapaz de seguir esta sesión en *streaming* dende a súa casa por falla dunha conexión adecuada á internet.

E no ámbito rural vemos especialmente como as persoas maiores teñen máis complicada a inmersión no campo dixital e non teñen dereito, por exemplo, a unha atención financeira básica.

O sector primario está abandonado á súa sorte. Pequenos e medianos produtores son obrigados a competir e negociar directamente con grandes multinacionais que os espremen, que soben neles follas de cálculo, que os deixan case sen beneficios e vivindo unicamente, no mellor dos casos e se teñen dereito a elas, das axudas europeas. Cada vez é menos rendible ter calquera tipo de explotación gandeira ou agrícola. Esmorece unha forma de entender a vida para moitas galegas e galegos. Esmorece un aspecto identitario de Galicia que é a Galicia rural. E a súa medida estrela, esa da fiscalidade cero no rural, que venderon a bombo e platillo, quedou en puro fume, porque non é certa, porque resulta que, señor Rueda —sorprendase—, no medio rural tamén pagan impostos.

É necesaria unha nova ordenación do territorio para aproveitar do mellor xeito posible as capacidades que ten o noso medio rural.

E non imos falar, porque non temos tempo suficiente, do exemplo máis duro, que son as vagas de incendios, contra as que me consta que se está intentando loitar, pero que deben ser medidas eficaces que non se acaban de adoptar por parte da Xunta de Galicia. Pasa un ano, pasa outro, non cambia nada e quedamos á mercé dos designios do clima.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén é necesaria nesta Galicia unha limpeza institucional con transparencia. Señor Rueda, non pode permitir vostede de ningún xeito nin un ano máis, nin un ano máis, que haxa, si, chiringuitos, como tanto lles gusta dicir a vostedes, que xestionan 1.300 millóns de euros dos orzamentos da Xunta de Galicia dunha maneira considerablemente opaca. E iso non o di o Partido Socialista de Galicia, iso dío o Consello de Contas ano tras ano; igual tamén por iso lle ensinaron a porta ao señor Hernández.

Permítanme unha referencia á Televisión de Galicia. Non podemos seguir, señor Rueda, cuns medios públicos secuestrados, postos ao servizo do PP. Están denunciando dende hai 281 «venres negros», a folga máis longa dos medios públicos de toda Europa, a presión e opresión á que están sometidos os traballadores da Televisión de Galicia por parte de determinadas persoas do Partido Popular.

Eu creo, cando vexo a Televisión de Galicia e analizo o que din, como o din, como o presentan, despois de por exemplo asistir a unha sesión neste parlamento, que deberían cambiar o logotipo. Seguramente, as persoas de máis idade, coma min, deste hemiciclo recordarán esa —digamos— cadea musical que tiña como logotipo un can pegado a un fonógrafo; recordarán como se chamaba esa compañía: A voz do seu amo. E ese seguramente é o logotipo que tiña que ter a Televisión de Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, son vostedes un goberno sen iniciativa. Galicia non pode seguir agardando a que o Goberno se decida a actuar. Están faltos de ideas. Non teñen o máis mínimo proxecto para o noso país. Pasa por diante de nós oportunidade tras oportunidade. Vemos como outras comunidades autónomas progresan, vemos como informes independentes de economistas nos din que cada vez máis Galicia está desacoplada do resto de España. *(Murmurios.)* Si, si, xa lle mandarei encadrado un resumo onde pon que estamos desacoplados no crecemento do resto do Estado. ¿Non lle gusta? Se eu fora o presidente da Xunta de Galicia, tampouco me gustaría; tampouco me gustaría que mo dixeran, pero entenderá, en boa lide, que é a miña obriga recordarllo, por se acaso non está vostede ao tanto.

En catorce anos ningunha competencia reclamada. E esa foi a grande aposta dende as bancadas do Partido Popular. Iso si, logo láianse cando Cataluña consegue as competencias de Tráfico ou pídenas cando Andalucía consegue as de costas; aí si que se acordan vostedes dos ámbitos autonómicos.

Señor Rueda, ese día en que vostede se daba a coñecer invitando a cañas —como diría a canción— tamén é para facelo mirar. Son vostedes a versión galega da novela de Blasco Ibáñez *Cañas y barro*. *Cañas* xa sabemos por que, barro porque é no que converten vostedes a maior parte das veces a política. *(Aplausos.)*

Súmense vostedes aos avances, señor Rueda; súmese ao aumento do salario mínimo, como fixo o seu líder; súmese á reforma laboral, como fixo —creo que erroneamente— o deputado Casero, e non se deixe guiar polo resto do Partido Popular; súmese a unha Lei de memoria democrática, ao récord histórico en recursos para bolsas de estudo, á primeira Lei de eutanasia. Súmese á reforma das pensións, para subilas acorde co IPC. Se ata o señor Núñez Feijóo pegou un volantazo e di agora que iso está ben. Iso si, á hora de votar, o Partido Popular

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pulsou o «non», como por certo tamén fixo o Bloque Nacionalista Galego; votaron en contra do incremento das pensións do 8,5 por cento, que beneficia 770.000 galegas e galegos. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, non lle digo que se sume á aprobación dos orzamentos xerais do Estado, porque xa sabemos que non o van facer. É que nin sequera votaron os orzamentos que reflectían a maior rebaixa da historia aplicada ás peaxes da AP-9, *(Aplausos.)* nin vostedes nin vostedes. *(O señor Álvarez Martínez sinala os dous lados da bancada.)* Imos darlle a oportunidade, coas propostas de resolución que imos presentar, señor Rueda, de corrixir esta situación.

Mire, señor Rueda, nós temos propostas de verdade para revitalizar o país. Onde vostedes recortaron na sanidade pública, creando listas de agarda en atención primaria, por primeira vez na historia o Partido Socialista de Galicia recuperará a masa de persoal sanitario perdido durante estes anos, para garantir o dereito á atención dos galegos e galegas; ademais, co Partido Socialista de Galicia non haberá un só neno sen pediatra.

Onde vostedes pecharon un de cada dez colexios públicos e vulneraron o principio de educación pública, universal, gratuíta e de calidade, nosoutros daremos a garantía aos pais e nais de que os seus fillos terá unha escola preto, cun transporte escolar axeitado, transporte escolar axeitado, transporte escolar a-xei-ta-do, ¡eh!, sen ter que gastar ademais entre 400 e 600 euros cada inicio de curso en libros.

Ante a destrución da igualdade fiscal e os regalos aos millonarios, os socialistas recuperaremos a xustiza social e o principio de progresividade: que pague máis quen máis ten. É que é de sentido común, é de sentido común.

Recuperaremos a Tarxeta Básica para as persoas máis vulnerables de forma inmediata, porque a súa retirada foi unha indignidade.

Onde vostedes venderon a mans privadas o sistema de residencias, deixando unha parte en mans de grupos confesionais, nosoutros garantiremos o acceso a unha praza de residencia con garantía de supervisión pública a quen así o demande. Non imos construír residencias con fondos públicos ou de doazóns como as de Amancio Ortega, a Fundación Amancio Ortega, para entregalas logo a mans privadas.

Promoveremos tamén un servizo de axuda no fogar axeitado e financiado, e ben financiado. E falo especialmente, como entenderán, para os concellos e para as persoas usuarias, que son as que sofren a falta de compromiso no financiamento por parte da Xunta de Galicia.

Ante o total desprezo por parte da Xunta de Galicia ás vítimas da represión franquista, impulsaremos as medidas da Lei de memoria democrática en Galicia para pechar feridas. Si, pechar feridas. Son moi importantes os procesos de sanación. Igual me están a entender correctamente. Non falo só das feridas franquistas; os procesos de sanación social son moi importantes e, polo tanto, imos recuperar ese dereito.

O que fixeron cos medios públicos galegos é unha mostra do seu nulo compromiso coa democracia e a pluralidade. Recuperaremos unha corporación de radio e televisión de Galicia

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que ofreza un servizo público que responda á prioridade da sociedade galega e que aposte pola calidade e a promoción da nosa lingua propia. Hai que acabar con esa práctica máis propia de épocas franquistas e macarthistas en Estados Unidos, con esa caza de bruxas en San Marcos, e confiar no bo facer dos profesionais do periodismo, que os temos e que teñen ese bo facer.

Despois dunha década e media onde o Goberno galego sempre lle rendeu pleitesía ao capital estranxeiro, ás veces de costas aos traballadores, defenderemos as persoas de a pé na súa humilde loita por ter un posto de traballo, por darlle sustento á súa familia e polo progresar na vida. Non imos deixar de lado nin os traballadores de Alcoa, nin os de Endesa das Pontes, nin os de Pescanova, nin os das pizarrías de Valdeorras, nin os do Porriño. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tranquilos, estou rematando. Non se tensionen, non se tensionen. ¿Non ven que non os van declarar tensionados?

Ante o desleixo manifesto en materia de política industrial, procuraremos que as fábricas abran as súas portas e non colguen os carteis de peche. Faremos que Galicia teña unha política industrial punteira e que mire cara ao seu futuro. Temos moita capacidade que está sen desenvolver por culpa da súa desidia. Mentres vostedes expulsaron o talento de Galicia, regalándolles unha maleta, nós promoveremos un plan de innovación que aporte máis recursos ás carreiras de investigación, que axilice a transferencia do coñecemento científico á empresa e que permita que Galicia acade no medio prazo o gasto en I+D+I dos países de Centro Europa como Bélxica, Alemaña, Austria ou Dinamarca, que superan o tres por cento dos seus PIB.

E, tras catorce anos dun goberno pegado ao que se decide dende Génova 13, defenderemos os intereses de Galicia por riba de todo; ao igual que facemos agora e sempre fixemos, goberne quen goberne en Madrid. O dereito a empregar a nosa lingua; tamén no Congreso, señor Rueda. ¿Por que non? E avanzaremos por esa senda sen abrir disputas baleiras que quedan moi ben como slogan, pero que non son decisións firmes que impacten de maneira positiva na vida das galegas e dos galegos. E sábeno.

Son tempos cruciais, señor Rueda, son tempos cruciais. Das decisións que se tome nesta Cámara dependen as vidas de dous millóns setecentos mil galegos e galegas. Sexamos capaces de estar á altura das circunstancias. Eu —e sábeno— son un firme defensor da importancia da colaboración política, do diálogo, da capacidade para derrubar as barreiras ideolóxicas e traballar xuntos para construír un país mellor. Como ben dixo Concepción Arenal: «as forzas que se asocian para o ben non se suman, multiplícanse».

Todo o que expuxen, as eivas que ten este país, preocúpanos de verdade. Queremos poñerlle solución canto antes e, por iso, agardo que saiban escoitar e deixen a un lado os cálculos electorais e partidistas. Pídolles que cando lles cheguen as nosas propostas de resolución, crean que están feitas coa mellor vontade de mellorar a vida da xente. Pídolles humildemente, en nome deste grupo, que as valoren do mellor modo posible e que voten a favor ou que, cando menos, intenten unha transacción.

Señor Rueda —remato—, o balance que temos neste momento do seu goberno é extraordinariamente mellorable. O Partido Socialista de Galicia estará aquí, incluso recibindo un día

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tras outro e sistematicamente as súas descualificacións non só políticas, senón moitas veces persoais. Estaremos para axudarlle na construción dunha Galicia mellor.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente do Parlamento, señor Rueda, convidados e convidadas, profesionais da comunicación, galegos e galegas que nos escoitan a través dos medios públicos ou das redes sociais.

Señorías, este non é un debate do estado da nación máis. Creo que todos e todas somos conscientes de que non estamos ante un debate máis. Este debate é o punto final dun goberno falido. É o epílogo dun Partido Popular que representa o pasado fronte ao Bloque Nacionalista Galego que representa o futuro, ao lado desa maioría social que quere cambio. (*Aplausos*.) Estamos ante un debate entre dous modelos: o do Partido Popular, que nos deixa unha Galiza máis pequena, e o do BNG, que quere construír unha Galiza en grande. Estamos entre un cara a cara entre a submisión e a subordinación a Madrid do Partido Popular e a ambición e confianza no país que representa o BNG.

Señorías, o cambio é imparable. É imparable, porque é o cambio que reclaman os mozos e mozas ante a falta de oportunidades; o cambio que defenden os milleiros de persoas que se manifestan pola sanidade pública; o cambio que demanda a xente do rural cando se levanta contra a rapina das eléctricas e contra o abandono dos gobernos; o cambio que empuxan os científicos e as investigadoras, fartas de precariedade e ninguneo; o cambio polo que saímos ás rúas o 8M para dicir que nos queremos libres e iguais; o cambio que clama por un novo modelo económico sustentable para as persoas e para o planeta; o cambio que queren todas as persoas que levan Galiza na cabeza e no corazón e reclaman menos centralismo e máis Galiza. En definitiva, o cambio para gañar un país mellor. (*Aplausos*.)

E, para gañar ese país mellor, hoxe quero falar de futuro. Quero explicar o proxecto de goberno que o BNG ten para Galiza, un proxecto asentado en tres firmes piares: confianza, orgullo e respecto. Confianza de país, para construír unha Galiza sen límites e poñernos na vangarda das nacións do mundo. Respecto, porque Galiza merece ser respectada. Non permitiremos que a discriminación nos deixe atrás. Non somos máis que ninguén, pero tampouco menos. Galiza necesita un Goberno que confíe no seu potencial. Por iso, o terceiro piar deste programa é o respecto, porque Galiza merece ser respectada. E eu, señorías, quero un goberno que faga respectar esta terra e a súa xente.

Quero falar de futuro, señorías. Pero, se queremos acertar nese futuro, debemos coñecer os erros do pasado. É preciso facer balance destes catorce anos, porque «Galiza avanza» é un slogan do Partido Popular. O que estamos vendo é que na realidade Galiza retrocede; Galiza

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

perde co Partido Popular. A Galiza que deixa o Partido Popular perde en poboación. Proclamaron que tiñan a solución, pero é que catorce anos despois temos unha maior crise demográfica. ¿¡Como non tela, cun goberno que é unha trituradora das esperanzas da mocidade!? Douscentos mil mozos e mozas colleron as maletas buscando fóra o seu futuro. A emigración impide mil cincocentos nacementos cada ano. E isto, señor Rueda, non llo di o BNG; dillo o Foro Económico de Galiza. Perdemos poboación e temos o segundo índice de envellecemento máis alto do Estado, porque as súas políticas expulsan a mocidade e impiden o relevo xeracional.

Todo isto ten o seu reflexo no mercado laboral. Galiza ten menos poboación activa e menos poboación ocupada. E presumen de que baixou o paro, pero é que agochan cal é a causa, a emigración de miles de persoas deste país. (*Aplausos.*) A dura realidade é que hai 51.700 persoas menos traballando que en 2009. Este goberno leva catorce anos sendo unha máquina de triturar emprego.

O Partido Popular deixa unha Galiza peor en servizos públicos. Temos menos sanidade pública. Recortaron 2.339 millóns de euros e hoxe somos a segunda comunidade que menos inviste en atención primaria. Só o fai peor Madrid. A consecuencia é que, por primeira vez na historia, neste país hai persoas enfermas angustiadas nas súas casas porque hai lista de espera para ir ao médico de cabeceira. Porque vostedes converteron en normal as listas de espera en Primaria. Hai nais e pais preocupados porque teñen os seus fillos e fillas sen pediatra asignado. ¡Once mil nenos e nenas sen pediatra asignado! Vivimos o disparate de ter PAC sen médicos e son habituais os colapsos nas urxencias. Teñen o persoal sanitario esgotado e maltratado. Pero a súa resposta, señor Rueda, non é buscar solucións; vostedes o que buscan son culpables. É curioso, acordoulles que faltaban prazas MIR creo que xusto cando Rajoy marchou pola porta de atrás da Moncloa. (*Aplausos.*)

Botan balóns fóra dicindo que faltan médicos, mentres son incapaces de cubrir as prazas MIR. Trinta e nove vacantes na última convocatoria. Tome nota, señor Rueda. E dos que elixen a especialidade de familia, moitos renuncian a traballar en Primaria. Fíxense: na área sanitaria de Santiago, de once renunciaron nove; na de Vigo, de dezasete renunciaron dez. ¡Creo que, máis que faltar médicos, a realidade é que foxen de catorce anos de recortes e precariedade! (*Aplausos.*) A Galiza que nos deixa o Partido Popular ten duascentas quince mil persoas agardando por unha primeira consulta hospitalaria, corenta e seis mil por unha intervención cirúrxica e duascentas cincuenta mil por unha proba diagnóstica.

Con relación á saúde mental a situación é dramática. E vostede hoxe veu aquí repetir o mesmo anuncio que xa fixeran en campaña electoral. Exactamente o mesmo anuncio. Mentres, hai oito mil persoas agardando por unha primeira consulta psiquiátrica. Póñanse por un momento na pel desas persoas, moitas delas adolescentes, mozos e mozas. O sufrimento que teñen esas persoas. Claro, quen pode vai á privada; pero que non pode o único recurso que vai ter son ansiolíticos ou antidepresivos. ¡E non é decente unha sociedade na que a saúde depende da túa conta bancaria! (*Aplausos.*)

Galiza encabeza o *ranking* de suicidios, pero seguimos á cola en número de profesionais e en atención á saúde mental. ¿Saben cantos suicidios se produciron en Galicia nos últimos doce

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anos? Non o saben. Catro mil cincocentos suicidios. Catro mil cincocentos suicidios en doce anos. ¡É unha traxedia! E, mentres iso pasa, aquí o que temos é un goberno do Partido Popular que leva catorce anos sendo unha trituradora da sanidade pública para beneficiar a privada.

A Galiza que nos deixa o Partido Popular tamén perde en educación pública. Estreáronse suprimindo a gratuidade dos libros de texto. Pecharon cento cincuenta e nove centros educativos, sobre todo no rural. Recortaron as bolsas; dedican a metade que en 2009. Mentres pechan na pública, a privada florece. Porque o que vemos é un récord de unidades subvencionadas, case catro mil. O investimento na privada aumenta e acumula 2.496 millóns de euros na última década. E, fíxense, aquí son moi previsores. De feito, teñen xa reservados mil novecentos millóns de euros para o ensino privado até o curso 2028-2029. ¡Ogallá fosen tan previsores á hora de garantir que todos os nenos de cero a tres anos terán praza na pública! ¡Ogallá! *(Aplausos.)* Fronte a un Goberno que debería investir no futuro da sociedade a través da educación, aquí temos un Goberno do PP que leva catorce anos sendo unha trituradora do ensino público.

O Partido Popular tamén nos deixa unha Galiza peor en benestar social. A pobreza mantense por riba do vinte por cento da poboación. Segundo a taxa AROPE, 635.000 persoas están en situación de risco de pobreza. Temos as segundas pensións máis baixas do Estado e a porcentaxe de pensionistas en risco de pobreza extrema máis alta do Estado. ¡Insisto, a máis alta do Estado! Isto significa que un de cada cinco galegos e galegas maiores vive con menos de catrocentos oitenta euros ao mes. Señor Rueda, intente vivir con catrocentos oitenta euros ao mes. Póñase na pel de quen non ten nin para o máis básico. Estou segura de que se o fixese non tería tanta présa, desde logo, e quitaríanselle as ganas de facerlle agasallos fiscais aos máis ricos de trinta e catro millóns de euros mentres mantivo conxeladas as pensións máis baixas durante doce anos. Estou segura de que lle cambiaría a perspectiva. *(Aplausos.)*

E hoxe presumiu dos datos de dependencia, cando en realidade estamos á cola. O gasto por dependente é mil seiscentos euros menos que hai catorce anos. Galiza é a comunidade autónoma con menos solicitudes de dependencia de todo o Estado. ¿Non lles parece sorprendente cando temos unha das taxas de envellecemento máis altas? E xa o remate: temos menos solicitudes, pero tardan moito máis en resolvelas: trescentos setenta días ¿É posible facelo peor, señor Rueda? ¿Cre que é posible facelo peor? Pois ben, nós o que vemos é que o Partido Popular non recoñece os problemas e tampouco busca as solucións adecuadas. Porque o que vemos é que o Goberno do Partido Popular o que el non quere, quere cargalo sobre as costas das mulleres. Porque, en vez de garantir un sistema público de coidados do fogar, quere que sexan quen asuman esa responsabilidade as mulleres, que son as que maioritariamente asumen os coidados. E quere facelo polo módico prezo de catrocentos dezaseis euros ao mes. Ese é o seu grande anuncio. ¡Así é como entende o Partido Popular a igualdade! *(Aplausos.)*

Súmenlle a isto un sistema que fai negocio da vellez e que o Partido Popular mantén intacto pese ao drama vivido na pandemia. Un modelo con enormes deficiencias pero que, en lugar de resolvelas, o que fai o señor Rueda é mandar perseguir os inspectores e inspectoras que as denuncian. ¡Un auténtico escándalo! *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero hai un ámbito onde marcaron un récord e é na débeda pública. Nunca tanta débeda tivo Galiza: 14.156 millóns de euros; 5.243 euros por habitante. Eu, a verdade, pregúntome —e creo que é algo que se preguntan todos os galegos e galegas—: ¿en que gastaron eses cartos? Porque non fixeron máis que recortar. ¡É que son unha trituradora do estado de benestar! Este, señorías, é o balance da Galiza social.

Permítanme agora que falemos da Galiza económica. ¿Estamos mellor ou peor? ¿Están os nosos sectores produtivos producindo máis riqueza e emprego? ¿Estanse abordando as grandes transformacións deste tempo? A triste realidade, señorías, é que non. Porque o Partido Popular déixanos unha Galiza peor nos sectores produtivos: 4.127 empresas menos, unha caída do índice de produción industrial de trece puntos. Pero, tranquilidade, o señor Rueda ten un plan. Anuncióunolo esta mañá. O seu plan consiste en empequenecer os proxectos estratéxicos. Cando crearon esta figura en 2011 era para proxectos que creasen douscentos cincuenta postos de traballo; hoxe xa nos dixo que é para vinte e cinco. Esta é a ambición coa que goberna o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Pero é que ademais cada vez temos menos explotacións agrarias e menos superficie cultivada. A pesca perdeu peso no PIB e a conserva e o sector da transformación do peixe soportan un intenso proceso de desgaleguización. Como guinda da torta o Partido Popular apoia a ocupación de dous mil douscentos quilómetros cadrados de costa para encher de eólicos os nosos caladoiros. Sería un golpe mortal para o sector. E non llo digo eu; dillo a xente do mar. Con este goberno perdemos 28.300 empregos na industria, 22.900 no agro e na pesca e 22.500 autónomos. O Goberno do PP leva catorce anos sendo unha trituradora dos nosos sectores produtivos e, por riba, deixan unha Galiza á cola en ciencia e innovación.

Señorías, ¿como queremos competir no mundo? ¿Con salarios baixos ou con ciencia e innovación? Nós, no BNG, témolo claro. Pero, á vista dos datos, o Partido Popular tamén, xa que o investimento en ciencia está por debaixo da media estatal, é a metade da media europea e está a anos luz de países como poden ser Suecia, Alemaña ou Bélxica. Non só invisten menos, ¡é que nin sequera son capaces de executar as partidas! Entre 2020 e 2022 deixaron sen gastar cento cincuenta e catro millóns de euros do Plan galego de investimento, innovación e crecemento. O que pasou neste último ano con este programa é todo un símbolo do desprezo que vostedes teñen pola ciencia. Presupostaron cento noventa e nove millóns de euros, despois recortáronlle cincuenta e oito e a continuación deixaron sen gastar corenta e cinco. En definitiva, os cento noventa e nove millóns de euros iniciais para a ciencia vemos que quedaron reducidos á metade. Mire, se vostedes non poden, non queren ou non saben asegúrolles que no BNG sabemos como facer da ciencia e a innovación un sector potente. *(Aplausos.)* Con estes datos non sorprende que Galiza exporte talento investigador a mans cheas, porque o Partido Popular leva catorce anos triturando o noso ecosistema científico.

O Partido Popular deixa tamén unha Galiza peor, porque non converxe. ¡É que non! En termos de PIB por habitante retrocedemos trece puntos con respecto a Europa e apenas avanzamos sobre a media estatal. Estamos por debaixo en produtividade e en investimento. A taxa de investimento en 2022 foi 6,5 puntos inferior á española e 10 puntos menos que a europea. Esta é unha tendencia moi preocupante que se vén mantendo ao longo da última década e é unha proba evidente de que o seu goberno non xera confianza entre o empresa-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

riado, nin no de dentro nin no de fóra. Si, ¡é que non son capaces nin tampouco de atraer investimento estranxeiro! ¿Quere escoitar os datos, señor Rueda? Voullos dar a continuación. Fíxese, o ano pasado o Estado captou trinta e catro mil millóns de euros de investimento foráneo. Señor Rueda, ¿canto quedou en Galiza? ¿Sabe a cifra? O 0,5 por cento. ¿Sabe canto significa isto? Cento setenta e dous millóns de trinta e catro mil millóns. Creo que é imposible facelo peor, señor Rueda. *(Aplausos.)* O que si temos é unha fuga do noso aforro para financiar investimentos fóra, en lugar de crear emprego e apoiar as empresas de aquí. ¿Saben que é isto? ¿Saben do que é cómplice o Goberno galego? ¡O espolio do aforro do noso país!

O Partido Popular tamén nos deixa unha Galiza peor en autogoberno. Chegaron á Xunta proclamando —creo que, ademais, é unha cita literal súa— que «iamos entrar na maior fase de autogoberno de Galiza». E citaban as transferencias prioritarias do ano 2009 para reclamar. Adiviñen cal era unha delas... ¡A AP-9! É que é case como un chiste. Catorce anos despois: cero novas competencias. ¡Cero! Quedar parados neste asunto é retroceder mentres outros avanzan. Porque outros si que conseguen: Cataluña, once; Andalucía, catorce; Euskadi, vinte e seis; Galiza, cero. E, ademais, acaban de votar en contra dunha proposta do BNG para reclamar trinta e cinco novas competencias para Galiza. Son como o can do hortelano; nin fan nin deixan facer. *(Aplausos.)* Máis autogoberno son ferramentas para mellorar a vida da xente. Pero son un Goberno fanático do centralismo que leva catorce anos sendo unha trituradora do noso autogoberno.

O PP tamén nos deixa unha Galiza peor no financeiro. A liquidación das caixas ten un responsable claro, o Partido Popular. Despois veu o peche masivo de oficinas e, onde antes había oficinas e traballadores, agora ¿saben que temos? Temos caixeiros que se pagan con cartos públicos. Que curioso, co PP a banca sempre gaña. ¡Que curioso! *(Aplausos.)* Tampouco moveron un dedo para acabar coa discriminación de Galiza no ámbito financeiro. Bueno, en realidade si que moveron un dedo ¡para votar en contra das propostas do BNG que reclaman que teñamos a chave dos nosos cartos! E seguen á contra; sen propostas pero, iso si, criticando o que fan outros. Non son capaces de defender un financiamento xusto para Galiza. Son incapaces de facelo, porque temos un Goberno do PP que leva catorce anos de servilismo e de submisión a Madrid, poñendo os intereses partidistas por diante de Galiza. *(Aplausos.)*

O PP tamén nos deixa unha Galiza peor en calidade democrática. Converteron os medios públicos nun aparato de propaganda do Partido Popular. Cinco anos de venres negros, a protesta contra a manipulación informativa máis longa de todo o Estado. E mentres acumulan, ademais, condenas por vulneración de dereitos laborais e por vulneración da liberdade de expresión. Aplican a súa prepotencia absolutista neste Parlamento, ocultando a información para impedir o noso deber de control. E hoxe o Goberno do Partido Popular é unha das administracións máis opacas que existen. E necesitan esa opacidade. Necesítana para pregarse aos intereses dos *lobbys* económicos. De feito, o Goberno galego é unha xestoría que traballa para as eléctricas. *(Aplausos.)*

O Partido Popular deixa unha Galiza peor en medio ambiente e territorio. Estamos en plena emerxencia climática, pero non sumaron nin un só metro cadrado á Rede Natura, estancada no doce por cento fronte ao vinte e sete por cento do Estado. E a explicación é moi sinxela: queren un territorio desprotexido para darlles barra libre ás eléctricas, que son as que man-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dan na Xunta, evidentemente. *(Aplausos.)* Estamos á cola en reciclaxe, teñen o rural a monte, abandonado e pasto dos lumes. Medio ambiente, entre as consellerías que menos se executan, unha mostra do seu pasotismo. Miren, mentres a emerxencia climática é un problema mundial, en Galiza temos un goberno do Partido Popular que leva catorce anos sendo unha trituradora do territorio e da biodiversidade.

E, para rematar este balanzo da Galiza máis pequena que nos deixa o Partido Popular, quero falar de cultura e lingua. Porque se aínda somos galegos e galegas é por obra e graza do idioma, pero o galego só recibiu deste goberno ataques e desprezo. Empezando por vostede, señor Rueda, colocado en primeira fila naquela indigna manifestación en contra do galego. Pero aínda teriamos que ver máis; aínda teriamos o esperpento de ver o presidente da Xunta —accidental, pero presidente— votar nesta Cámara en contra do uso do galego no Congreso. Unha vergoña que o perseguirá sempre e que demostra ata que punto está no lado equivocado da historia. *(Aplausos.)* Co decreto da vergoña converteron o galego nun idioma de segunda no ensino. A única lingua do Estado que perde falantes. Co Partido Popular só avanza o monolingüismo en castelán. O galego forma parte da nosa identidade como pobo, da nosa maneira de sentir e de estar no mundo. Pero temos un Goberno do Partido Popular que leva catorce anos sendo unha trituradora do noso idioma.

Até aquí o balance destes catorce anos triturando o presente e o futuro dun país. E pregúntolle: ¿que legado deixa? Tiveron tempo, catorce anos de maiorías absolutas. Tiveron recursos, unha importante cantidade de recursos: 166.814 millóns de euros. Tiveron a oportunidade de transformar este país e subir Galiza ao tren do século XXI, pero deixan unha Galiza máis débil. Tiveron a oportunidade de mellorar a vida das persoas, pero non o fixeron. Tiveron a oportunidade de facer avanzar o autogoberno e a calidade democrática, pero non o fixeron. Ao contrario, déixannos unha Galiza peor, demostrando que non están á altura deste país; demostrando o estrepitoso fracaso das súas políticas e que nada teñen que ofrecer. ¿Saben? Quen é parte do problema non pode ser parte da solución.

Por iso, agora toca falar de futuro. E o BNG mira ese futuro con esperanza, con confianza en Galiza e con ilusión, porque son moitos os retos que temos por diante. Para afrontalos, señorías, a mellor ferramenta que temos é a política. Quero reivindicar a política. Pero a política con maiúsculas; a que está para servir as maiorías e non as minorías, a que en lugar de flexionarse ante os poderosos defende o interese xeral. A política con maiúsculas é a que pon os intereses de Galiza por diante dos intereses partidistas que lles impoñen desde as sedes madrileñas. Para afrontar o futuro fai falta ter confianza no país, en lugar de aboarse ao tópico interesado de que Galiza depende de Madrid, cando é Madrid quen pararía sen a electricidade que producen os nosos ríos e os nosos montes. *(Aplausos.)*

Para afrontar o futuro hai que dialogar, negociar e exercer un liderado de man tendida, lonxe da prepotencia e da soberbia. Para afrontar o futuro Galiza precisa un Goberno que confíe no país, con proxectos estratéxicos e transformadores, que vaia ao fondo dos problemas e permita construír unha Galiza con futuro. Dese futuro quero falar agora. Dos retos que temos por diante e do proxecto de goberno do BNG para afrontalos e poñer en marcha unha nova Galiza forte, orgullosa e próspera, na que vivir e traballar; unha Galiza científica, verde, inclusiva e feminista. Paso a detallar o programa dese goberno de futuro en dez retos estratéxicos.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O primeiro reto estratéxico é o benestar social e a calidade de vida da cidadanía. Galiza merece un Goberno que aporte benestar, capaz de darlles ás persoas tranquilidade ante a enfermidade, ante a vellez, ante calquera adversidade. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero que os galegos e galegas vivan mellor. *(Interrupcións.)* Para iso... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, presidente. Se me deixan, señorías do PP... Grazas.

Para iso é prioritario reforzar os servizos públicos. Empezando pola sanidade: fortalecendo a atención primaria, contratando persoal en todas as categorías, ampliando a carteira de servizos e destinando á primaria o vinte e cinco por cento dos orzamentos do Sergas. Hai que reducir as listas de agarda hospitalaria cun plan de choque en intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas. Sería unha medida que adoptariamos nos cen primeiros días de goberno. Cómpre tomar en serio a planificación da formación MIR, sobre todo nas especialidades deficitarias. O complemento por dedicación exclusiva só se pagará ao persoal sanitario que teña esa exclusividade. Un Goberno do BNG non cometerá a inxustiza de incentivar con cartos públicos que se traballe na sanidade privada. *(Aplausos.)* Para o BNG será unha prioridade implantar un plan de saúde mental ambicioso, con recursos e prazos. Non podemos mirar para outro lado cando o suicidio é a segunda causa de morte entre a mocidade. ¡Non podemos mirar para outro lado! A saúde é o ben máis prezado. Recortar en sanidade é quitarlles ás persoas o que máis valoran. Nunca me verán dese lado, señorías. ¡Sanidade pública sempre! *(Aplausos.)*

Galiza precisa un goberno que entenda a educación como o mellor dos investimentos. Quero ser a presidenta dese goberno, porque sei que a educación pública é a mellor maneira de darnos as mesmas oportunidades de futuro. Para cumprir ese compromiso, nos cen primeiros días de goberno recuperariamos a gratuidade dos libros de texto. Ademais, contrataremos profesores e profesoras até compensar os recortes do Partido Popular, blindaremos a escola rural e reduciremos as ratios en todos os niveis educativos. A educación é o pasaporte ao futuro. Todo o que lle deamos hoxe aos nenos e nenas será o que eles e elas lle dean mañá á sociedade. *(Aplausos.)*

Galiza merece un Goberno que defenda o dereito a unha vellez digna, fronte a quen o quere converter nun negocio. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero garantir o benestar das persoas maiores. Para iso, hai que pasar dun modelo privatizado a un modelo de xestión pública. Sabemos que non se logra en dous días, pero traballaremos nesa dirección. Empezando por unha xestión cen por cento pública de todas as novas residencias. Queremos darlle un xiro de cento oitenta graos ao modelo, porque o obxectivo é que as persoas maiores teñan unha vellez activa e que pasen esa etapa vital nas súas casas. A residencia debe ser o último recurso. Temos a obriga moral de darlles aos nosos avós e avoas, pais e nais, seguridade e coidados; a mellor vellez posible. *(Aplausos.)*

Galiza precisa un Goberno que apoie a quen máis o necesite; que se preocupe polas maiorías sociais e non polos grandes patrimonios. E eu quero ser a presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza solidaria. Por iso, a crise de prezos será unha prioridade con medidas ur-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xentes: recuperar a Tarxeta Básica, aumentar o tramo autonómico das pensións non contributivas, facer compatible a Risga co ingreso mínimo vital e un fondo de rescate hipotecario financiado pola banca. É o mínimo que lle deben á sociedade.

O segundo reto prioritario é transformar a economía para producir máis de maneira sustentable. A mellor receita para gañar a batalla á crise económica e demográfica é crear riqueza e emprego de calidade. Quero ser a presidenta dese país, porque quero unha Galiza produtiva en todos os ámbitos. Empezando por potenciar un tecido industrial de pemes nos sectores estratéxicos, cun instituto galego de crédito e un plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial co obxectivo de levar o peso da industria ata o vinte e cinco por cento do PIB.

Todos, todos os países avanzados teñen un medio rural forte, e nós queremos ser un deles. Entre as liñas estratéxicas: discriminación positiva en materia de servizos; mobilizar cincuenta mil hectáreas de terra agraria; nova política forestal; e facer cumprir a Lei de cadea alimentaria con dous obxectivos: evitar a especulación e garantir rendas dignas a quen fai o traballo duro, os nosos produtores e produtoras.

Miles de empregos dependen da pesca. Un Goberno do BNG vai poñer a nosa xente do mar por riba da rapina das eléctricas. ¡Desde logo, a xente do mar por riba das rapina das eléctricas! *(Aplausos.)* A rexeneración das rías, o apoio ao complexo mar-industria, mellorar a comercialización e a aposta polo relevo xeracional serán chave na nosa acción de goberno, porque queremos seguir sendo unha nación pesqueira.

Non queremos unha Galiza de varias velocidades, senón cohesionada. Por iso, propoñemos un fondo de equilibrio territorial para infraestruturas e servizos porque, señorías, non pode haber galegos de primeira e de segunda. *(Aplausos.)*

O terceiro reto prioritario é colocar Galiza na vangarda científica. Galiza merece un goberno que aposte pola ciencia e pola innovación, porque son o futuro. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza na vangarda da ciencia e do coñecemento. Para logralo, impulsaremos o pacto galego pola ciencia, fixando como obxectivo un investimento equivalente ao 2,5 por cento do PIB, definindo a carreira investigadora e creando o Innogal, cuxa prioridade será captar e reter talento científico. ¡Nunca máis unha ciencia precaria! *(Aplausos.)*

Cuarto reto prioritario: emerxencia climática e modelo enerxético. Galiza merece un goberno que tome en serio o cambio climático; que non confunda a enerxía verde co espolio verde; que coide o territorio, o medio ambiente e a biodiversidade. Quero ser a presidenta dese goberno, porque quero deixarlles ás novas xeracións un país habitable. Elaboraremos unha lei galega contra o cambio climático desde o consenso e a participación, crearemos un fondo de conservación da natureza que defenda a biodiversidade, aplicaremos unha fiscalidade verde e ampliaremos a Rede Natura para protexer como mínimo o vinte por cento do noso territorio.

Unha Galiza en verde non pode desligarse do modelo enerxético. E quero ser moi clara neste punto. Eólica si, pero ao servizo dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Pararemos o boom

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

eólico depredador. *(Aplausos.)* Eólica si, pero cun modelo de participación pública a través dunha empresa cen por cento pública. Un modelo exemplar no ambiental, que respecte o rural e que aporte e reteña riqueza, emprego e beneficio social.

O quinto reto prioritario é o autogoberno político e financeiro. Galiza precisa un Goberno que entenda que máis capacidade de decisión son ferramentas para mellorar a vida das persoas. E eu quero ser a presidenta dese país, porque quero que Galiza aspire a xogar na liga das nacións. *(Interrupcións.)* O primeiro paso para dar un salto adiante é reclamar todas as competencias pendentes do Estatuto que corenta anos despois aínda están sen cumprir. Hoxe está sobre a mesa o debate do modelo territorial e Galiza non pode estar desaparecida. Por iso, defendemos desde o diálogo e o acordo un novo status político de nación onde as decisións máis relevantes estean en mans da cidadanía galega. Apelamos a algo que é de sentido común: decidir nós sobre o noso. *(Aplausos.)*

En materia de financiamento, señorías, o obxectivo estratéxico é darlle a Galiza a chave dos nosos cartos. Un concerto económico como teñen Euskadi e Navarra; que, por certo, ben que lles vai. De camiño a ese obxectivo traemos propostas para avanzar en autonomía financeira: ampliar ata o noventa por cento a porcentaxe de IVE e IRPF cedidos, reclamar o imposto de sociedades e facer que tributen aquí as empresas con actividade aquí. Iberdrola, Naturgy, Endesa e tantas outras deben pagar impostos en Galiza, xa que se están forrando á custa dos nosos recursos naturais. ¡É de xustiza! *(Aplausos.)*

O sexto reto prioritario son as infraestruturas e o acceso á vivenda. Galiza precisa un Goberno que non trague coa continua discriminación que nos impoñen as forzas estatais e quero ser a presidenta dese goberno coas mans libres. *(Interrupcións.)* ¿Lembran o rescate multimillonario da radiais madrileñas? Pois por máis atrancos que nos poñan imos demostrar que é posible unha AP-9 galega e libre de peaxes. *(Aplausos.)* Non imos permitir que o corredor Atlántico quede atrás. Propoñemos un plan para facer competitivos aeroportos e portos. Apostamos pola mobilidade intermodal, cunha tarxeta única e un tren do século XXI que conecte as nosas vilas e cidades con frecuencias e prezos adaptados ás necesidades da xente.

En materia de vivenda, quero empezar por facer unha reflexión, ante os anuncios que vimos hoxe pola mañá. O señor Rueda anunciou mil novecentas vivendas. Eu digo que isto é propaganda. Porque vexamos cal é a realidade: 2015, cero vivendas; 2016, unha; 2017, dúas; 2018, cero vivendas; en 2020, once; aquí quedaron moi cansados entón o ano seguinte, 2021, volvemos a cero; en 2022, oito vivendas. En total: en sete anos, vinte e dúas vivendas públicas. Esta é a realidade e a súa propaganda xa non lla conta a ninguén. *(Aplausos.)* Hai que recuperar a política social de vivenda que dinamitou o Partido Popular apostando polo alugueiro subvencionado e poñendo en marcha un plan de mobilización de vivenda baleira.

O sétimo reto prioritario é a estratexia internacional: Galiza precisa un goberno sen complexos que nos posicione con perfil propio a nivel internacional. E quero ser presidenta dese goberno, porque quero unha Galiza que se relacione con orgullo no mundo. A relación con Portugal é esencial, con tres asuntos clave: as conexións ferroviarias, o desenvolvemento económico da eurorrexión e impulsar as sinerxías lingüísticas e culturais. Apostaremos pola

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

internacionalización da nosa lingua coa creación do Instituto Rosalía de Castro. Imos poñer fin á anomalía de que o galego sexa o único idioma do Estado que non ten unha institución que o difunda e o promova.

Oitavo reto prioritario: avanzar nunha Galiza feminista, inclusiva e igualitaria. En igualdade hai que poñer o turbo. Propoñemos destinar o un por cento para loitar contra a violencia de xénero; multiplicar por dez o investimento do actual goberno para protexer as mulleres do terrorismo machista. Un goberno do BNG fará da igualdade un obxectivo con medidas contra a fenda salarial, coa inclusión de cláusulas de igualdade na contratación pública e facilitando a conciliación. Para min é, desde logo, un compromiso político, pero tamén persoal, conseguir que a maternidade deixe de penalizar as mulleres. E poden ter a total seguridade de que o BNG sempre, sempre combaterá os que queren prender a mecha do odio e da intolerancia.

Noveno reto prioritario: lingua e cultura. Galiza merece un goberno orgulloso do noso idioma e do inmenso talento dos nosos creadores e creadoras. Quero ser presidenta dese goberno, porque a nosa lingua e a nosa cultura non teñen límites. Aumentaremos o investimento no sector cultural, poñeremos en marcha un plan de apoio á creación e difusión cultural en galego e traballaremos por un pacto pola lingua para recuperar o consenso que vostedes esnaquizaron por puro sectarismo político. Derrogaremos o decreto da vergoña. O galego deixará de estar minorizado no ensino e darémoslle preferencia a recuperar o uso do galego na infancia e na mocidade, porque son o futuro e queremos mil primaveras máis para a nosa lingua. *(Aplausos.)*

O décimo reto prioritario é a defensa da democracia e dos dereitos sociais. Empezaremos por darlle á cidadanía uns medios de comunicación públicos independentes, en que a dirección da CRTVG será nomeada a través dun concurso público; non a través de ningún dedazo de Monte Pío. Trataremos este Parlamento co respecto que merece, sen soberbia e sen pensar que temos a verdade absoluta. Quitaremos a cadeira que as eléctricas teñen no Consello da Xunta. ¡Basta de gobernar para as grandes multinacionais, para os ricos e os poderosos! *(Aplausos.)* Os galegos e as galegas teñen o meu compromiso de que, se me dan a súa confianza nas vindeiras eleccións, gobernarei sempre para a maioría social.

(Murmurios.)

A señora PONTÓN MONDELO: Presidente, é moi incómodo falar con este ruído. Eu creo que un pouco de respecto no Parlamento, aínda que só fose hoxe, non lles viñan mal, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)* ¡A soberbia do Partido Popular!

Remato, presidente. Galiza merece un goberno que funcione; un goberno con ambición e con orgullo do que somos, como país e como pobo. Eu quero ser a presidenta dese goberno, para colocar Galiza entre as nacións máis avanzadas no mundo e onde as persoas vivan mellor. Porque estou e estamos convencidos e convencidas de que é posible unha Galiza mellor. É posible.

Á xente moza quero dicirlle que é posible unha Galiza na que facer realidade os vosos soños. Ás persoas maiores quero dicirlles que é posible unha Galiza na que ter unha vellez tranquila,

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

onde o dereito a unha vellez digna estea por riba de calquera interese económico. Ás científicas e científicos quero dicirlles que é posible unha Galiza que impulse a investigación e a innovación. Ás mulleres quero dicirlles...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que é posible unha Galiza capaz de romper teitos de cristal e despegarse de chans pegañentos, porque temos claro que o futuro será feminista ou non será. Ás persoas que cada día se esforzan no seu traballo quero dicirlles que é posible unha Galiza con vidas dignas. Ás creadoras e creadores quero dicirlles que é posible unha Galiza que abrace o voso talento, que nos fai máis grandes como país e que nos fai máis felices como sociedade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Quero ser a presidenta desa Galiza posible, coa man tendida sabendo que todos e todas somos necesarias para construír esa Galiza que queremos e esa Galiza que merecemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Esa Galiza está en marcha e é imparable!

Moitas grazas, señorías.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Bonito vídeo quedou.

Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde a todos os invitados que hoxe nos acompañan.

Boa tarde, señor presidente da Xunta de Galicia. Sempre é un pracer recibilo neste Parlamento e tamén neste debate de política xeral, cuxa celebración representa en si mesma o principal feito diferencial da política galega: a estabilidade institucional. Unha estabilidade que se concreta no cumprimento puntual dos ritos propios dunha democracia plena e consolidada e que contrasta coa falla de respecto que noutras latitudes non demasiado lonxanas se amosa por eses mesmos ritos. Fronte a un goberno de España que leva cinco anos —¡cinco anos!— sen convocar o preceptivo debate anual sobre o estado da nación, Galicia afronta o

CSV: BOPGDSPG-lvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seu debate da autonomía con total normalidade. Coa mesma normalidade coa que dentro duns días iniciaremos a tramitación dos orzamentos da Comunidade Autónoma, os décimo quintos orzamentos en quince anos de goberno. Unha mostra máis do tedioso, desexable, moi reconfortante cumprimento das tradicións democráticas tan do gusto do pobo galego.

Pero o gusto polas tradicións nunca debe ser incompatible coa necesaria renovación de toda a institución. Señorías, non lles ocultarei que é unha grande honra participar por primeira vez neste debate de política xeral. Aínda máis cando nos atopamos nun momento que amosa tan claramente esa renovación, como evidencian os moitos cambios que se teñen producido entre os participantes respecto do último debate do estado da autonomía. Eu quero saudar con ilusión eses cambios: novo presidente da Xunta de Galicia, novo goberno, novo vicepresidente, nova vicepresidenta, novos conselleiros e conselleiras, novos membros da Mesa do Parlamento, novos deputados, novas deputadas, novo voceiro do Grupo Popular, novo voceiro do Grupo Socialista... Benvida tamén a vostede, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Creo que esta renovación de caras podería ter sido maior se socialistas e nacionalistas galegos amosasen maior acerto nos seus optimistas vaticinios. Anunciaban os socialistas que Galicia se volcaría nun apoio masivo a Pedro Sánchez. Aseguraba a señora Pontón que o BNG tería grupo propio no Congreso. Pero cando os galegos ditaron sentenza a realidade resultou ser distinta. Iso si, antes de producirse ese momento —recordarano— chegamos a escoitar nesta Cámara algunha mente preclara criticando a suposta falta de compromiso con Galicia por parte dalgúns deputados do Partido Popular porque marchaban a Madrid. Todos sabemos que cando un deputado autonómico do Partido Popular se presenta a unha lista nacional é un menosprezo a Galicia e ás súas institucións, pero cando iso mesmo o fai un deputado baixo o paraugas socialista ou nacionalista é unha mostra de fondo compromiso coa patria. O comportamento recorda moito a aquela fábula de Esopo na que unha raposa, despois de fracasar unha e outra vez no seu intento de alcanzar un racimo de uvas que estaba moi alto, finalmente desdeñábaas co pretexto de que aínda non estaban maduras.

Señorías, ¿con canto desdén tratan vostedes a quen acaba de conquistar os froitos que tanto arelaban? ¿Con canto desdén tratan vostedes a quen os acaba de derrotar contundentemente nas urnas? ¿Canta displicencia? ¿Canta altivez? Talvez, só talvez, sexa chegado o momento de facer unha breve reflexión e recordar por que cada un está onde está.

Señorías, o señor Conde, a señora Quintana ou o señor Puy hoxe ocupan un escano no Congreso porque os galegos decidiron premialos coa súa confianza, pero aquí hai tres deputados, dous do BNG e unha do Partido Socialista, que tamén quixeron marchar a Madrid, pero hoxe ocupan un escano neste parlamento porque os galegos decidiron castigalos negándolles a súa confianza. (*Aplausos*.) Non é o mesmo, señorías, non é o mesmo. Sinceramente, eu penso que un simple recordatorio dos resultados electorais aconsellaría un pouco máis de respecto a este presidente, porque é exactamente, exactamente o mesmo que hai escasas semanas conseguiu 25 representantes do Partido Popular de Galicia nas Cortes, fronte a 1 do BNG ou fronte aos 11 dos socialistas; 25 a 11, 25 a 1.

Señora Pontón, que hoxe veu modo *Triturator* nacionalista, o único que triturou o Partido Popular de Galicia nestes últimos catorce anos foron as expectativas electorais do BNG, o

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Partido Popular e os galegos. (*Aplausos*.) Señora Pontón, señor Álvarez, con toda humildade, creo que Galicia lles demanda un pouco máis da autocrítica e un pouco menos de soberbia.

Señorías, na miña opinión un debate como este debera servir para facer unha avaliación xeral do camiño que está a percorrer Galicia, e, se pretendemos facer un xuízo ponderado da nosa situación, sería conveniente saber de onde vimos, sería conveniente saber onde nos atopamos e, por suposto, sería conveniente saber cara a onde camiñamos, ou, mellor aínda, cara a onde queremos camiñar. E a iso quixera adicar os próximos minutos.

Se mo permiten, comezarei polo principio: ano 2009, quilómetro cero do Goberno do Partido Popular de Galicia. Baixo o liderado de Alberto Núñez Feijóo, asumimos o Goberno de Galicia e fixémonos cargo dunha herdanza política, social e financeira que sen dúbida merece ser recordada. Naquelas datas Galicia, como o conxunto de España, comezaba a sufrir os primeiros embates dunha profunda crise financeira, cuxas consecuencias se estenderían máis aló dunha década; unha crise contumazmente negada polo presidente Zapatero e absolutamente ignorada polo Bipartito PSOE-BNG, a pesar das numerosas evidencias que recomendaban un cambio inmediato nas políticas de España e de Galicia. Un goberno bipartito que, con inusitado fervor, hoxe reivindica a oposición galega, nun exercicio de morriña que nos obriga a contarlles ás novas xeracións a realidade daquel executivo, unha realidade moi alonxada do idílico e manipulado relato que hoxe pretenden trasladar os mesmos que naquel momento castigaron con inusitada dureza os principais protagonistas daquel desastre. Poleiro para o señor Touriño, desterro para o señor Quintana, tan orgullosos non semellaban estar; poleiro e desterro.

Señor Álvarez, señora Pontón, tomen boa nota, porque ben poderían ser os seus próximos destinos. Nin o afiar de coitelos cesa nunca no socialismo galego nin os coroneis da UPG indultaron nunca a quen intenta disfrazar as esencias marxistas e indepes do nacionalismo galego. Señora Pontón, iso si que é unha trituradora. (*Aplausos*.)

Pero voltemos ao tema, non me quero distraer, á Galicia que nos deixaron os seus líderes antes de ser convenientemente depurados; unha Galicia na que a recadación fiscal se desplomaba a un ritmo nunca antes vivido, cun orzamento inflado e carente de todo realismo, que obrigou o Goberno entrante a facerse cargo dun burato orzamentario de máis de 2.000 millóns de euros. Cómpre recordalo, porque non deixa de ser curioso que hoxe, e a pesar de ser a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda en todos estes anos, nos boten en cara esa débeda os mesmos que xeraron boa parte da mesma, deixando un socavón orzamentario, solicitando a devolución dos anticipos a conta mal calculados polo Goberno Zapatero e deixando unha Galicia atada de pés e de mans.

O desemprego aumentaba naquela Galicia a pasos axigantados: 51.000 parados máis no seu último ano de goberno, ao punto que viviamos o maior éxodo de xente nova que saíra nunca do noso país para buscar fóra as oportunidades que na súa Terra se lle negaban; 13.970 mozos chegaron a saír nun só ano. ¿Quen é a máquina de recortar emprego? ¿Quen é a máquina de fabricar emigrantes?

Señorías, se o desemprego era terrible, a taxa de fracaso escolar resultaba dramática: 25,8 por cento; hoxe estamos por debaixo do 10 por cento. O acceso á universidade, cada ano

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis difícil para as familias; a formación profesional, absolutamente desprestixiada, e cunhas taxas de empregabilidade simplemente descorazonadoras, señor Álvarez. E non quero esquecerme dos 103 centros escolares pechados en catro anos, un récord nunca superado nin antes nin despois do seu nefasto paso polo Goberno.

¿Que dicir dos sectores primarios? Mariscadoras sen protección social, porque algunha exconselleira lles ía dicindo que non era bo para elas cotizar á Seguridade Social; ou mariñeiros en risco, porque a sala de control de Salvamento Marítimo quedaba sen subministración eléctrica por falta de pago, por falta de pago. Do noso agro, en fin, baste dicir que puxeron máis empeño en promocionar o *mojito* cubano que o leite galego. (*Murmurios*.)

Pero tamén tivemos a dubidosa honra de herdar a sanidade máis privatizada da nosa historia, señorías, unha sanidade que nos seus catro anos de goberno aumentou un 50 por cento os cartos públicos adicados a concertos coa sanidade privada. Unha sanidade na que a conselleira do ramo asinaba plans coa patronal galega e coa xerencia dun hospital privado comprometendo que o plan funcional do futuro hospital público de Vigo non ía poñer en risco a viabilidade económica de Povisa; por certo, un novo hospital de Vigo do que presentaron cinco maquetas e cero ladrillos. Unha sanidade galega na que o seguro médico privado vivía días de viño e rosas, acadando cotas de penetración que hoxe nin sequera se atreven a soñar. Esa é a sanidade pública que nos deixou o seu glorioso Goberno.

Un goberno no que o vicepresidente, nacionalista, lle exixía ao presidente, socialista, que non se lle sacase no Telexornal, aducía que polo alto grao de manipulación dos informativos da Televisión pública galega. Sorpréndanse, señorías: por aquel entón non había «venres negros», probablemente porque todos os días da semana eran negrísimos, negrísimos. (*Aplausos*.)

O certo é que podería seguir debullando horas o desastre daquel goberno que hoxe a señora Pontón e un socialista aínda descoñecido pretenden reeditar, pero, aínda que adicase os corenta e cinco minutos íntegros desta intervención a esa empresa, non podería máis que describir uns breves retazos daquel colosal desastre.

Aínda que tamén é certo —como asegura o saber popular— que as desgrazas nunca chegan soas, porque, se o panorama galego era desolador, a realidade española situábanos ao borde dun abismo chamado rescate. A situación era tal que, apenas cumprido un ano da chegada de Feijóo ao Goberno, o presidente Rodríguez Zapatero asinaba un decreto que supoñía unha emenda á totalidade da súa propia política e convertíase no maior recorte social da historia da democracia española. Tanto se levan esforzado en que se nos esquezan que paga a pena que recordemos algunha daquelas medidas.

Redución do 5 por cento da masa salarial dos empregados públicos; tres millóns de empregados públicos viron o seu salario primeiro recortado e despois conxelado. Conxelación do conxunto das pensións, con excepción das non contributivas; apenas seis millóns de pensionistas afectados. Ampliación da idade de xubilación ata os 67 anos. Recorte de 670 millóns de euros en dependencia; señor Álvarez, non sei de que bono me falaba. Supresión do cheque bebé. Recorte do investimento público de 6.025 millóns de euros. Recorte nas transferencias

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ás comunidades autónomas de 1.200 millóns de euros. Recortes nas axudas ao desenvolvemento de 600 millóns de euros. Recortes en farmacia. Aumento do IVE. Etcétera, etcétera, etcétera.

O obxectivo deste salvaxe recorte era rebaixar en 15.000 millóns de euros o déficit público para deixalo no 6 por cento. O resultado final foi un déficit público do 9,5 por cento e un burato de 65.000 millóns de euros nas contas públicas.

O triste corolario de toda esta desfeita é que aínda se atreven a reivindicar o legado dun nefasto expresidente que nos últimos anos reparte o seu tempo entre o branqueo a Maduro, o achegamento a Bildu ou a xustificación da infumable traizón de Pedro Sánchez ao pobo saharauí. ¡Que vergoña, señorías, que vergoña! (*Aplausos*.)

Pois con aquelas mimbres tivemos que fabricar o cesto, e teño que dicir que as mimbres eran pésimas, pero os cesteiros demostraron ser excelentes. A Galicia que atopou Feijóo pouco ten que ver coa Galicia que hoxe preside Alfonso Rueda.

Señorías, hoxe acabamos de asistir á habitual versión do *Paint It, Black* co que ano tras ano nos agasalla a oposición galega, un retrato dunha Galicia escura, depresiva, case dickensiana, na que nada funciona, e, se por un casual algún servizo público escapara a esa negra maldición, sería exclusivamente polo mérito dos heroicos traballadores que logran reverter a vontade dun goberno empeñado en sumir Galicia e o seu pobo nas tebras.

¡Por favor, por favor!, señorías. Eu non negarei que Galicia aínda ten retos que superar, e, dende logo, non o fixo o presidente Rueda na súa intervención desta mañá. Pero vostedes, señorías, deberían saber que, para que unha caricatura teña unha mínima credibilidade, hai que saber poñer límite á exaxeración. E vostedes, señora Pontón, señor Álvarez, non teñen límite. Desdebuxan tanto a realidade galega que o resultado é unha caricatura burda, tosca, na que o retratado non é quen de recoñecerse, e por iso levan vostedes case tres lustros na oposición, porque o pobo galego non se sente representado nesa Galicia vencida, triste, pontoniana, que vostedes describen. (*Aplausos*.)

Porque, fronte a esa visión pontoniana, señorías, existe outra Galicia moi distinta. Existe outra Galicia, señorías, unha Galicia moito máis realista, unha Galicia que é consciente dos seus problemas, consciente das súas fortalezas, e que dende desa consciencia afronta o futuro con prudencia, con responsabilidade, pero tamén con confianza e optimismo.

Señorías, dende hai semanas escoito nesta cámara —e fóra dela tamén— como se repite recorrentemente o novo mantra da esquerda galega: non coñecemos ningunha familia galega que se teñan beneficiado das distintas medidas adoptadas pola Xunta. Señor Álvarez, ¿non coñece ningunha familia que se teña beneficiado da conxelación das taxas universitarias durante os últimos trece anos? ¿Ningún alumno de formación profesional que atopara un emprego grazas aos seus estudos? ¿Non coñece familias que se beneficien das axudas da Xunta, as máis cuantiosas do Estado, para compra de material escolar? ¿Non sabe de ninguén que se beneficiase de todos os avances tecnolóxicos que incorporamos á sanidade pública? ¿Non coñece ningún dos máis de 72.000 dependentes que atendemos cada día?; eran 14.000 cando

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gobernaban vostedes ¿Non coñece, tampouco, ningún dos máis de 25.700 usuarios do SAF, do SAF, señorías?; vostedes deixáronos en 3.500; hoxe, 25.700. ¿Non coñecen ningún menor de 21 anos que viaxe gratis no transporte interurbano?

Señora Pontón, ¿non coñece ningún dos 55.000 beneficiarios da Tarxeta Básica, esa que hoxe reivindican pero que tivemos sacar adiante co seu voto en contra? ¿Ningún dos 28.000 retornados nos últimos cinco anos grazas a unha Estratexia Retorna, que vostedes votaron en contra? ¿Non coñece ningún dos 1.600.000 galegos que se beneficiaron das bonificacións e deducións fiscais? ¿Nin o 88 por cento dos declarantes con rendas máis baixas beneficiados da deflactación do IRPF, aínda que a votaran en contra? ¿Non coñece ningún dos emprendedores que abriu algunha das 95 casas niño que operan no rural, ou algunha das 104 casas do maior? ¿Tampouco ningún dos 1.000 usuarios deses servizos, que tamén votaron en contra? ¿Non coñece ninguén que se beneficiara da gratuidade das escolas infantís? ¿Ningunha familia que leve o seu fillo ou a súa filla a unha escola infantil?

Na escola privada sei que si coñece, polo menos, unha, señora Pontón; pois a gratuidade é para todas, aínda que vostedes a votaran en contra. Por certo, a gratuidade para as privadas e para as públicas, vostede dixo aquí que só quere que sexan cen por cento públicas. ¿Quere pechar as escolas infantís privadas?

¿De verdade que non coñece ninguén destas persoas? Resulta sorprendente, señorías, pero sobre todo resulta preocupante, porque só caben dúas explicacións para isto: ou vostedes están mentindo ou vostedes non coñecen Galicia, ou talvez nos atopemos ante unha perigosa combinación de mentira e descoñecemento.

Señorías, Galicia apostou hai xa quince anos pola estabilidade institucional, polo crecemento sostible, pola mellora continuada dos servizos públicos. E dende aquel 1 de marzo de 2009 emprendemos un proxecto colectivo baseado nos sinais de identidade do pobo galego e que se resume nunha única palabra, unha palabra sinxela, modesta, sensata: sentidiño. Ese é o denominador común de todas as políticas públicas desenvolvidas polos sucesivos gobernos do Partido Popular de Galicia: sentidiño.

¿Para afrontar a maior crise financeira das últimas décadas? Sentidiño. ¿Para afrontar a maior crise sanitaria das nosas vidas? Sentidiño. ¿Para afrontar a crise derivada da invasión de Ucraína? Sentidiño.

Señorías, durante estes quince anos de goberno tivemos que afrontar situacións certamente complicadas e hai dúas constantes que nunca nunca se nos van esquecer. Cando arreciou o temporal, cando houbo que apertar os dentes, cando máis difícil parecía chegar a bo porto, xamais contamos co seu apoio e xamais nos faltou o alento dos galegos, *(Aplausos.)* ¡xamais! Eles nunca nos fallaron, ¡nunca!, señorías. Catro veces, señorías, catro veces foron consultados, e en cada unha desas ocasións brindáronnos máis apoio que na ocasión anterior. Iso é algo que non se esquece facilmente. *(Aplausos.)*

Señorías, pode que nunca sexamos quen de agradecer abondo aos galegos o enorme caudal de confianza que depositaron en nós, incluso nas peores ocasións, pero non imos deixar de

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballar e de intentalo nin un só día. A vostedes deixámoslles o papel de negros profetas desta apocalipse galega, que nunca chega, por fortuna para os galegos e por desgraza para vostedes. *(Aplausos.)*

Señorías, hai apenas dezaoito meses Alfonso Rueda tivo que enfrontar o reto máis importante da súa vida política: relevar na Presidencia da Xunta de Galicia quen foi durante moitos anos o gran referente na política galega. Non semellaba un reto sinxelo, pero o certo é que o asumiu con humildade, con enorme sentido da responsabilidade e por suposto con grande ilusión. A humildade dun servidor público que sabe que as apetencias persoais están supeditadas ás necesidades do proxecto colectivo. A responsabilidade de quen é coñecedor do legado de bo goberno que recibe e da necesidade de conservar o moito que se fixo moi ben durante mandatos anteriores. E a ilusión —tamén hai que dicilo— de quen se atopa ante a oportunidade de dar un novo impulso a esa tarefa colectiva, aportando a súa personalidade, a súa visión e o seu propio estilo: o estilo Rueda. Creo que ninguén explicou mellor esta transición que o propio presidente cando afirmou aquilo de «cambia o camiñante, o camiño continúa».

E ¡vaia se continúa!, señorías. Hai algúns meses nas sedes dalgúns partidos galegos frotaban as mans ante o que crían unha oportunidade de ouro para as súas ambicións políticas; hoxe o que frotan son os ollos, incapaces de entender como puidemos facer un relevo de maneira tan exemplar. *(Aplausos.)* Pois si, señorías, ¡fixémolo!, ¡fixémolo!, ¡e fixémolo ben!, porque iso era o que precisaba Galicia e iso era o que precisaba España.

Así que perdemos moi pouco tempo en resolver cuestións internas e centramos os nosos esforzos en seguir resolvendo os problemas reais da xente. E nese feito tan simple é onde radica a esencia mesma dos gobernos do Partido Popular de Galicia. Ese é o ADN do Goberno de Rueda: evitar polémicas estériles e centrarse en mellorar a vida da xente.

Señorías, non atoparán no programa deste goberno declaracións de independencia, nin futuras repúblicas galegas, tampouco medidas para desarticular taimadas conspiracións de elite reunidas en escuros cenáculos. Non atoparán receitas para combater elaboradísimos plans de elites anarcocapitalistas que pretenden fuxir en cohetes espaciais ou refuxiarse en mansións fortaleza porque «*nos vamos al carajo*». Non.

Estimada galega e estimado galego, se vostede busca un goberno centrado en combater secretas e rebuscadas tramas conspiranoicas, que non existen máis que na mente calenturenta dalgúns irresponsables políticos, non somos o Goberno que busca, non podemos facer moito por vostede. Pero se a vostede o preocupa pois, ¿que sei eu?, a educación dos seus fillos, o benestar dos maiores, o futuro da súa familia, pois creo que pode confiar neste goberno. Porque creo que a Galicia na que vivimos, a Galicia real, a Galicia de Rueda, ten motivos para confiar no futuro e tamén para sentirse orgullosa.

Creo que os galegos podemos sentirnos orgullosos de axudar cada novo galego que chega ao mundo facilitándolle á súa familia unha tarxeta Benvida que lle permite adicar un mínimo de 100 euros mensuais a mercar produtos básicos para a crianza do seu bebé. Creo que podemos sentirnos orgullosos de ser a primeira comunidade autónoma de España que propor-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciona escola infantil gratuíta a todas as familias galegas. Creo que podemos sentirnos orgullosos de ter creado un recurso pioneiro e gratuíto como as casas niño, para facilitar a crianza no rural; creo que imos camiño das 100. ¿Non temos dereito a dicir que, con este presidente á cabeza, Galicia acadou o calendario vacinal máis completo do mundo?: meningococo, papiloma humano, antigripal tetravalente, rotavirus, virus sincitial. Pois creo que temos dereito a dicir, con orgullo, que os nenos galegos son os mellor inmunizados do mundo, ¿poderemos dicilo? *(Aplausos.)*

¿Está mal, estará mal que nos sintamos orgullosos de rebaixar en 15 puntos o abandono escolar e acadar a menor taxa de fracaso escolar da nosa historia? ¿De ser o sistema educativo máis inclusivo de toda a OCDE? ¿De obter os mellores resultados no Informe PISA da nosa historia? ¿De manter as taxas conxeladas durante os últimos trece anos? ¿Da revolución que se produciu na formación profesional, que pasou de irmá pobre a ser orgullo para un sistema educativo e unha das mellores garantías para atopar emprego? ¿Podemos felicitarnos porque a nosa sanidade pública cada día sexa mellor valorada polos galegos? Unha sanidade pública que pasou de ser a terceira peor de España con vostedes a ocupar o sexto posto do *ranking*, *ranking* da Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública —todos do PP, xa o sabemos—. ¿Podemos estar orgullosos de ofrecer cada día máis e mellores servizos aos nosos maiores? ¿De multiplicar por tres as prazas de residencia, por seis os centros de día, por sete o servizo de axuda no fogar? ¿Ou por introducir novos servizos, como os coidados porta a porta ou as 100 casas do maior? ¿Podemos celebrar que o noso sector do mar teña a maior facturación en lonxa da súa historia? ¿Que o noso turismo, co Xacobeo como locomotora, teña alcanzado cotas nunca vistas? ¿Será malo alegrarse porque actualmente adiquemos o 1,5 por cento do orzamento a políticas de igualdade e porque teñamos unha fenda salarial por hora menor que a media europea, menor que Alemaña, menor que Finlandia, que Francia, que Holanda, que Dinamarca, que Noruega, que Suecia...?

Pois eu creo sinceramente que podemos sentirnos orgullosos de todos estes éxitos, porque non son éxitos dun goberno —que tamén—, son os éxitos dun país, son os éxitos de todos. E os galegos están orgullosos deses éxitos, porque os galegos son o vento que impulsa ese cambio. Señorías, falta moitísimo labor, moitísimo, temos moito que mellorar, quedan mil retos por diante. Pero a pregunta que se fan os galegos é: ¿por que lles custa falar tanto, por que lles custa falar ben do país?, ¿por que lles custa tanto alegrarse do que vai ben? ¿Como é posible que de todas as medidas que se expuxeron esta mañá nin unha soa mereza o seu apoio? ¿Por que son tan cenizos? ¿Por que? Non me estraña que a vicevoceira socialista teña que pedir aplausos e entusiasmo na bancada traseira; aburren e deprimen ata os seus. Enténdese perfectamente. *(Aplausos.)*

Señorías, non pretendo con estes datos debuxar unha Galicia idílica nin pretendo negar que temos problemas, pero penso que estas magnitudes dan conta dos beneficios da estabilidade que aporta un goberno centrado no realmente importante, fronte aos continuos problemas xerados por gobernos inestables, que dependen dos caprichos de socios que teñen intereses e prioridades diferentes dos da maioría dos cidadáns.

E un exemplo desas consecuencias témolo ben cerca; basta con dirixir a nosa mirada ao que está acontecendo estes días en relación coa investidura do Goberno de España, e as nefastas

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

consecuencias que para Galicia pode ter a perigosa combinación dun goberno inestable e uns socios insaciablemente voraces.

Galicia está a facer grandes esforzos para mellorar a súa situación e equipararse en todos os aspectos a aqueles territorios que mellores servizos poidan ofrecer. Queremos máis profesionais médicos na atención primaria; por certo, pedímosllos a este goberno e pediámosllos ao señor Rajoy. Queremos máis prestacións para os galegos con dependencia. Queremos seguir aumentando o investimento en educación ou en innovación, na industria, no comercio, nos sectores primarios, na xustiza, en igualdade.

Como se acreditou hoxe, nin nos falta a vontade nin nos faltan ideas; o que precisamos son máis cartos, máis financiamento, máis xustiza. Nesta cámara acadamos algúns acordos importantes nesta materia. Concordamos en que resultaba fundamental un financiamento xusto que atenda ao custo real de prestación dos servizos nos territorios. Concordamos en que era fundamental que se teña moi en conta o envellecemento e a dispersión poboacional para calcular eses custos. Concordamos incluso na designación do experto que representaría Galicia na comisión constituída para elaborar as bases técnicas dese novo modelo.

Pero o tempo pasa, os expertos fixeron o seu traballo, as bases técnicas están fixadas, pero do novo modelo nada sabemos. A realidade é que ese modelo de financiamento permanece gardado nalgún caixón de Moncloa, porque para o presidente do Goberno a matemática parlamentaria é máis importante que as bases técnicas, atender ás exixencias do independentismo é máis importante que atender servizos públicos e conservar o seu posto é máis importante que conservar a igualdade entre cidadáns.

Señorías, resulta escandaloso para calquera galego escoitar como algúns políticos cataláns exixen como pago da investidura do señor Sánchez a condonación de 70.000 millóns de débeda. Resulta escandaloso escoitarlles reivindicar unha suposta débeda histórica de 450.000 millóns de euros. Resulta escandaloso que o presidente en funcións non saia inmediatamente a desbotar tales posicións, a descartar calquera mesa bilateral e a asegurarnos a todos que o modelo de financiamento se debaterá co concurso imprescindible de todas as comunidades autónomas. Pero para calquera galego aínda resulta máis escandaloso o atronador silencio de BNG e de PSdeG respecto destas exixencias, escandaloso pero non sorprendente. Como sempre, señorías, feros leóns ante a Xunta de Galicia, apoucados cachorriños fronte ao Goberno de Sánchez.

Señorías, vostedes saben, coma nós, que a condonación desa débeda, como calquera reclamación sobre supostas débedas históricas, só se pode materializar á custa dos recursos que lles corresponden a outros territorios, entre eles Galicia. ¿Por que calan ante esta aldraxe? Semella que a uns lles importa máis a fidelidade ao amado líder que a fidelidade ao pobo galego; aos outros interésalles máis o futuro da súa República galega que o futuro dos propios galegos. Cunha man reclaman máis servizos e coa outra dan palmadiñas nas costas de quen nos quita o recurso para financialos. A triste realidade deste BNG e deste PSdeG é que teñen amosado moito máis compromiso coa independencia de Cataluña que coa dependencia en Galicia. Quede na súa conciencia. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende logo, Galicia, co seu Goberno á cabeza, seguirá exixindo que se cumpran os compromisos que se lle deben, porque, aínda que teñamos menos paro que a media nacional, temos que seguir traballando para rebaixar o paro e para ofrecer alternativas de emprego nas Pontes e en Alcoa, porque ben apoiaron o peche, pero da solución non din nada.

E, aínda que levamos quince anos por debaixo da taxa de pobreza nacional, queremos seguir traballando para reducila máis. Non queremos boas palabras, queremos trens AVRIL, queremos que o AVE chegue a toda Galicia, queremos a transferencia da AP-9, queremos o 50 por cento do financiamento para dependencia e queremos fondos para afrontar o problema demográfico. Queremos o que nos corresponde, nin máis nin menos.

E tamén queremos conservar o réxime constitucional que nos deu o maior período de prosperidade da nosa historia. ¿É moito pedir que un goberno non chalanee coa norma básica que fundamenta as nosas liberdades? Señorías, causa bochorno ver un presidente de España arrastrándose para manter a cadeira e prometendo cada semana que o mellor para España é facer o contrario do que el reclamaba a semana anterior.

Modifícase o Código penal ao ditado dos delincuentes; primeiro, modifícanse os tipos delituosos; despois, desaparecen as responsabilidades penais; e, por último, desaparece o propio delito por obra e graza dunha vergoñenta Lei de impunidade —chamémola polo seu nome—. E, por suposto, todo aquel que discrepe da verdade revelada polo señor Sánchez inmediatamente é castigado —vímolo hoxe— no rincón da extrema dereita. Advírtolles que empezan a ter un serio problema de *overbooking*, non entra máis xente aí: de Suárez a Fraga, de Aznar a Casado, de Rajoy a Feijóo, todos ultras. Ben, ultra Albert Rivera, ben, antes e despois de pactar co señor Sánchez, porque no medio o pacto de investidura deixou de ser ultra un ratiño apenas. Ultra Rosa Díez cando deixou de militar no PSOE. Claro, sempre ultra Abascal, salvo cando apoiou a súa proposta de repartición de fondos europeos, que entón se converte —abro comiñas— «nun exemplo de responsabilidade co país e de sentido do Estado»; Pedro Sánchez *dixit*.

Señorías, pero é que ultimamente o tema se lles está indo das mans: Felipe González, Alfonso Guerra, Joaquín Leguina, Nicolás Redondo, Corcuera, Cristina Alberdi, Rodríguez de la Borbolla, Tomás Gómez, Odón Elorza... Se vimos aquí a Galicia: Paco Vázquez, ¿facha?; Méndez Romeu, ¿facha?; Salvador Fernández Moreda, ¿facha?; Antolín Sánchez Presedo, ¿facha? *(Murmurios.)* ¡Home!, coiden un pouco dos seus maiores, que están enchendo a ultradereita de socialistas. *(Aplausos.)* ¡Un pouco de respecto, señorías!

Miren, non sei se se acordarán disto, pero ¿lembran vostedes, señorías, cando o partido de Puigdemont e de Torra era o lexítimo herdeiro de Le Pen en España? A primeira representación política da xenofobia e o racismo en España, afirmaba o señor Sánchez. ¡Como mudan os tempos! No caso do señor Sánchez, ¡como mudan as opinións! En fin, discrepas do modelo territorial, ultra; discrepas coa memoria histórica, ultra; discrepas da rebaixa da malversación, ultra; discrepas dos indultos, ultra; discrepas da Lei de só si é si, ultra; discrepas da amnistía, ultra.

Esa é a nova conformación do espectro político segundo as novas leis do sanchismo, o centro político radica no embigo do señor presidente. O PNV —*Dios y leyes viejas*—, bloque progre-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sista; Bildu, Junts, Esquerra, CUP, Sumar e todo o que é preciso ao señor Sánchez, esquerda moderada; ben, ¿que digo, moderada?, moderadísima. E aos millóns de españois que non tragan o que o señor Sánchez si está disposto a tragar, pois a eses ultras esta é a súa oferta de convivencia, para quen non queira bailar ao ritmo da yenka sanchista: «*un pasito pa'lante, un pasito pa'atrás* ». *(Aplausos.)*

Iso si, namentres os que eran reos de rebelión pasaron a ser culpables de sedición; o que era un golpe de Estado pasou a chamarse problema político; os malversadores políticos, incomprendidos. A amnistía —ese bálsamo de Fierabrás que todo o cura— hai apenas uns meses era incompatible coa Constitución española. Puxérono vostedes por escrito en nove informes oficiais asinados polo Goberno para xustificar os indultos. «*Se ha de subrayar...*» —abro comiñas— «*que don Oriol Junqueras ha cumplido ya tres años y siete meses de su pena de privación de libertad, un efecto de la sentencia que ni se puede ni se quiere borrar. La concesión de la gracia traerá consigo la consecuencia propia de todo indulto: excepcionar el cumplimiento de la pena indultada o conmutada, pero con la persistencia del delito. Persistencia*» —e esta é a clave— «*que, en caso de reiteración delictiva, llevaría consigo la apreciación de los antecedentes penales. A diferencia de la amnistía, claramente inconstitucional, que se reclama desde algunos sectores independentistas, el indulto no hace desaparecer el delito*». Informe asinado por don Juan Carlos Campo, entón ministro de Xustiza e hoxe maxistrado do Tribunal Constitucional. *(Murmurios.)* Pero, se faltan sete votos, *donde dije digo digo Pedro. (Aplausos.)*

Señorías, dicía o presidente Suárez —eu admiro moito o presidente Suárez— que a vida sempre che dá dúas opcións: a cómoda e a difícil. Cando dubides —dicía—, elixe sempre a difícil, porque así estarás seguro de que non foi a comodidade a que decidiu por ti. Pode que o señor Sánchez prefira o camiño cómodo, pero os galegos seguiremos apostando polo camiño correcto.

Señorías, nas últimas semanas escoitamos tres partidos distintos afirmar que son a alternativa única posible para Galicia. Pero non pensen que falaban os tres de construír unha mesma alternativa; non, non, señorías; cada un falaba da súa, cada un deles é a alternativa única. Para ser tres partidos laicos, moito lles gusta copiar os dogmas católicos. Señorías, con todos vostedes a zurdísima trindade: tres alternativas únicas e un só mogollón verdadeiro. *(Risos.)*

A realidade, señorías, é outra moi diferente: nin unha nin dúas nin tres, en Galicia hoxe non existe alternativa, se por alternativa entendemos un proxecto serio, cun liderado claro e cun equipo que traballe unido, claro. Señorías, ¿imaxinan vostedes o equipo redactor do programa desta zurdísima trindade? O BNG, que era un concerto económico galego, ao que o PSOE se nega; Sumar nin sabe nin contesta. O BNG exixe unha tarifa eléctrica galega, que non quere ninguén máis en Galicia. O BNG exixe unha AP-9 galega; o PSOE xa renunciou a esa galeguidade, porque é importante baixar o custo; e a Sumar dálle igual, porque a señora Díaz o que quere é que lle regalen un cohete espacial. Se falamos de eólica mariña, o PSOE exixe desenvolvelas inmediatamente, o BNG exixe que non a desenvolvamos e Sumar, pois tratándose de eólica, segundo por onde veña o vento. *(Risos.)* O PSOE reivindica unha monarquía republicana ou unha república monárquica —segundo o día—, o BNG quere unha república galega e Yolanda Díaz aspira a unha república de repúblicas. Señorías, con esta coherencia, ¿que podería saír mal?

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo menos —hai que recoñecelo—, para desenvolver algunhas áreas teñen xente moi cualificada: en emprego poño por exemplo que que mellor que Carmela Silva; como servizo de colocación ten sobrada experiencia. *(Murmurios.)* En discapacidade ocórreseme que que mellor que a secretaria de Estado, a señora Pam; ¡con que cariño trataba as persoas con discapacidade do seu propio partido!; ¿lembran?: *la maldita coja* —permítanme a licenza por decoro da Cámara e por respecto á señora Santos—. ¿Quen mellor que o *Demolition man* do Garañón lucense para ocuparse de redactar un programa de vivenda? *(Murmurios.)* E para a igualdade teñen unha concelleira do BNG na Estrada fabulosa; «nin o bebé quere ser o seu fillo», espetoulle á señora Ayuso despois de sufrir un aborto indesexado; e alí segue, señora Pontón.

Señorías, pode que non lles guste oílo, pero esa é a realidade da única alternativa galega. Daría risa se non fora porque dá medo.

Por certo, sorprendeume escoitalos hoxe de achacar ao Goberno falta de autocrítica, falar de coherencia, de aires de cambio. Autocrítica. Hoxe tiveron vostedes máis de corenta e cinco minutos de intervención cada un e non atoparon un só segundo para facer autocrítica dun disparate lexislativo sen precedentes que reduciu a condena de máis de 1.200 delincuentes sexuais, *(Aplausos.)* que anticipou a saída de prisión de máis de 121 violadores e que supuxo unha inxustísima revitimización de mulleres agredidas sexualmente. Hora e media e non atoparon dez segundos. *(Aplausos.)* Pois non, señorías, aínda máis, hai un grupo nesta cámara que aínda continúa sacando peito desa lei. ¿Como se atreven a falar de humildade? Recoñezan o erro, asuman responsabilidades políticas e pidan perdón ás vítimas; talvez despois poden vir aquí falar de autocrítica.

Falouse tamén de coherencia, coherencia. ¿Será coherencia intentar reeditar un pacto que levan incumprindo catro anos? ¿Será coherencia ou será cinismo? ¿Será coherente presumir de primarias e estar suplicando polos pasillos un adianto electoral para non ter que celebralas? E aínda din que están preparados para gañar ao presidente Rueda. Pero ¡se nin sequera están seguros de vencer ao señor Caballero! ¡Por favor!, tomen isto medianamente en serio.

Miren, xa o colmo do disparate é que nos falen de aire novo, de renovar a política galega. O PSOE quere renovar a política galega nomeando candidato a dedo —que quede ben claro— o sucesor de Francisco Cacharro na Deputación de Lugo; tan novidoso como o fío negro, señorías. O BNG quere renovar con Ana Pontón, vinte anos nesta cámara; eu tiven pantalóns de pana que non me duraron tanto. *(Risos.)* Señoría, señora Pontón, mire, ingresou vostede neste parlamento a mesma semana que se presentaba Facebook, faltaban dous anos para que existise Twitter, faltaban tres anos para que coñecésemos o primeiro modelo de iPhone, e van polo 15. *(Murmurios.)* Señora Pontón, o coche do ano era o FIAT Panda, *(Risos.)* o xoguete de moda o Tamagotchi e ese ano, ese mesmo ano, Camela lanzaba «*Cuando zarpa el amor*». *(Risos.)* Pero, señoría, ¿como vai representar vostede a renovación? ¡Sexa seria, *(Aplausos.)* sexa seria!, señoría.

Señoría, eu teño que recordarlle, señora Pontón, por duro que soe, que tiveron que modificar os estatutos do Bloque Nacionalista Galego e eliminar o límite de mandato para que vostede puidera seguir aquí. *(Murmurios.)* Non lles tomen o pelo aos galegos. Por certo, quero felici-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tala por un novo fito, conseguido hoxe, un novo fito na súa longa traxectoria de derrotas e fracasos. Señora Pontón, equivocou vostede o debate por segunda vez; é a única líder política que eu coñezo que perdeu dúas investiduras sen que tan sequera fora postulada para o cargo. Ten o seu mérito, hai que recoñecerllo. *(Aplausos.)*

Señor presidente, como dixen ao comezo desta intervención, este debate é unha oportunidade para facer o balance do camiño percorrido e para fixar o rumbo do camiño por percorrer. Durante moitos anos —permitiranme a mención— foi Pedro Puy a quen lle correspondeu defender este balance, e sei que cando abandonou este parlamento o fixo coa íntima convicción de que apoiando o Goberno contribuíu a deixar unha Galicia mellor que a que recibimos aquel 1 de marzo de 2009. Eu tamén teño a convicción de que a Galicia que hoxe presentou vostede, señor presidente, é unha Galicia mellor que a que recibiu, e esa —e nada máis que esa— é a primeira obriga de calquera líder e a primeira aspiración de calquera pobo.

Señorías, eu non sei se algún dos voceiros que fixemos hoxe este balance terá ocasión de facelo o próximo ano, pero, en cambio, teño a convicción profunda de coñecer o presidente que vai abrir os debates de política xeral durante bastante tempo; chámase Alfonso Rueda, e hoxe debullou unha folla de ruta para seguir liderando este país durante moitos anos. É bonito querer ser presidenta, é moito mellor selo co apoio do pobo ao que queres presidir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa, presidente.

Señor presidente, Galicia segue no bo camiño, Galicia avanza na boa dirección. E voulle dicir unha cousa, señor presidente: pode que aínda non sexamos quen de mudar os horarios das mareas, pero, a pouco que nos empeñemos os galegos, malo será.

Parabéns por estes dezasete meses na Presidencia e parabéns por facer de Galicia un lugar mellor. Felicidades.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión durante dez minutos.

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e tres minutos da tarde e retómase ás seis e cincuenta e dous minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión coa resposta do presidente da Xunta de Galicia.

Cando queira.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Gustaríame, antes de empezar esta quenda de réplicas, facer un recordo —probablemente xa o tiña que ter feito á mañá— dun magnífico servidor público —non o coñecín, pero todos os que o coñecían falaban marabillas del—, o xefe do servizo no ambulatorio de Cangas, Benigno Villoch, falecido onte nun accidente en Palencia. Gustaríame facer un recordo da súa persoa. (*Aplausos.*)

Entrando xa neste debate, nesta quenda de réplica, intentarei, como creo que este é un debate —co permiso da señora Pontón— do estado da Autonomía —polo tanto, creo que é o que corresponde—, facer unha contestación de todo aquilo que foron dicindo e argumentando os dous portavoces, o do Partido Socialista e a do BNG, pola orde en que foron intervindo. Dixéronme moitas cousas, terxiversaron —está clarísimo— moitísimos datos e, polo tanto, intentarei ir contando a verdade, contando o que hai. Se deixo algunha cousa, hai outra quenda de réplicas para poder facelo.

Polo tanto, empezo polo portavoz do Partido Socialista, o señor Álvarez.

Señor Álvarez, hai papeis complicados, papeis moi complicados, e despois está o papel que lle toca facer hoxe a vostede. Estano vixiando de arriba e estano vixiando por detrás, teña coidado. Señor Álvarez, teña coidado, ¡teña coidado! (*Aplausos.*) É que vostede non o ve, señor Álvarez, pero eu si, que estou aí, e espero que na segunda quenda de réplicas teña máis sorte e aplauda todo o seu grupo, que non pasou na primeira vez.

Mire, teñen vostedes unha vida orgánica no seu partido vibrante —por dicilo dalgunha maneira suave— e que nos ten moi entretidos. Non creo que sexa moi útil para os galegos, pero realmente é entretido e apaixonante. Estaremos atentos ao que pase nos vindeiros días. E espero que vostede colla un pouco máis de concentración, porque esta vez picou: poli bo, señora Pontón; poli malo, vostede. Non houbo nin unha soa proposta. No discurso de investidura que montou a señora Pontón, as propostas son dela e vostede xa asume o papel de segundón. Por iso lle digo que teña bastante coidado co que lle poidan dicir do seu partido, señor Álvarez. (*Murmurios.)*

Mire, dicía vostede que sempre lle doe escoitarme. Dío sempre. Sempre está co mesmo, con esa visión cinsenta da que falaba o señor Pazos; a verdade é que é certo. Falan vostedes mal de Galicia. A señora Pontón fala moi mal, sempre; non hai nada que estea ben, todo é negativo, non hai nada positivo, non hai nada que se faga ben, xamais; xamais van recoñecer nada. Eu creo que iso non é bo, señor Álvarez, porque a xente pode ter as súas opinións, pero tamén é obxectiva e sabe distinguir. E cando o escoita a vostede falar con esa falta de respecto, e incluso para os propios dependentes, da medida... Por certo, esta vez saltou a nivel nacional, todo o mundo está falando dela, empezando polos dependentes e as súas familias. Para vostede —probablemente porque non pode recoñecer que é unha boa medida— merece o cualificativo —leo literalmente— de «*perrito piloto* do San Froilán». ¿Iso é o que lles parece

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a vostedes que tantos dependentes e tantas familias vaian poder ter esa axuda fun-da-mental, que estaban pedindo, que necesitaban e que nos coloca nun lugar pioneiro en España, simplemente para atender a xente que máis atención necesita? «*Perrito piloto* de San Froilán». ¡Un respecto, polo menos, para os dependentes e para as súas familias! Xa non lle digo para min, pero polo menos para eles, si, que para iso facemos esa medida. (*Aplausos*.)

Fálame tamén da nefasta xestión dos gobernos do señor Feijóo; que os galegos, como son parvos, recoñeceron con catro maiorías absolutas. Claro, os galegos son parvos; vostedes son os listos. A xestión era nefasta, pero como a xente non se entera, claro, agora pasa o mesmo. Pero volveu fracasar nesa teoría que teñen vostedes de que é moito mellor perder as eleccións, como fixo o señor Sánchez, que gañalas como fixo o señor Feijóo. Pois síntoo moito, señor Álvarez, non é o mesmo, nin moito menos. O señor Feijóo gañou e o señor Sánchez perdeu as eleccións. (*Aplausos*.) Isto é o que hai, ¡isto é que hai! E iso é a normalidade democrática.

Di vostede que ter maiorías absolutas non é normalidade democrática; probablemente porque nunca as tiveron, pero simplemente a xente opina, e se cre que hai que dar maiorías reforzadas, dáas libremente, e hai que respectalo. Entendémolo os partidos que as temos e deberían tamén entendelo os partidos que, coma vostedes, nunca as tiveron —nin creo que as teñan, sinceramente— en Galicia.

Falaba tamén da Tarxeta Básica. Falou dos mesmos argumentos que me vén repetindo durante todo este ano e medio: Tarxeta Básica, imposto do patrimonio, Ayuso e Génova... Son os seus clásicos, señor Álvarez. Sempre é o mesmo, non sae de aí. Dá igual que propoñamos medidas, dá igual que fagamos moitas cousas ou dá igual que nos equivoquemos. Eu dicíalle á mañá que por suposto que nos equivocamos en moitas cousas, pero non, non, sempre é o mesmo.

«Vostedes retiraron a Tarxeta Básica». Ben, moi ben, si, si, e dixémolo e demos a cara, e viñemos explicalo. Vostedes intentaron, por activa e por pasiva, dicir que eramos xente desapiadada e que non tiñamos en conta a xente que necesita atención, eses que vostede di que son «o *perrito piloto* do San Froilán». Pero non é certo, señor Álvarez. Mire, a Tarxeta Básica eran arredor de 19 ou 20 millóns de euros ao ano. ¿Sabe canto aumentou o orzamento para inclusión social dende o 2022, ano de supresión da Tarxeta Básica, en comparación co 2023, ano no que estamos? Un 25 por cento, 33 millóns; de 118 a 150. Aí está a Tarxeta Básica, incluída, dirixida e producindo, con eses fondos públicos, moitos máis efectos. Este é un goberno serio, que toma en serio a inclusión social, señor Álvarez. (*Aplausos*.) Síntoo moito. Se quere máis datos, tamén llos dou. Orzamento do 2023: aumento das axudas da Risga, un 8 por cento; aumento do complemento autonómico das PNC, un 6 por cento, aumento do complemento autonómico no Bono social térmico, o 50 por cento. Aí están os cartos da Tarxeta Básica, social, multiplicados case por dous. O que dixemos que iamos facer foi exactamente o que fixemos, señor Álvarez.

Falaba do índice de produción industrial. Estará de acordo comigo en que aumentou; baixou en España e aumentou aquí, moito, e as cifras son as que son. Polo tanto, se hai menos produción industrial no conxunto de España e hai máis produción industrial en Galicia, iso será

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha boa nova, digo eu. Son datos obxectivos, datos de organismos estatais. Xa sei que a vostede non lle alegra; é esa «Galicia cinsenta» da que hai que falar sempre, pasa o que pase, pero non lle encaixan eses datos, e eses datos son verdade.

Falaba do señor Agustín Hernández. Resulta que me dicía que o depuramos. Non, expirou o seu mandato, señor Álvarez, Non, non, claro que o dixo. Agora non quererá recoñecelo, pero díxoo. Non sei, falou de que estaba depurado... ¡Expirou o seu mandato! Non o sabía, probablemente; se non, non diría o que dixo aquí, pero, claro, ese é o rigor co que fala dalgunhas cousas. Estaría bo que se enterase de certos temas, ademais, cando está falando de persoas concretas. Expirou o seu mandato. Estivo cinco anos e, polo tanto, prodúcese un relevo. ¿Que di de depuracións? Depurar, depuran vostedes, señor Álvarez, moitas veces á forza; no seu partido estámolo vendo en directo agora, e o que nos queda por ver. Nós non facemos iso, nin moitísimo menos. (*Murmurios.)*

Falaba da educación, falaba... ¡Ah!, falou dos traballadores de Altri. *(Murmurios.)* ¡Si, si...! Bueno, é que agora, claro... Bueno, pois nada, non falou de nada. Eu inventei o que apuntei. ¿Equivocaríase? É que está claro que se equivocou, porque xa nos gustaría que houbese traballadores de Altri a estas alturas, porque o promotor, un investidor que quere poñer en Galicia centos de millóns e simplemente está pedindo aquilo ao que ten dereito, aquilo que lle están dando directamente outras comunidades autónomas —que lle interesa máis ao señor Sánchez—, leva moito tempo esperando para crear postos de traballo, miles, 2.500. Claro que ten que haber traballadores de Altri, e claro que vostedes non deixa. Mañá vou ver o ministro de Industria e vou falar disto. Veremos se esta vez, por primeira vez —e non será polo tempo que o levamos pedindo—, é sensible e pode haber traballadores de Altri. Vostede fala de traballadores que non existen, pero cóidase moito de non falar de traballadores que si existen. Non nomeou vostede —nin a señora Pontón, por suposto— os traballadores que estiveron, polo seu capricho político, a punto de perder o seu posto de traballo, os 500 traballadores de Ence e as miles de familias que dependen desa industria. (*Aplausos.*) Eses non os nomea nunca, ¡nunca!

E, por certo, señor Álvarez, ¿que vai pasar cos miles de traballadores que gañan a súa vida en empresas da cadea mar-industria que están agora mesmo ameazadas no dominio público marítimo terrestre, que están ameazadas por ese rigor —ao que eu me refería esta mañá— do seu goberno, que ten tanta manga ancha —cantos traballos, cantos sofocos está pasando para intentar xustificar o inxustificable e canto se empeñou, polo menos ata o de agora...? Declaración de independencia: que Galicia ordene, de acordo co seu Estatuto de autonomía, o seu propio litoral, como se lles está concedendo a outras comunidades autónomas. Pois a nós, non.

Mire, quedan dous días para que pase o prazo de recorrelo. Sería un escándalo intolerable que, a dous días do prazo, non se confirmase o que espero que se confirme: que o Goberno central entre en razón e lle deixe a Galicia facer algo tan necesario e tan lóxico —e ao que temos tanto dereito— como é ordenar o seu litoral. Espero que sexa así, e espero que non levemos unha sorpresa de última hora a dous días, despois de tres meses, do prazo de impugnación. (*Aplausos.*)

Di, señor Álvarez, que non fun recibido polo comisario de Pesca. Por certo, a min non me recibe. Mire, ¿sabe o que pasou? A vostede deberían contarlle as cousas no seu goberno, pero

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xa vexo que non lle contan absolutamente nada. Eu claro que ía velo, pero díxosenos dende o Ministerio, dende o Ministerio do señor Planas, que era moito mellor ter unidade de acción e que era moito mellor falar a través do ministro. Si, si, iso foi o que pasou, e nós entendemos que así tiña que ser; polo visto, equivocámonos e había que pasar do ministro do noso Goberno —tamén é o meu—, ir por libre, e que el faga o que queira, que nós faremos a guerra pola nosa conta. Pídesenos que teñamos unidade de acción, pero non hai que facerlle caso. ¿Iso é o que tiña que ter feito, señor Álvarez? ¿Por que non se informa un pouco mellor? Escoitaríame un montón de veces, de acordo con esa petición que tivemos, dicir que o señor Planas estaba representándonos a todos. Despois de escoitalo a vostede, xa teño bastantes dúbidas; que o informen un pouco máis das cousas, señor Álvarez. (*Aplausos.*)

E mire, infórmese tamén un pouco máis. Di que o marisco da ría de Arousa está en ameaza polo baleirado do embalse. Si, son as autorizacións que fai a Confederación Hidrográfica, que depende de vostedes. (*Murmurios.)* Nós xa o dixemos, sancionámolas incluso. Mande eses recados tamén. ¡Pero, ¿dáse conta?! É moi complicado falar sen información. Eu compréndoo porque non ten por que vostede saber de todo. Entón, claro, saír aquí e dicir estas cousas... Mire, foi sancionada a Confederación Hidrográfica, que depende do Goberno central, precisamente por eses baleirados. Alégrome de que este toque de atención polo menos... Bueno, alégrome se é que serve para que se dean conta de que esas cousas non se poden facer.

Fálame dos eólicos. Di que paralizamos todo por burocracia. Señor Álvarez, os fitos burocráticos defíneos —xa nos gustaría a nós ter capacidade para definidos desde aquí— a señora Ribera implacablemente e inflexiblemente para as comunidades autónomas, ¡eh!, porque para eles mesmos se aplican criterios bastante máis flexibles. Iso foi o que lle dixen eu. Cando fun a Madrid, díxenlle que os criterios eran excesivamente burocráticos, que estaban paralizando o desenvolvemento eólico en Galicia. E díxome que era o que había, nin máis nin menos. Polo tanto, xa llo direi eu, se me dá oportunidade de volverllo dicir e se realmente fan goberno —que non sei se van facer goberno nin sei se ela vai ter outra vez as responsabilidades—.Dende logo, se é así, xa lles recordarei o que vostede opina, para que saiba que os socialistas de Galicia opinan exactamente o mesmo ca nós e o contrario do que opina o Goberno central.

Dime que a Utility —esa empresa que queremos promover para aproveitar os recursos naturais de Galicia— foi unha reacción a unha proposta súa. Dígolle sinceramente que non a coñecía; pero non a coñecía eu, nin a coñecía o sector eólico, nin a coñecía absolutamente ninguén. A primeira vez que se falou disto díxoo vostede, non o poño en dúbida. Pero se teñen esas ideas luminosas, sería bo que llas contasen a todo o mundo, porque, se non, é moi difícil que nos inspiremos, señor Álvarez, e temos que facer as cousas pola nosa propia conta. Estaría ben que a apoiasen, porque xa verá como haberá concellos, institucións locais, non do Partido Popular, que probablemente cando vexan que é algo necesario, que é algo que funciona, quererán integrase, e farán ben.

Falou de Maersk. Dicía que o Goberno de España foi o que a trouxo. Mire, ¿sabe que eu recibín o máximo responsable de Maersk en España ao día seguinte ou dous días despois de que o señor Sánchez sacara da manga ese anuncio, por certo, coincidindo cun rapapolvo —outro

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis— da Unión Europea no que se dicía que os fondos Next Generation se estaban xestionando mal, que non se lles está dando saída e que non están servindo —bueno, o que todo o mundo di— para o que foron deseñados? De repente, incriblemente, saíu ese anuncio de Maersk, e o seu responsable veu verme. ¿Sabe o que me dixo? Que, primeiro, *largo me lo fiáis*; esa foi a primeira mensaxe. Xa non é responsable de Maersk agora, pero naquel momento, si, e díxome: «*largo me lo fiáis*», e que, en todo caso, o primeiro, Andalucía, e que o de Galicia xa se iría vendo. Polo tanto, xa me gustaría colgarlle esa medalla ao señor Sánchez, porque tamén sería bo para Galicia, pero foi un anuncio nada máis, como tantas cousas. Todo o bo que dixeron que ía vir a Galicia ou era mentira ou xa veremos cando vén. Esta é a realidade. Xa lle digo, xa me gustaría que o anuncio de Maersk fose verdade, polo menos a verdade inmediata e a verdade efectiva que nos dixeron que ía ser.

Di vostede que o Xacobeo converte Galicia nun país de camareiros. Vaia vostede por aí dicírllelo a todos os concellos, incluídos moitos gobernados polo Partido Socialista, que están encantados de que durante todo o ano haxa tanta xente pasando por onde antes non pasaba practicamente ninguén. ¿Como pode dicir iso, señor Álvarez? Pode ser mellorable, pode ser opinable, pero que o seu resumo, o resumo do voceiro do Partido Socialista, sexa que o Xacobeo é un instrumento para converter Galicia nun país de camareiros, é máis propio do Bloque que do Partido Socialista. E, xa lle digo, vaia vostede aos sitios polos que pasa o Camiño dicir iso exactamente. ¿Non se dá conta de que é marca Galicia? ¿Non se dá conta de que cada vez veñen máis estranxeiros durante todos os meses do ano e que deberiamos, coas propostas de mellora que queira facer, falar ben das cousas que funcionan ben en Galicia? Fale un pouco ben de Galicia algunha vez, señor Álvarez. Dígalles aos galegos que algunhas cousas en Galicia están ben. ¿Que son mellorables? Por suposto, pero que todo é de cor negra, que nada está ben feito, iso non coa e só lle resta —dígollo sinceramente— moitísima credibilidade.

Igual que os datos de emprego. Mire, eu laméntoo, porque non quero facer moi farragosa esta intervención, pero escoiteilles a vostedes falar de datos de emprego e, sinceramente, teño que dar os verdadeiros. Xa lle dicía ao principio que hai cousas que non se poden deixar pasar. Que vostede diga que o emprego é un desastre, que ninguén ten traballo en Galicia... *(Murmurios.)* —foi o que veu dicir, en resumo— non casa coa realidade —si, si, señor Álvarez—: moito menos emprego que antes, destruímos emprego, o emprego que hai é precario, é todo un desastre, a xente emigra porque aquí non hai nada de traballo... Todo iso díxoo, igual que dixo o resto das cousas que agora me di que non dixo, pero claro que as dixo, señor Álvarez. E, mire, ¿hai menos parados que cando chegamos ao Goberno? Si, por suposto. Paro rexistrado en setembro de 2009, 2.465; paro rexistrado en setembro de 2023, 130.643; 70.000 parados menos, señor Álvarez. Este é un dato obxectivo que casa bastante mal con todo o que vostede dixo.

¿Hai máis afiliacións á Seguridade Social? Si, por suposto: en setembro de 2009, 1.038.000; en setembro de 2023, 1.071.000, a pesar do devalo demográfico. ¿A taxa de paro é menor? Si, si, en 2009, o 12,63 por cento; en 2023, o 9,58 por cento. ¿A taxa de ocupación é maior? Si. EPA do segundo trimestre de 2009, 47,92; EPA do segundo trimestre de 2023, case o 50. ¿Os salarios medraron máis que noutros lugares? Si, por suposto. Galicia é a segunda comunidade, despois de Madrid, cun maior ritmo de crecemento porcentual dos salarios nos últimos catorce anos.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Hai máis mulleres afiliadas á Seguridade Social? Tamén. Xullo de 2023 pechouse coa cifra histórica máis alta de mulleres afiliadas, 527.543, un 12,84 por cento, case un 13 por cento máis que en abril de 2009. ¿O traballo xerado é de máis calidade? Si, tamén no segundo trimestre de 2023 tivemos a cifra máis alta da serie histórica de asalariados con contrato indefinido, 780.200 afiliados á Seguridade Social exactamente con contrato indefinido. Entre o segundo trimestre de 2009 e o segundo trimestre de 2023 os asalariados con contrato indefinido aumentaron; polo tanto, 120.500, un 18,27 por cento máis. O paro de longa duración é o menor en quince anos neste noveno mes do ano, no que temos as últimas cifras, 66,284 persoas.

¿Podería seguir, señor Álvarez? Si. ¿Vale a pena? Probablemente, non. Despois de escoitar isto, vostede seguirá dicindo que vostedes tiñan este tema moito mellor ca nós. ¡Menos mal que hai cifras que demostran todo o contrario!, e afortunadamente para nós, non; afortunadamente, para Galicia, señor Álvarez. *(Aplausos.)*

Imos ao bono Coidadores, ese «*perrito piloto* de San Froilán», do que vostedes falaban. Mire, despois de dicir todo iso, díxome que, en realidade, todo estaba inventado por vostedes; que só estabamos recuperando a cachos —iso si que o entendín eu; ao mellor, non dixo iso exactamente, pero, bueno, creo que a idea é exacta, ¿verdade, señor Álvarez?— e de modo vergoñento todo o bo que vostedes fixeron nos catro anos que gobernaron. Entón, ¿en que quedamos? Este bono do que todo o mundo está falando hoxe en toda España como unha medida a copiar, como un exemplo de facer ben as cousas ¿é bo ou é malo?, ¿é ridículo ou é recuperar as cousas boas que vostedes fixeron? ¿Esta medida que soltamos esta mañá é a mostra esgotada dun ciclo que está a punto de rematar ou é unha cousa boa da que a xente se vai beneficiar?

Dicíame que todo o que estamos facendo é porque dende que Pedro Sánchez chegou ao Goberno a dependencia ten un antes e un despois. Si, si, efectivamente, case 2.000 millóns de euros que nos deben, señor Álvarez, que non nos están pagando. Ese 20 por cento que ten que asumir a Xunta de Galicia en solitario do que tiña que pagar o Goberno central, efectivamente é un antes e un despois. Agardo que agora que falamos tanto de débedas históricas esta débeda sexa apoiada por vostedes para que nola paguen dunha vez. *(Aplausos.)* Estaría moi ben, señor Álvarez.

Falou de privatización da sanidade. Isto si que é bo, porque isto xa o falamos outra vez, e tamén o falou a señora Pontón. Mire, nós somos os grandes privatizadores —si, si, si—, vostedes, en catro anos, aumentaron o 50 por cento o orzamento que tiña o Sergas para concertos coa privada, de 150 a 220 millóns; en catro anos ¡eh!, e porque non lles deu tempo a máis. E agora veñen dicir que nós eramos os grandes privatizadores da sanidade. Señora Pontón, o 6 por cento do orzamento do Sergas chegaron a adicar vostedes —e porque non lles deu tempo a máis— en catro anos. Mire, o ano no que máis alto foi o orzamento do Sergas nos gobernos, dende o ano 2009, adicado a concertos coa privada non chegou ao 4,6. Así que o 4,6 en catorce anos como máximo —que normalmente foi sempre máis baixo—, e vostedes o 6 por cento que adicaron en catro anos.

Estas son as cousas que hai que contar moitas veces, cando vostedes chegan aquí e soltan eses mantras de que os privatizadores somos nós e de que vostedes son os defensores da

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pública. Dobraron, como mínimo, os cartos adicados á sanidade privada en catro anos. Señor Álvarez, igual que fala do desastre —igual que a señora Pontón— que é a sanidade, mire o CIS, que non creo que ninguén pense en España que o pode controlar o Partido Popular. Di que os galegos son, de entre todas as comunidades autónomas, os que máis prefiren a súa sanidade pública —a que vostedes deostan todos os días— fronte á sanidade privada.

Polo tanto, señor Álvarez, esa desconexión que lles digo que teñen co que pensa a xente realmente na rúa é a que os leva, probablemente, á situación na que están. Mire, póñolle un exemplo desa privatización da que vostedes renegan: Centro Penitenciario da Lama. ¿Sabe vostede que acaban de concertar un servizo privado para atender os reclusos, señor Álvarez? ¿Como casa iso coa súa defensa da sanidade pública a ultranza? ¿Como casa iso con que vostedes nunca privatizan nada e con que somos nós os que privatizamos todo? Ten un exemplo aquí, doutros moitos, dos que probablemente non nos enteremos, pero que pasan todos os días.

Saúde mental. Xa lle dei os datos outra vez do esforzo que estamos facendo, dos psicólogos que se van incorporar. Polo menos, recoñeceu vostede que a ver se era verdade; dános o beneficio da dúbida, polo menos, nisto. Pois, mire, nisto e en todo o demais xa verá como é verdade todo o que dicimos, xa verá... Se non, non o estariamos dicindo, señor Álvarez. Somos xente seria, gobernos serios e con orzamentos que respaldan as cousas que queremos facer. *(Aplausos.)*

En vivenda, señor Álvarez, 1.065 vivendas, nin unha máis nin unha menos, nese furor —do que xa se esqueceu, por suposto— que lle deu ao señor presidente do Goberno en funcións pola vivenda pública. Cando de repente, despois de case cinco anos no Goberno, se deu conta de que era un problema en España e en Galicia, un día saíu prometendo que en Galicia ía haber 1.065 vivendas da Sareb. Por suposto, fomos á Sareb. ¿E sabe o que nos dixeron? Que lle preguntásemos a Pedro Sánchez, que eles non sabían dicirnos onde estaban. Eses son os seus anuncios, señor Álvarez, a consistencia das súas promesas. Claro, isto temos que xestionalo desde aquí, por iso facemos xestións serias.

Nos dous últimos anos, 2021 e 2022, adxudicamos 323 vivendas públicas en réxime de alugueiro. Coa estratexia de vivenda pública 2023-2026, 1.909 novas vivendas. Claro, hai que facelas. Di vostede: ¿onde están? Estamos facéndoas, non son como esas da Sareb, que ninguén sabe onde están, empezando pola Sareb. Mire, entre o período 2009 e 2022 vostede dicía que non fixemos nada. Pois entregáronse 4.640 vivendas de promoción pública, 2.359 novas e 2.281 segundas adxudicacións.

A execución orzamentaria —ese mantra do que vostedes tiran— ¿sabe que é dous puntos superior á súa execución? Polo menos, esta execución, na época do Bipartito, aínda tiña un pase. Controlaba o BNG esa parte do Goberno e posiblemente por iso vostede nin sabía o que estaban facendo, pero, polo menos, non tiña unha mala execución, só estaba dous puntos por debaixo da nosa. Eu cando vexo eses datos... Vostedes dan alegremente cifras da falta de execución, pero non son certos en absoluto, e a xente ten que sabelo. Outra cousa é que teñamos que adxudicar de présa e correndo e que fagan a foto antes de que o Goberno central —como todo o que fai, faino tarde, mal e arrastro— nos traspase os fondos de vivenda, que

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

retén —ninguén sabe por que— ata os últimos meses do ano. Pero, aínda así, imos a unha boa execución, Polo tanto, todas estas cifras que dan de privatización da sanidade, de mala execución da vivenda, son absolutamente incertas e aproveito a oportunidade —e agradézoo— para poder dicilo. É unha mágoa porque, se vostedes fosen máis rigorosos, non habería que estar facendo as cousas, e menos neste debate do estado da Autonomía.

Débeda pública. ¿En que quedamos? ¿Eramos austericidas, obsesionados pola débeda pública, ou estamos facendo as cousas ben? Eu creo que o segundo. Iso permitiunos non ser intervidos, non ser rescatados —vostedes pedían, e o BNG tamén, que fósemos rescatados— e permitiunos agora mesmo facer, por exemplo, o que fixemos esta mañá e anunciar medidas que se van cumprir, porque temos pulmón. Moitas comunidades autónomas que agora cambiaron de goberno estanse encontrando co resultado da xestión socialista de moitos gobernos autonómicos e non teñen capacidade de manobra para nada. Tiña vostede que escoitar a presidentes e presidentas autonómicos o que están contando, señor Álvarez. Alégrome moitísimo de non estar nesa situación nin de lonxe e de poder facer cousas que outros non van poder facer, seguramente. Pero aquí si, somos a terceira comunidade autónoma de réxime común con menor nivel de endebedamento. Mire, voulle dar unha cifra —que estaría moi ben saber cal é a súa opinión, agora que estamos en negociacións—: en Galicia, efectivamente, cada galego debe 4.447 euros por habitante. ¿Sabe cal é a media nacional? É de 6.679. O 17,2 por cento de endebedamento. Claro que medrou nestes anos. Pero ¿en que quedamos?, ¿había que endebedarse con moderación, con cabeza e con sentidiño ou non? Nunca negamos que acudiramos a endebedarnos, pero sempre dentro duns límites de contención e a intereses que agora van permitir ter que devolver menos cartos ao servizo da débeda; moitos menos dos que van ter que devolver moitos presidentes autonómicos —agora do PP— da débeda que lles deixaron os seus compañeiros socialistas. A media nacional é dun 23,9 por cento.

E mire, se quere, xa imos á débeda en Cataluña, que é case o dobre. Non, non... Vostede ri moito, pero vanlla devolver á custa dos galegos. Pero, ¿de que se ri, señor Álvarez?, *(Aplausos.)* ¿de que se ri? *(Aplausos.)* Pero, ¿como pode...? ¡De verdade! *(Aplausos.)* Eu dígolle que cada catalán —con todos os meus respectos, porque non teñen a culpa dos gobernos que tiveron— debe máis do dobre do que debe un galego. Pedro Sánchez, o seu xefe de filas —supoño—, está admitindo —ou, polo menos, non negando, e xa veremos— e di que lle vai devolver toda esa débeda histórica que lle están reclamando para darlle a investidura. Iso vai saír dos cartos dos galegos, e a vostedes dálles a risa e parécelles moi normal. *(Murmurios.)* Hai que facelo e témonos que aguantar. E nós, que temos esa ratio de débeda das máis pequenas polo lado de abaixo, pero moi abaixo, no conxunto de España, resulta que hai unha mutualización da débeda, imos pagar entre todos a aqueles que teñen máis débeda para poñer o contador a cero, e a vostedes parécelles moi ben. Veremos o que fai o BNG na investidura tamén. Nin sequera lle preguntaron, porque son aínda máis irrelevantes que na ocasión anterior. Pero a ver que fan. *(Aplausos.)* ¡A ver que fan!

Fala vostede de igualdade. Di que non falei de igualdade. Por suposto que falei; outra cousa é que non me atendese, que non lle interesase ou que lle interese tamén repetir outro mantra, que é que a nós ese tema nos dá igual. Pois, mire, impórtanos moitísimo, ¡moitísimo!, no primeiro lugar, entre os que máis. E anunciamos medidas; pero, mire, as mellores medidas

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

son a execución orzamentaria ano a ano. Eu vólvolle recordar unhas cifras que lle molestan moito. Vostedes adicaban a todos os conceptos para a igualdade, conciliación e loita contra a violencia machista, 54,7 millóns de euros ao ano. ¿Sabe canto adicamos nós? 199,5, para ser exactos. Así demóstrase a loita pola igualdade, con vontade e con orzamento. *(Aplausos.)*

O dos chiringuitos ¿que quere que lle diga? ¡Home!, que mo diga alguén que apoia un goberno con 22 ministros e ministras e un presidente do Goberno que ten máis asesores que os 22 ministros e ministras xuntos, comprenderá que lle resta todo tipo de autoridade, señor Álvarez. ¡Home!, para falar dalgunhas cousas, hai que dar exemplo, ou os seus teñen que dar exemplo —que vostede non ten a culpa—, pero tampouco, entón, estará para poñer ese tipo de exemplos. Non me mire así. É o Goberno, con diferenza, con máis ministros e ministras da democracia, e iso tamén sae dos impostos dos galegos, señor Álvarez, ¡tamén sae dos impostos dos galegos! *(Aplausos.)*

Respecto das competencias, dime —iso tamén o di moito Bloque— que en catorce anos non hai ningunha competencia transferida. Bueno, non será porque non as pediramos; ou sexa, que hai que pedir e hai que conseguir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E houbo gobernos primeiro do señor Zapatero, ao que llas pedimos, pero non escoitou nada; logo o Goberno do señor Rajoy, que non as fixo —reclamámosllas, e tiña que telas transferido, pero non as transferiu—; e cinco anos do señor Sánchez, e non traspasou absolutamente nada. Claro, ¿a quen llas traspasa? A quen lle interesa. Galicia non lle interese ao señor Sánchez. Pero, mire, temos unha pedra de toque magnífica: hai tres competencias enriba da mesa das que estamos pedindo a súa transferencia inmediata. Empuxen vostedes para que tamén sexa así. Xa que teñen ese contacto directo, xa que teñen xente que está en comisións de contacto moi directo cos que deciden, pois, entón, boten unha man aí. Eu pídolles que boten unha man. Nós intentámolo, fixemos toda a forza, pero, claro, como se piden desde Galicia, non o consideran prioritario.

Vólvolle reiterar a competencia que reclamamos: ordenación do litoral. ¿Ou acaso non é unha competencia que teña importancia? ¿Ou acaso non escoita vostede as miles de persoas da cadea mar-industria que están dicindo que iso hai que transferilo e canto antes, cos medios económicos, persoais e materiais, por suposto. Aí ten unha primeira pedra de toque, unha primeira mostra de que vostedes realmente, coma nós, tamén cren no autogoberno de Galicia.

¿Quere máis? A AP-9. Sinceramente, non sei como non lles cae a cara de vergonza coa actitude que están tendo coa AP-9, señor Álvarez; ¡non sei como non lles cae a cara de vergoña! *(Aplausos.)* Intentaron todo o que se podía intentar para disimular o que era evidente: que non teñen ningunha intención de traspasala. Esta mañá dicíallelo, imos conxelar novamente as autovías que dependen da Xunta de Galicia, e novamente as dúas autopistas en Galicia que dependen do Estado volverán ser —sen ninguén o remedia— as máis caras de España. Estamos pedindo a transferencia da AP-9, estamos dispostos a xestionala, queremos facer as mesmas rebaixas que estamos facendo naquelas das que temos responsabilidades, e vostedes, ao final —claro, outra cousa é que xa non sabe como explicalo—, tiveron que evidenciar o que todos sabiamos xa: que non teñen ningunha intención de traspasala, señor Álvarez, ¡ningunha intención de traspasala! Iso é evidente, e iso tamén é o autogoberno, e así se demostra que un quere autogoberno.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E quere unha terceira? Xestión do ingreso mínimo vital. Esta é boa, porque nola prometeron. O ministro competente díxonos: si, si, si —nunha entrevista co señor Feijóo, cando era presidente da Xunta—, ningún problema. Pero se llela deron aos vascos, ¿como non a ía ter Galicia tamén? ¿Sabe o que pasou desde entón? A calada por resposta. Nin contestan os correos electrónicos, nin contestan as chamadas; non contestan a nada. Esta é a actitude do seu goberno, señor Álvarez, con Galicia. Isto é o que vostede debería transmitir se tivese algunha oportunidade, e isto é contra o que debería combater, igual que combatemos nós, se realmente quixese o autogoberno, e non simplemente vir aquí dicir que o autogoberno non medra, non se sabe moi ben por culpa de quen.

E, por último —e creo que non deixo nada no tinteiro; se non, xa digo que hai unha segunda quenda—, o da Televisión de Galicia. Mire, simplemente nisto voulle contestar... Vostede fala dunha serie de cousas da Televisión de Galicia. No Bipartito, dicían que o director da Televisión de Galicia era da parte socialista, porque, como todo, vostedes tiñan dividida tamén politicamente a compañía pública de todos, a Radio-Televisión de Galicia. O director, que dicían que estaba na órbita socialista, mandoulle unha carta ao vicepresidente, do Bloque —como todo o mundo sabe—. ¿Sabe que dicía? Denunciaba a presión do seu número 2 —do número 2, do vicepresidente do Bloque— porque «entorpece ata límites dificilmente soportables o traballo dos profesionais dos servizos informativos da TVG». Despois disto, ¿vostede atrévese a falar dalgunha manipulación, señor Álvarez? *(Murmurios.)* ¿Atrévese vostede a falar dalgunha manipulación? *(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)* Se quere, complétollo. O señor Beiras —que creo que non era sospeitoso de ser do Partido Socialista, e, polo visto, tampouco do BNG— dicía que na Radio Galega —que era a parte que eles tiñan controlada— «hai pouco que facer, porque mandan os comisarios políticos da UPG». Se quere, tamén desautorice o señor Beiras. Eu, dende logo, non o vou facer. *(Aplausos.)*

Xa lle digo, señor Álvarez, que se deixei algo máis nesta visión apocalíptica que vostede ten de Galicia sen recoñecer, e, xa digo, cun pouco de falta de respecto cara a algúns dos afectados beneficiados polas medidas, queda a segunda réplica para poder contestarlle, e pídolle desculpas se algo deixei.

E, señora Pontón, mire, neste último ano xa vivín, coa de hoxe, dúas sesións de investidura, dous discursos de investidura ao seu cargo: o da miña propia investidura —como todo o mundo sabe— e, por suposto, o de hoxe. Iso si, medida, porque a vostede lle sobraron 20 minutos para contarnos todo o que quere facer nunha lexislatura. O resto adicounos a esa visión «pontoniana» —que dicía o señor Pazos— onde en Galicia absolutamente nada vai ben. Pero ¿sabe o que pasa, señora Pontón? Mire, que aquí, neste Parlamento, somos 42 deputados e deputadas do Partido Popular de Galicia e vostedes son 19. *(Aplausos.)* ¿Sabe o que pasa? Que nas Cortes Xerais nós somos 27 e vostedes son nada máis que 2. E sobre todo que o presidente da Xunta de Galicia son eu e non é vostede, señora Pontón, *(Aplausos.)* e iso tamén debería telo en conta para moitas cousas. *(Aplausos.)*

En todo caso, mire, teñen vostedes un mérito —que xa llelo dixen nalgunha sesión de control—: son vostedes, á parte do único nacionalismo que hai en España que non lle saca absolutamente nada ao Goberno central, porque os tourean como queren, cunha man ou coa

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

outra —verémolo agora outra vez; agora, esta vez, xa nin o chaman, pero a vez que o chamaron toureáronos absolutamente—, son o único nacionalismo —outra cousa máis grave— que hai en España que fala mal da súa terra. Iso non o fixeron nin os cataláns nin os vascos; que nin sequera cando non gobernaban falaban mal da súa terra. E vostedes sempre falan mal de Galicia. Señora Pontón, sempre falan mal de Galicia, e non creo que iso sexa bo. Igual que non creo que sexa bo que manexe vostede —permítame que llo diga con toda a cordialidade— os prazos das vidas políticas co mesmo rigor e coa mesma exactitude que manexa as cifras dos orzamentos, as que nos di continuamente. Contabilidade creativa, directamente. *(Risos.)* Que vostede me diga que eu, que levo ano e medio como presidente, estou ao final dun ciclo, que estou esgotado, cando vostede, que leva vinte anos na mesma silla opositora, di que está ao principio dunha prometedora carreira política, iso si que é contabilidade creativa de prazos e de vidas políticas, señora Pontón, ¡absolutamente! *(Aplausos.)*

Polo demais, mire, non hai ningunha novidade. Apuntei aquí —e seguro que deixo cousas—: «servos do poder», «sometemento pleno a Madrid e á señora Ayuso», «testaferro dos empresarios», «trituradores» —esa palabra utilizouna moito— «do territorio», entre outras cousas, «asasinos do idioma», «amparadores da ultradereita»... Eses son os seus argumentos, os de agora e os de hai vinte anos. Da señora Ayuso, non, que non estaba, pero do resto, ¡vamos!, non hai novidades nesa visión apocalíptica pontoniana que teñen vostedes de Galicia. Por iso levan tanto tempo na oposición.

Veu aquí explicar o cambio que queren facer, as cousas que ven mal; iso si, evitando os temas escabrosos. Non dixo nin unha soa palabra do que agora mesmo se está ventilando, que é a posible investidura do candidato a ser investido agora mesmo, o señor Sánchez. ¿Que van vostedes facer? Cando se diga que hai que condonar a débeda de Cataluña a custa dos galegos, ¿vostedes van votar a favor ou en contra? Se nos din que finalmente impugnan a Lei de ordenación do litoral, ¿vostedes van votar a favor ou en contra, señora Pontón? Se nos din que todo o que vai haber que pagar para pagar a investidura será a custa, entre outros, ou especialmente, dos galegos, ¿vostedes que van facer, señora Pontón? ¿Vaino contar aquí, na sede da soberanía galega, no Parlamento, ou dese tema é mellor non falar e é moito mellor falar da señora Ayuso e dos trituradores do territorio, das cousas que falou vostede, pasando de puntillas d por iso? Eu comprendo que tampouco lle faga moita graza. Están sendo vostedes absolutamente ignorados neste proceso, ¡absolutamente ignorados! A outra vez foron absolutamente enganados, pero agora son absolutamente ignorados. Non fai falta nin que os enganen. Iso é especialmente triste, señora Pontón.

É que dixo tantas cousas que habería que rebaterllas con datos... Perdóeme que faga unha pequena selección para non alongar isto demasiado. Porque, ademais, é que xa o dixo tantas veces e xa lle foi rebatido tantas veces que non é que sexa cansino, porque é a miña obriga, pero probablemente sexa pouco útil para a xente que nos estea vendo. Son as mesmas mentiras de sempre, a mesma terxiversación, a mesma visión apocalíptica que nunca é verdade.

Mire, falemos dalgunhas cousas. Fala vostede dese mantra, de que perdemos poboación, do saldo migratorio desastroso para Galicia. Mire, dende o 2009, a diferenza entre as persoas que saíron de Galicia —que, por suposto, houbo xente que, por moitos motivos, saíu de Galicia— e as que entraron, ¿sabe canto é, señora Pontón? A favor das que entraron, 72.000

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoas. ¿Sabe cantas delas eran mozos de entre 16 e 34 anos? 16.000. Foron máis os que entraron en Galicia que os que saíron. *(Aplausos.)*

¿Sabe, en cambio —dende que hai datos— cando tivo lugar o récord negativo de xente moza que saíu de Galicia respecto da que entrou? No 2007, casualmente. Ao mellor, habería que pensar quen estaba gobernando no 2007 en Galicia, cando houbo ese récord; aí si que houbo un récord en negativo. Hai moitos datos, por moito que diga, pero quero dicilos; loxicamente, hai que dicilos para sacarlles a máscara das mentiras que contan. Dentro dos datos —para desmontar este mantra irreal e inxusto para Galicia, non para este goberno—, doulle outro dato máis: mobilidade interautonómica, xente que se despraza entre comunidades autónomas. ¿Sabe canta xente sae de Galicia en relación á que entra? Somos a segunda comunidade co mellor índice de mobilidade interautonómica. E a taxa de desemprego xuvenil —unida con todo isto, aínda que non esteamos falando de emprego agora mesmo— é un 2,1 por cento menor que a taxa media de España, señora Pontón, que sempre tamén se enfrasca nese dato que é absolutamente falso. Por suposto, non lle vou dicir que coa Estratexia Retorna, que vostedes ignoran absolutamente, igual que ignoran en xeral os galegos que viven fóra e que queren volver... Non lles merecen unha mínima atención, nunca falan deles, nunca lles merecen o mínimo respecto para ocuparse deles. Pois, mire, grazas a eles, neste primeiro semestre, xa non digo a taxa de entrada e saída, que sempre foi positiva desde que estamos nós, pero a taxa, o censo de galegos, medrou neste primeiro semestre 2.000 persoas, a pesar da diferenza demográfica entre nacementos e mortes; 2.000 máis, grazas á xente que quere volver a Galicia e que este goberno está acollendo. Señora Pontón, metan ese dato tamén na cabeza, porque é un dato verdadeiro, fronte ao que están contando. *(Aplausos.)*

Outro mantra: os recortes en sanidade, dos que sempre fala o Bloque Nacionalista Galego, especialmente a señora Pontón. Pois ben, o dato verdadeiro é que no 2009 os recursos públicos, o orzamento da Xunta adicado a sanidade, é de 3.655 millóns; no 2023, de 4.862 millóns de euros; é dicir, 1.207 millóns de euros máis, un 33 por cento máis investido na sanidade pública en Galicia. Estes —que o saiban todos os galegos e galegas— son os recortes dos que fala o BNG. *(Aplausos.)*

E, claro, xa se quere que vaiamos a outra cousa, a outro gran mantra do que vostede fala continuamente, pois imos. O investimento en atención primaria, señora Pontón, é de 1.436 millóns de euros investidos en primaria no Bipartito; e 1.526 millóns —90 millóns de euros máis— investidos no ano 2023, que é o último ano con orzamentos en vigor e, polo tanto, con cifras acreditadas.

¿Sabe onde vai esta subida, ademais? Vostede, para dicir que baixan as cifras e para restarnos, di que o gasto en medicamentos hai que telo en conta, e para subilas, non. Pois mire, aforramos en medicamentos, precisamente polos medicamentos xenéricos —eses que non querían os grandes laboratorios e aos que vostedes se opoñían; vostedes e o Partido Socialista—... Iso permitiu aforrar... Si, si, señora Pontón. Claro, vostedes, ou o partido co que vostedes gobernan. Se, ao final, é o mesmo, salvo que queiran facer como sempre... Non, non, pois nada, se non é o mesmo, explíquenllelo aos galegos. Explíquenlles aos galegos que vostedes están totalmente en contra dos gobernos que apoian, e que van apoiar. Xa verá como non dirá nada na súa réplica do que vai facer na investidura. Máis ben si, xa sabemos

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o que vai facer, pero xa verá como non di nada respecto do prezo que van ter que pagar os galegos pola investidura.

Pero, mire, hai unha subida de 90 millóns de euros en persoal, en subministracións, en investimentos..., en todas as cousas que vostede non vai recoñecer, pero que se dan. Investimos en sanidade pública máis que nunca, moito máis do que investían vostedes.

Falaba tamén das prazas MIR. Este ano foi o ano que máis prazas MIR se cubriron en Galicia, por suposto. ¿Sabe por que non se cobren máis? Por dúas cousas, polo sistema de elección e por outra cousa que me fai moita graza. Dicía vostede que hai xente que escolle praza MIR e despois non traballa na primaria. Señora Pontón, porque van a Urxencias. É que levamos anos dicindo que hai que crear a especialidade de Urxencias. A ver se vostede dunha vez lle di ao Partido Socialista, cando o apoia, que hai que crear a especialidade de Urxencias, señora Pontón. *(Aplausos.)* ¡É que é o que hai que facer! ¡Por fin! ¡Benvida á realidade!

Saúde mental. Fala vostede, con esa soberbia coa que fala de moitas cousas, da saúde mental, coma se a nós nos dese absolutamente igual, coma se non nos importasen a taxa de suicidios ou os problemas de saúde mental da xente. Non, non lle importan a vostede. Impórtanlle a vostede para pintar unha Galicia negra, pero para resolvelos xa estamos nós, afortunadamente.

Voulle dar algúns datos que creo que son importantes. Mire, Plan de saúde mental: a catro anos, aprobado no ano 2020 por este Goberno da Xunta, 83 millóns de euros, 241 prazas novas, 45 delas para psicólogos. Plan de saúde mental do Bipartito —supoño que xa habería problemas de saúde mental cando gobernaban vostedes—. Era un plan a seis anos. En seis anos, ¿sabe canto investían? 43 millóns de euros, 155 prazas, 24 para psicólogos. Para o dobre de tempo, metade do orzamento e metade de prazas para psicólogos. Iso é o que lles importaba a vostedes a saúde mental cando gobernaban, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Falaba vostede tamén da taxa AROPE de pobreza. Mire, disto xa falamos moitas veces, e xa sei que dá exactamente igual. É outro exemplo de cifras que vostedes retorcen e que negan cando non lles convén. Estamos case tres puntos por debaixo, e mellorando, na taxa de pobreza —segundo a taxa AROPE, que vostede citou— da media nacional.

Vostede dicíame que intente vivir con 400 euros ¿Acaso vive vostede con 400 euros, señora Pontón? Porque calquera que a escoitase diría que vive con 400 euros ou con menos. Ao mellor, non ten un soldo moi diferente aos nosos, pero vostede vénme aquí dicir que eu intente vivir con 400 euros. Non creo que fale por experiencia. E este é tamén o sitio de dicir estas cousas, aquí, señora Pontón, para sacarlle a careta do finximento que vostede moitas veces fai, señora Pontón, ¡moitas veces! *(Aplausos.)*

Da privatización dos servizos públicos non lle vou falar, xa llo dixen en canto á sanidade. Respecto dos servizos sociais, onde vostedes gobernan privatizan servizos sociais e onde vostedes gobernan privatizan concesións públicas; iso si, o mantra, o prexuízo ideolóxico, é que non se pode privatizar, salvo cando vostedes o fan. Iso é continuo e constante, e iso tamén é bo descubrilo. Hai moitísimos exemplos.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Da débeda pública, xa lle dixen que pasamos de austericidas a que resulta que nos endebedemos de máis. Como lle dicía ao señor Álvarez, ¿en que quedamos? ¿Había que endebedarse ou non había que endebedarse? Eu xa lle digo que creo que si, para poder facer estas cousas, pero vostedes deberían ter algún tipo de coherencia entre as cousas que dicían antes e as cousas que nos veñen dicir agora.

Da caída do IPI, o Índice de Produción Industrial, xa lle dixen: non caeu o IPI, todo o contrario, señora Pontón. Aquí o IPI, o que producen as nosas industrias, ascendeu, ao contrario do que pasou con vostedes. Dime que temos un plan, pero satiriza o plan e rise del, coma se non fose un plan importante, coma se non fose o que nos piden os empresarios para crear postos de traballo, axilidade burocrática e apoio financeiro, sobre todo nos primeiros momentos. Claro, é moito máis fácil facer o que fan vostedes, que é asustar os investidores. Acábanos de dicir aquí que vostede se opón absolutamente á enerxía eólica mariña. Dá igual que se faga todo o posible e que haxa un observatorio galego para, precisamente, ocuparse de que sexa compatible o desenvolvemento dos nosos recursos pesqueiros —absolutamente fundamentais— cunha oportunidade que lle pode supoñer a Galicia, nunha primeira instancia, máis de 10.000 postos de traballo. Vostedes xa sabemos que —como tantas cousas do Bloque— se queren opoñer. Agora lle diría que teña a valentía de ir a Ferrolterra a dicirlles que se esquezan do desenvolvemento e das oportunidades que vai supoñer a eólica mariña. *(Aplausos.)* Teña esa valentía polo menos, señora Pontón.

E mire, en todo caso, non me estraña que vostede se ría dos plans que temos para atraer investimentos á nosa terra; é o que están facendo en todas as partes, señora Pontón. Dicía esta mañá que se non o facemos nós, van facelo os demais. Estas oportunidades non se van deixar escapar. Claro, cando se pon a ideoloxía por enriba de todo, esas oportunidades escapan. E a misión, dende logo, que teño eu como presidente, que ten o meu Goberno e que nos piden os galegos é que non o deixemos escapar; que, por suposto, respectemos o medio ambiente, como non podía ser menos, pero que non deixemos pasar esas oportunidades. Son miles de postos de traballo. Galicia está nunha posición privilexiada para aproveitar todo o que temos por diante, todo o que vén. e, por tanto, non imos deixar pasar esa oportunidade. Claro, vostedes: a eólica mariña non —o que acabamos de falar—, eólicos, non. O de «eólicos si, pero non así» é un «eólicos non» continuo. Vostedes apoian as plataformas, e din que temos que rexeitar calquera solicitude que haxa de desenvolvemento de enerxías renovables, señora Pontón. Si, si, apóianas decididamente.

Di: Ence fóra dá ría. E miles de postos de traballo que se vaian de Galicia; total, non nos fan falta. Non me estraña que vostedes, señora Pontón, asusten os investidores, a xente que quere crear postos de traballo. Nós non imos facer iso en ningún caso, é outra mentira que contan vostedes continuamente. ¿Como que non hai apoio aos investigadores, apoio á I+D+i? Mire, hai un esforzo importante. Esta mañá falei dunha serie de medidas que a vostede lle dan exactamente igual. Vostede fixo un plan de ciencia. Mire, deberían contarlle á xente que se dedica en serio a isto —que hai moitos e moi bos profesionais investigadores en Galicia— que ese plan xa existe, concertado co Goberno galego e con toda a sociedade civil científica, empresas e universidades, e con todo o mundo que ten algo que dicir na I+D+i galega, que son moitos.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Estratexia RIS3, Estratexia de especialización intelixente; 5.000 millóns de euros nun plan plurianual, 2.000 deles aportados pola empresa privada. Supoño que por iso a vostede non lle gusta nin lle vai dar ningunha oportunidade, pero isto xa está inventado, señora Pontón. Vostede non inventa cousas; hai cousas que hai tempo que están mellor deseñadas, e funcionando moito mellor en Galicia.

Dicía que non hai autogoberno. Volvo dicir: AP-9, ordenación do litoral e ingreso mínimo vital. Digan vostedes que, se non conseguimos todo iso, non van apoiar a Pedro Sánchez. A ver se é verdade, e, entón, empezaremos a crelos. Se vostedes din que non votan, empezaremos a crelos, porque terán que demostrar moitas máis cousas, pero empecen por aí, se queren ser cribles. ¿Ou van votar, a pesar de que nos dixesen unha vez máis, hai uns días, que a AP-9, de ningunha maneira e que o ingreso mínimo vital —que xa teñen outras comunidades autónomas—, nada de nada? E na ordenación do litoral existe o risco —insisto, espero que non— aínda de que poida ser impugnado.

Despois está en contra de cousas moi pintorescas. Non lle gustan os caixeiros automáticos nos concellos pequenos. Bueno, moi ben, pois vaia vostede a un pobo pequeno a dicir que hai que sacar o caixeiro automático porque á portavoz do BNG non lle gusta que a xente saque cartos neses pobos. Diga vostede todo iso. *(Aplausos.)*

Da televisión, ¿que lle vou dicir? Vostede, como é un pouco «guadiana», de repente quita programas, de repente non quere ir... A televisión galega é algo moito máis serio do que vostede pensa, señora Pontón... Eu alégrome moitísimo de que haxa anos que a manipulación que vostedes fixeron estea desterrada da televisión pública de todos, señora Pontón. ¡Alégrome moitísimo!

Fala da depredación eólica. Primeiro, infórmese ben. O territorio protexido en Galicia é o dobre que o da media nacional, Debería sabelo, señora Pontón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Igual que debería saber que no día de hoxe en Galicia hai 3.000... *(Murmurios.)* ¿Como era iso, señora Pontón: «Respécteme, por favor, eu non podo...»? ¿Como dicía vostede antes? *(Risos.)* Non me acordo como era. *(Aplausos.)* «Pídolle, señor presidente, que...». Era algo así o que vostede dicía. Como sempre: ten a pel moi fina cando lle toca a vostede, señora Pontón, pero iso é marca da casa.

Dicíalle que no día de hoxe a depredación eólica que di que ten un goberno que ten protexido máis do dobre que a media nacional consiste exactamente en 3.900 megavatios instalados. ¿Sabe que cifra é esa? Exactamente un 40 por cento menos do que o BNG quería que estivese instalado no ano 2012, cando gobernaba o Bipartito; ¡un 40 por cento menos, señora Pontón! *(Aplausos.)*

E mire, imos falar en serio de algo que é moi serio. O 77,5 por cento do noso territorio está blindado por motivos ambientais para instalacións eólicas. Isto vostedes nunca o van dicir porque non lles convén para a súa demagoxia e para os seus prexuízos ideolóxicos. Están prohibidos en Rede Natura en Galicia, pero o Ministerio permíteos; os que teñen que tramitar eles, o Goberno que vostedes apoian, señora Pontón. Vote tamén en contra na investidura mentres permitan en Rede Natura as instalacións eólicas de máis de 50 megavatios.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dos últimos 185 expedientes resoltos, 58 están informados negativamente por motivos ambientais, aquí, en Galicia; unha media moi superior aos que se denegan dende o Ministerio. Isto vostede non vai contalo nunca, porque non lle convén para a súa autoría, para a súa construción da depredación eólica, que é absolutamente mentira.

E mire, ¿sabe un dato moi serio —o máis serio de todos ou, polo menos, igual de serio— coa preservación medioambiental? Que 5.435 empregos dependen directamente en Galicia do desenvolvemento eólico; son 5.435 familias que vostedes queren levar por diante, que vostedes ningunean. E se imos ao sector eólico mariño, que vostede acaba de dicir aquí e de levalo por diante, como mínimo, 10.000 máis nos próximos cinco anos... Toda esa xente —segundo o BNG— que se olvide de ter traballo en Galicia. (*Aplausos*.) ¡Que triste é iso!

E, por certo, dicía que se olvidaba algunha cousa... Perdón, señor Álvarez, que teño aquí moitos papeis. Falou vostede dunha cousa que me chamou moito a atención, e por iso, abundando na necesidade de informarse ben dalgunhas cousas... Botounos a culpa da conectividade, da cobertura de internet. Señor Álvarez, as telecomunicacións son competencia exclusiva estatal. Artigo 149.1.21 da Constitución: «O Estado é a administración competente en materia de telecomunicacións, o único organismo que pode establecer obrigas dirixidas aos operadores de telecomunicacións referentes á cobertura de internet». Probablemente por iso no PERTE, nos fondos MRR que se están dedicando a todo isto, o Estado se reservou a competencia exclusiva para distribuír todos os cartos. Señor Álvarez, para unha cousa tan seria, hai que informarse un pouco máis, perdoe que llo diga, con toda a cordialidade, porque, se non, non se poden resolver as cousas. A vostede dálle a risa. *(Murmurios.)* Mire, ¿quere ser algo positivo nisto? Dígalle ao Goberno, ou que llo diga o BNG —ou xa non sei quen llo ten que dicir— que nos deixe xestionar os fondos Next Generation para darlle cobertura á xente que aínda non a ten. Sería moi útil. Díganlle ao Goberno que nos dea a capacidade normativa para obrigar ás teleoperadoras a que dean cobertura nos sitios nos que non lles é rentable economicamente. Dígalle todo iso. Pois se non llo di, entón, dígalle que o fagan eles, señor Álvarez. Pero non facer nada, toleralo e vir aquí dicir que a culpa é da Xunta de Galicia iso non resolve absolutamente nada, e perdoe que llo diga. (*Aplausos*.)

En definitiva, señorías, e especialmente señores e señoras deputados e deputadas do Partido Socialista e do BNG, miren, canto mellor lle iría a Galicia cunha oposición que estivese menos pechada en si mesma e máis aberta a Galicia. Dígollelo sinceramente, porque os problemas están aquí, e son problemas que a xente demanda que lle resolvamos.

Temos un nacionalismo que estaba atrapado nesas alianzas internacionais, que está moi entretido... Oia, xa van dous anos da guerra de Ucraína e non foron capaces de condenala, e agora, en menos de 24 horas, acaban de darlle o apoio a Hamás, unha organización terrorista que acaba de matar a moitísimos civís. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) (*Aplausos*.) Para iso non tiveron ningunha présa. (*Aplausos.)*

E tamén, ao mellor, non é verdade que vostedes fixeron iso. É que non son capaces —ninguén sabe por que, dígollelo sinceramente— de condenar e de dicir que a invasión de Ucraína é un atentado contra o dereito internacional, iso como mínimo, á parte dunha inxustiza, e que está morrendo moita xente inocente. Iso non son capaces de dicilo. Eses apoios a Putin

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no Congreso dos Deputados vanos perseguir sempre, señora Pontón. Vostede sempre baixa a cabeza cando lle digo iso, (*Aplausos.*) sempre baixa a cabeza, pero non é capaz de dicirlle ao único deputado que teñen no Congreso que deixe de avergoñar a Galicia con esa postura, señora Pontón, porque, ao final, representa a toda a xente, non só á que lle botou. Igual que quero pensar que os deputados e deputadas do Partido Popular representan a todos os galegos, que vostedes non pensan iso, e por suposto que os representan.

Outra cousa que teñen que facer é non facer seguidismo do nacionalismo vasco e catalán, porque lles sae moi mal. Eles conseguen cousas; vostedes non conseguen absolutamente nada. Polo tanto, imítenos, falen ben de Galicia, estaría ben que niso os imitasen, pero non os imiten nos seus intereses, que non teñen nada que ver cos de Galicia; é máis, son a custa de Galicia. Todo o mundo se dá conta, menos vostedes, e, se se dan conta, fan coma se non se desen conta, que é aínda peor.

E, por suposto, o Partido Socialista, está centrado nos temas de Galicia. Están vostedes —eu compréndoo perfectamente— agora enredados nos seus apaixonantes asuntos internos. Por comentar a actualidade, parece ser que hai unha disputa entre quen xa dixo hai tempo que se quería presentar ás primarias e outro candidato que parece que vén un pouco arrastrado polos pés e que ten o mérito (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non sei se é mérito— de encabezar a candidatura no lugar onde o Partido Popular sacou o mellor resultado de España e o Partido Socialista o peor; polo tanto, vostedes saberán o que están facendo. Pero iso, dende logo, quítalles bastante tempo para ocuparse doutros temas. (*Aplausos.*)

En definitiva, deberían estar vostedes menos preocupados das prioridades dos seus partidos e un pouco máis preocupados das prioridades de Galicia e dos galegos. A senda de Galicia non é a do Goberno central, non é a do nacionalismo, nin é a do seguidismo do que faga a Moncloa, pase o que pase. Eu creo que é necesario que se dean conta dunha vez de que os problemas que lles interesan a determinados políticos, que son vostedes, non son, nin moito menos, os problemas que lle interesan á xente, nin os problemas que nós, que temos a responsabilidade de gobernar, temos que resolver. Mire, aos galegos impórtanlles os temas dos que eu intentei —e creo que o conseguín— falar esta mañá; aos galegos impórtalles que Galicia progrese e cree emprego —iso si que lles interesa aos galegos—; aos galegos impórtalles que se senten as bases dun futuro mellor para as vindeiras xeracións, e tamén para os que estamos agora mesmo vivindo en Galicia. Os galegos —como lle dicía esta mañá— queren ter certezas e queren ter seguridade ante un panorama nacional e internacional que non proporciona, nestes momentos, esa seguridade, e que máis ben o que proporcionan son moitas incógnitas. Para iso vai estar a Xunta, para dar esas seguridades.

Aquí hai un proxecto de goberno —iso foi o que eu vin debater hoxe aquí a esta Cámara—, un proxecto de goberno capaz de levar adiante todo iso, e de materializalo. Temos o aval do feito ao longo de todos estes anos, creo que con moitos acertos. Cada vez que lle preguntamos á xente en Galicia, os galegos e galegas opinaban iso, e tamén, por suposto, con erros. ¿Quen non comete erros en tantos anos e con tantas decisións que hai que tomar? E temos unha folla de ruta, que eu intentei debullar esta mañá no meu discurso; esa folla de ruta son menos impostos para a compra de vivendas de segunda man. A vostedes iso deulles exactamente igual, non lle dedicaron nin medio segundo. Non lles preocupa, non lles afecta, non sei o

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que pasa, pero, dende logo, nin medio segundo. E é unha baixada nun punto no imposto de transmisións patrimoniais.

Á xente interésalle que haxa menos papelame para acceder ás axudas para as familias e que sexa unha tramitación cada vez máis sinxela. Por suposto, iso tampouco lles provocou falar medio minuto nos seus discursos esta tarde. Á xente interésalle que haxa menos espera para os proxectos industriais; interésalles aos empresarios e interésalle á xente que quere traballar nesas empresas —as que a señora Pontón quere botar de Galicia, ou directamente quere que non veñan—. Á xente interésalle que eses proxectos que crean postos de traballo, que estruturan o territorio, teñan financiamento ao principio, que é cando máis o necesitan. Á xente interésalle que haxa cada vez máis e mellores medios humanos e tecnolóxicos nunha sanidade pública de vangarda, que cada ano inviste máis. E á xente interésalle, e interésalles ás persoas maiores, e tamén aos que queremos ás persoas maiores, ás que debemos todo —interésanos a todos, menos a vostedes, que lles dedican cualificativos que creo que non son merecidos, sinceramente, e van totalmente en dirección oposta ao que pensa a maioría da xente, ao que está pensando desde que fixemos ese anuncio—, que as persoas maiores e as súas familias poidan envellecer á súa maneira, cada vez con máis axudas e máis posibilidades. Esas persoas dependentes, especialmente, que son as que necesitan máis axudas, son as que teñen que ser máis axudadas. E iso tamén lle interesa moito á xente, para iso fixemos ese bono universal único que é pioneiro en España e que esta mañá anunciei.

E a xente quere —¿por que non dicilo?— máis espazos de lecer e desfrute; os que teñen mascotas tamén queren iso. Vostedes hoxe rían con esa medida, pero tamén son cousas que lle importan á xente. Xa lles dixen que ás veces os símbolos serven para testar cales son realmente as preocupacións dos grupos políticos, e vostedes con esa risa retrátanse diante de moita xente que realmente ten interese en cousas, aínda que sexan pequenas. Este goberno atende as cousas grandes e as cousas pequenas, por iso é un goberno que ten a confianza da xente. (*Aplausos*.)

Polo tanto, non nos imos conformar. Supoño que na segunda quenda de réplica vostedes dirán —non sei o que vai facer a señora Pontón, vendo o que fixo na primeira— que todos os datos que eu refutei con outros datos, esta vez verdadeiros, non son así, pero é que son así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) *(Risos.)* A xente sábeo, a xente coñéceo e a xente dános forzas.

Polo tanto, hai que seguir crecendo, hai que seguir medrando e hai que seguir avanzando, e para iso temos máis forzas que nunca.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Tampouco foi para tanto, ¡eh!, tampouco foi para tanto a calidade da intervención. *(Murmurios.)*

Mire, permítanme facer unha referencia previa á lamentable intervención do señor Pazos —que neste momento non se atopa, pero supoño que lla farán vostedes chegar—. Lembro con tenrura as patéticas miradas que o señor Pazos lles dirixía a vostedes buscando as risotadas do sector Vox do Partido Popular na súa intervención. (*Aplausos*.) Foi realmente entenrecedor. Esta persoa... *(O señor Pazos Couñago incorpórase ao seu escano.)* —¡ah!, moi ben—. Señor Pazos, degrada vostede a Cámara con intervencións dese tipo, *(Murmurios.)* e fainos recordar e botar de menos, como xa supoñiamos, o señor Puy, que nunca faría unha intervención dese tipo. ¿Quere vostede, señor Pazos, que fagamos unha exposición pública das súas liortas internas? Podemos. ¿Cre vostede que o que se sente, señor Rueda, por vostede, dentro do propio Partido Popular, é adoración mariana? É que, ao mellor, ten algún colectivo discrepante.

Por último e para rematar —porque non é o importante—, ¿quere, señor Pazos, que describamos un pouquiño, someramente, a situación do Partido Popular de Lugo, porque aí si que podemos falar de trindade, non santísima, pero si de trindade: unha parte da trindade, ás miñas costas; e outras dúas partes da trindade, de fronte? E remato, porque xa digo que o que vostede fixo pouco ten que comentar. (*Aplausos*.)

Señor Rueda, supoño que non se me enfadará se che chamo replicante, porque, na última sesión de control, vostede dixo que replicante era o que daba a réplica, e como vostede deu a réplica... (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, négao e fai acenos coas mans*.) ¡Ah!, vale, dígoo por se se ofende. É que vostede ten a pel fina. Porque, ¿sabe que lle pasa, señor Rueda? Mente vostede como un profesional, mente con absoluta sinceridade.

E fixo vostede de portavoz do Partido Popular. ¿Por que? Moi sinxelo, porque non o houbo, e, claro, (*Aplausos*.) falta un presidente no debate, porque, cando o presidente fai de portavoz do Partido Popular, falta o presidente.

Fíxome vostede, señor Rueda, moitas acusacións persoais. A verdade é que non atendo moito ese tipo de cousas, créanme, forma parte, ademais, desgraciadamente, da súa estratexia desde que é presidente, vímolo constatando sesión a sesión de control. Pero vostede chamoume segundón, e, entón, reflexionei e dixen: vamos ver, ¿por que me chama segundón? ¿Sabe por que? Porque eu teño moitísimo respecto e aprecio polos que falan dende a experiencia. (*Aplausos*.)

Mire, señor Rueda, barro —xa llo dixen pola mañá— e descualificacións persoais. e ten un problema serio de comprensión oral, porque eu si fixen propostas na miña primeira intervención. Repásea vostede, ou que a repasen. Non diga que non, compróbea e verá como, lamentablemente, si. Pero o que non lle perdoo de ningunha maneira é que se atreva a dicir que eu dixen nalgún momento na miña intervención que os dependentes galegos eran o «*perrito piloto*». (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela*, *fai acenos coas mans desde o seu escano.)* Non, non, non, iso díxoo vostede, e vostede, se mantén iso e non o retira

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na súa seguinte intervención, está —creo— comportándose... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non, os dependentes; a medida e os dependentes, as dúas cousas. Repase o que dixo, que, ao mellor, se lle quentou a boca. Suele pasar cando un está nervioso, cando un está tenso, cando un di: vou perder, a ver como saio desta. Pódoo entender, pódoo entender. (*Aplausos.*) Pero, señor Rueda, ¿sabe que pasa? Que ese tipo de afirmacións feitas coa única intención de causar dano a outra persoa, ¿sabe como se chaman? Insidia. ¿E sabe quen practica a insidia? As malas persoas. Eu non creo que vostede sexa unha mala persoa, *(Murmurios.)* non, non, non o creo; o que si creo é que, neste caso, se lle quentou a boca. Por iso vou pedirlle solemnemente que no seu último turno corrixa a afirmación de que o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista dixo que os dependentes de Galicia eran o «*perrito piloto*». É absolutamente inadmisible.

Estou decepcionado, pero non sorprendido, porque constatamos unha vez máis que vive vostede nunha realidade alternativa. Saia do argumentario que lle preparan e escoite realmente a oposición porque vexo que non nos escoitou; non fixo caso do que lle dixemos esta tarde.

Fagamos un repaso dalgunhas das propostas que lles fixemos durante os últimos tempos e que vostedes se negaron a apoiar.

Propuxémoslle investigar as inspeccións nas residencias, pero non escoitou. Propuxémoslle recuperar o sistema de gratuidade de libros, e non escoitou. Propuxémoslle medidas de impulso á economía no mundo rural, que ten abandonado e sofre o despoboamento, e tampouco escoitou. Estamos, como dixen, ante o seu primeiro e último —creo— debate do estado da Autonomía no que estará como presidente.

Imos reflexionar sobre algo moi importante: o legado. O legado é moi importante, señor Rueda; e é moito máis importante para os presidentes. O presidente Fraga tivo un legado. Xa sabemos todos do seu pasado franquista, *(Murmurios.)* pero hai que recoñecer que axudou a Galicia a consolidar a súa autonomía. Tiña pasado franquista... *(Murmurios.)* ¿Que quere que lle diga?, ¿que non o tiña? Non lle gustará, pero é o que hai. *(Risos.)* Pero acabo de recoñecer que axudou a consolidar a Autonomía.

Do presidente Touriño non me negarán vostedes a súa protección do territorio e medidas de reequilibrio social e medidas como, por exemplo, a gratuidade dos libro de texto.

Ata o señor Feijóo ten un legado: o legado da austeridade, do austericidio. Ese é o seu legado, pero ten ese legado.

E chegamos a vostede. ¿É vostede consciente de que será recordado, señor Rueda, por ser o único presidente da Comunidade Autónoma que se pregou ás exixencias das persoas máis ricas para reducir o imposto do patrimonio? *(Aplausos.)* Porque estou seguro de que tanto o señor Fraga Iribarne como o señor González Laxe, como o señor Touriño, como o señor Feijóo e, por suposto, coma vostede, recibiron esa petición. Os demais presidentes soportaron a presión; vostede pregou, esa é a realidade. Pero, claro, como vostede aínda non se fixo bastante popular —porque, claro, 7.000 persoas beneficiadas por esa medida tampouco son

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para unha aclamación e non é por unanimidade—, vese obrigado a dar unha ducha de popularidade deseñada invitando a cañas ou disfrazándose nun programa de televisión. Foi unha campaña persoal de propaganda, pero non ten propostas, e a súa política é puro márketing, pero do malo.

Copiou o peor da comida rápida, os bonos de desconto, ou o peor da industria da moda, coa tempada de rebaixas, no seu caso fiscais. Leva vostede pouco tempo, é verdade, e moito máis non vai durar, pero mirando o panorama e vendo entre o pouco e o nada que fixo neste ano que leva dende que chegou ao Goberno da Xunta, cun goberno herdado, que só lle permitiron mudar levemente, porque o seu xefe, o que manda, reclamou aos seus conselleiros porque pensaba que ía gobernar en Madrid, déixeme que lle diga que aínda que fose presidente durante vinte anos moito legado positivo non ía deixar.

E voullo dicir ben clariño para que me entenda: se non quere estar, marche; *(Murmurios.)* se nota que lle vai grande, déixeo. *(Murmurios.)* Estou dicindo, se el nota... *(Murmurios.)* ¿Ven como teñen un problema de comprensión oral? *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se nota que lle vai grande —dicía—, déixeo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Manteñan silencio, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Se non ten ideas, fale co señor Calvo —agora mesmo non está—, que igual ten algunha, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero por nós marche cando queira, non o imos reter, e seguro que algún dos que están sentados cerca, tampouco; igual lle axudan a marchar. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, só ten vostede a confrontación como argumento, así que, antes de marchar —sexa xa ou dentro de dous «xas»—, déanos as grazas aos socialistas, porque non quero pensar eu que faría vostede sen nós. *(Murmurios.)* Mire, eu creo que está contento de que o señor Feijóo non conseguise o apoio da Cámara para ser presidente. En primeiro lugar, porque así non quedaría en evidencia o pouco que lles importa Galicia, quedou de manifesto no debate fallido de investidura ou no debate de investidura fallido ou na fallida investidura do que sexa... En definitiva, aquela cousa que inventou o señor Feijóo, porque parece ser que gañou as eleccións, segundo repiten vostedes machaconamente. En todo caso, dígoo porque o señor Feijóo non tivo referencia ningunha ás súas propostas para Galicia, porque xa eran de sobra coñecidas e ao resto de España pouco lle importaban.

Con Feijóo ía pasar como con Rajoy, señor Rueda, que en sete anos de goberno non fixo un só avance para esta comunidade: nin transferencias de competencias, nin pedidas nin non pedidas, señor Rueda, o proxecto do AVE hibernado e a AP-9 sen ningún tipo de medidas para axudar as galegas e os galegos ante o alto custo das peaxes. E agora vén vostede dicir que non pode dar axudas para a AP-9 porque non está transferida. Señor Rueda, non as dá porque non quere. Arbitre o modelo e habilite, mediante os orzamentos, as axudas correspondentes. *(Aplausos.)* Non veña dicir que, como non é competencia súa, non pode dar axudas. Non minta, porque non as dá porque non quere. ¿Non se dá conta de que ata o señor Feijóo prometeu financiar no seu día a construción do AVE Ourense-Lugo? —¡Señor Pazos, que cousas, eh! ¡Si!...— *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En segundo lugar, porque ¿que faría vostede?, ¿con quen iría aos xornais para tapar as deficiencias da súa xestión, que afloran en todos os ámbitos? Vostede precisa do Goberno socialista para botarlle a culpa a alguén de todos os seus males: ¿que a sanidade galega ten graves problemas porque pasaron catorce anos recortando? A culpa é agora do Goberno central porque non hai prazas MIR suficientes. ¿Que nos chegan as consecuencias dos nosos recortes en educación? Imos rebuscar na nova Lei de educación, que algo aparecerá. Seguirá sendo inconstitucional, algo encontrarán. ¿Que non fixeron nada por regular o prezo das vivendas nin promoveron vivenda pública? Pois nada, acusan o Goberno central de intervencionista ou de protexer os okupas, ¿verdade, señora Vázquez? *(Murmurios.)* ¡Okupas, especie protexida en Galicia! *(Murmurios.)* ¡Vamos, hombre! ¡Iso e o xabaril! ¡Si, muller, si! *(Murmurios.)* ¿Que meteron a pata cos enganos masivos dos estaleiros de Pemex? *(Risos.) (Murmurios.)* ¡Pois é culpa do Goberno central! ¿Que son incapaces de completar o ciclo da auga? Pois é culpa dos concellos; de todos non, dos do PP, menos, que son máis de colaborar, son máis de colaborar. ¿Que levamos unha década incumprindo coa autovía da Costa da Morte ou coa de Noia? ¡Malo será! ¡Malo será que non apareza unha conselleira que o tape cunha bomba de fume para falar dos trens AVRIL! E así podemos botar toda a tarde.

Só ten un argumento para ir contra o Goberno de España, en parte para cubrir a súa incapacidade, pero tamén porque o obrigan desde o PP de Madrid. Vostede, señor Rueda, está subordinado a Feijóo, e Feijóo —todos o sabemos— está subordinado a Ayuso *(Murmurios.)* e, polo tanto, por mera transitividade —dito desde o punto de vista matemático; ergo, desde o punto de vista lóxico—, vostede está subordinado a Ayuso, que será, non lle caiba dúbida, a que decida cal é o modelo de financiamento, se chegan a ter esa posibilidade. Non se preocupe, que alí estará o Partido Socialista de Galicia para defender un modelo xusto, como xa dixemos. *(Murmurios.)*

Mire, Galicia non merece un goberno sometido aos intereses do Partido Popular, e nós imos darlle ese goberno. Como o vexo tan intrigado a vostede —e tamén ao señor Pazos; entendo que intriga compartida polo resto dos membros dese grupo parlamentario— sobre quen será o noso candidato ou candidata, voulles dar unha primicia. *(Murmurios.)* ¡Veña! voulles dar unha primicia. Collan papel e tomen nota; vostede tamén, señora Candia, que sempre lle interesan estas cousas. Colla papel e bolígrafo e, se quere, un sobre e xa llo xestionou eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quero aproveitar esta tribuna para anunciarlles que imos ter unha persoa candidata á Presidencia da Xunta de Galicia e, ademais, vai ser quen poña punto final ao Goberno do Partido Popular en Galicia. Repítollo, por se non o anotaron: imos rematar dunha vez por todas con este período tan desmoralizante para o país, e ímolo facer cun proxecto ilusionante, que nos reconcilie coas persoas, cos avances sociais; un proxecto que entenda que é máis o que nos une que o que nos separa en Galicia e en España, mal que lles pese a vostedes, *(Aplausos.)* que non levante barreiras nin bote man de discursos populistas contra Europa, contra o progreso ou con agravios imaxinados sen ningún tipo de fundamento. E imos conseguilo, señor Rueda, con política, con propostas de verdade, para revitalizar o país.

Remato como rematei a miña primeira intervención desta tarde. Si, si, repito. Se digo que remato como rematei, vou repetir, é evidente. Pese ás descualificacións persoais que sufrimos, que sufrimos esta tarde... *(Murmurios.)* Non, non, eu non lle fixen ningún tipo de des-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cualificación persoal a vostede. Á súa xestión política, si; a vostede como persoa, nin unha. Non me oíu nin unha a vostede. *(Murmurios.)* Non, nunca, ¡nunca! *(Murmurios.)* Recorra ás hemerotecas. Xa sei que non lle gusta, porque ten uns estilos moi distintos. *(Murmurios.)* Eu teño respecto por vostedes; vostedes non teñen respecto por esta sección do Parlamento. *(Aplausos.)* Teñen pouco respecto persoal. E, polo tanto, pese a todos eses insultos...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...imos seguir facendo propostas en positivo para axudalo a sacar a comunidade autónoma da situación na que está por culpa da súa inactividade, inacción e falta de impulso político.

Aquí nos terá sempre que nos necesite, por moito que nos insulten.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Rolda de réplica para a representante do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora presidenta, señorías.

Señor Rueda, vou facer esta réplica desde a educación e o respecto. O paternalismo, a bronca, a descualificación persoal son o seu estilo; ese é o estilo Rueda, que eu, desde logo, non comparto. *(Aplausos.)* Vostede quixo facer deste debate sobre o estado da nación un ataque persoal, onde, ademais, vimos a súa capacidade para manipular e mentir. É o seu estilo, é o seu legado, é o que lle deixa a este país. Pero, desde logo, os galegos e as galegas merecen un debate á altura do que eles fan. *(Murmurios.)* Os galegos e galegas merecen que poñamos no centro as súas preocupacións e, desde logo, merecen que respectemos este Parlamento, porque, cando hai ataques e descualificacións persoais, a quen se lles está faltando ao respecto é aos galegos e ás galegas, que merecen unha política que estea á súa altura. *(Aplausos.)*

E para estar á altura dos galegos e das galegas o primeiro é dicir a verdade, e eu o que vexo é que a vostede non lle gusta nada a verdade. Tampouco lle gustan os datos, aínda que sexan do Instituto Galego de Estatística. Imaxino que os datos do Instituto Galego de Estatística non están manipulados, señor Rueda, ¿ou manipula o Instituto Galego de Estatística? Digo isto porque dixo que nós manipulabamos datos, que eu manipulei datos na miña intervención, cando veñen directamente do IGE. E vou darlle dous, porque eu, como teño tempo limitado —non ilimitado, como ten vostede—, pois teño que reducir moito o que podo dicir. É un debate desigual, pero, en fin... *(Murmurios.)* Si, é bastante diferente.

Índice de produción industrial, datos do IGE: «O índice perde 27,82 puntos entre o 2009 e o mes de agosto de 2023, pasamos do índice en 112 a 84».

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Díxonos que era falso que baixase a poboación en Galiza. Pero, señor Rueda, ¿en que mundo vive? Perdemos 105.625 habitantes. *(O presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, pronuncia palabras que non se perciben.)* Dixo iso, señor Rueda, repase a súa intervención; se se equivocou, pois, evidentemente, equivocouse, pero iso foi o que dixo na súa intervención.

Logo, o que xa é de nota é que lle pareza mal que presentemos alternativas para mellorar a vida dos galegos e das galegas. Veu aquí reñerme con ese paternalismo... *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si... Parécelle mal que presentemos a alternativa de goberno do BNG porque —imaxino— deixamos en evidencia a desfeita de catorce anos e que non teñen nada que ofrecerlles aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

Tamén o vin moi preocupado polo papel do BNG en Madrid. Eu, de vostede, preocuparíame por cal é o seu papel en Madrid. Creo que sería máis importante, porque, entre outras cousas, vostede ten tanto peso político que nin os seus lle fan caso. Vímolo hai uns días na fallida investidura de Feijóo: vostede foi alí aplaudir o seu xefe de filas —a Feijóo— e a deferencia que tivo con vostede foi comprometerse con todas as comunidades autónomas menos con Galiza. *(Aplausos.)* Ese é o seu peso político, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Porque, mire, é importante que reflexionemos sobre o seu papel, porque a súa falta de peso político a están pagando os galegos e as galegas. Estana pagando porque vostede vén aquí e líase co argumentario que lle mandan desde Génova.*(Risos.)* É o máis fiel... *(Risos.)* Si, si... É o máis fiel escudeiro que ten Feijóo, pero o que vemos é que esa submisión o que está provocando é que a vostede non o tomen en serio. Non o toma en serio o seu partido, pero é que tampouco o toma en serio o Goberno central.

Fíxese, fálanos moito do que conseguen outros territorios e ademais di que isto é a custa de quitarllo a Galiza; díxoo aquí varias veces na súa intervención. Eu pregúntome, señor Rueda, se se refire aos 350 millóns de euros que acaba de asinar o Goberno do Estado coa Xunta de Andalucía. Estamos falando dun investimento de 350 millóns de euros para un regadío de Huelva; se lle sumamos o investimento do ano anterior —foron outros 350—, son 700 millóns de euros para a comarca de Huelva. Todo isto, señor Rueda, conseguiuno un presidente que é do seu partido, o señor Bonilla; que, mire, dáme a sensación de que lle está comendo as papas *(Aplausos.)* porque a vostede nin lle fan caso nin o respectan en Madrid. *(Aplausos.)*

Mentres vostede se lía con Cataluña, ¿sabe?, outros fan o que teñen que facer: negociar co Estado e conseguir investimentos. Mentres a vostede o vemos aquí simplemente queixándose, o que vemos é que até os seus compañeiros de partido son capaces de negociar investimentos millonarios. Aquí, o grave, señor Rueda, é que quen paga o prezo da súa incompetencia son os galegos e as galegas; isto é o grave, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Falounos do que lle fai mal a Galiza. Permítame recordarlle que é o que lle fai mal a Galiza. O que lle fai mal a Galiza son os recortes en sanidade: 2.339 millóns de euros en atención primaria —datos oficiais que saen dos orzamentos da Xunta de Galiza—. O que lle fai mal a este país, señor Rueda, é ter menos emprego. O que lle fai mal a este país é que teñamos un sistema de residencias privatizado e que non queiran apostar polo público, porque vostedes

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cren que ese é un negocio, que o dereito á vellez digna é un negocio. ¿Sabe tamén que lle fai mal a este país? Que teñamos un goberno que traballa para as eléctricas en vez de poñer a riqueza eléctrica de Galiza ao servizo da sociedade. *(Aplausos.)* Iso é o que é negativo para Galiza. *(Aplausos.)*

Falounos tamén sobre a situación económica e citou unha empresa que sae moito nas intervencións do señor Rueda e do Partido Popular, que é Ence. E, claro, eu entendo que é normal que o Partido Popular defenda Ence porque hai varios cargos do Partido Popular que pasaron de estar no Consello da Xunta a colocarse directamente no consello de administración a través das portas xiratorias. *(Aplausos.)*

Tamén teño que dicirlle que é unha pena que só se preocupe por Ence e que non se preocupase polos 28.300 empregos que se destruíron na industria neste país. É unha pena, señor Rueda, que non se preocupase por outras empresas porque, mire, quen bota as empresas fóra é o Partido Popular; temos 4.127 empresas menos co Partido Popular. *(Aplausos.)* Vostedes, señor Rueda, non están xerando confianza entre o empresariado á hora de investir neste país.

Vólvollo recordar: a taxa de investimento en Galiza é 6,5 puntos menos que no Estado —no ano 2009 ese índice era superior en Galiza que no Estado— e é 10 puntos máis baixa que a media europea. En captación de investimento estranxeiro, dos 34.000 millóns de euros que se captaron o ano pasado no Estado español, aquí só se captaron 172, o 0,5 por cento. Non foron tampouco capaces de lograr nin un só proxecto estratéxico nos Next Generation. Non foron capaces de salvar nin unha soa empresa en crise. Podería seguir, señor Rueda, enumerándolle fracaso tras fracaso e mentira tras mentira do Partido Popular en política industrial. Porque, de verdade —xa sei que lles molesta, pero é que é a verdade—, vostedes son unha trituradora do emprego industrial deste país e do futuro deste país. *(Aplausos.)*

Tamén teño que confesarlle que me asombro de que vostede veña aquí falar de vivenda pública e que sexa capaz de presumir da política de vivenda pública que fixo o seu goberno. ¿Vostedes están orgullosos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Si? *(Murmurios.)* Ben, ¡están orgullosos de cargarse a política pública de vivenda! *(Aplausos.)* É que, claro, *(Aplausos.)* é incrible... Si, si. *(Aplausos.)* E agora —se a señora conselleira me permite— anúncianos que vai facer 1.900 vivendas de promoción pública en tres anos. ¿De verdade pensan que alguén cre que despois de facer en sete anos 22 van ser capaces de construír en tres anos 1.900 vivendas? *(Aplausos.)* ¡Por favor, un pouco de seriedade porque estamos falando de algo moi importante! *(Aplausos.)*

Díxonos tamén que a sanidade pública estaba mellor. Eu non sei, señor Rueda, se vostede é consciente de que cada vez que di que a sanidade pública está mellor hai miles de galegos e galegas que se senten insultados. (*Murmurios.*) Si, si, séntense insultadas as persoas que agora teñen que esperar até quince días para poder ir ao seu médico ou médica de cabeceira; séntense insultadas as 15.000 nais e pais que ven como os seus fillos non teñen ningún tipo de pediatra nin médico asignado; e séntense insultadas as miles de persoas que están esperando por unha cita, ben para unha operación ben para un diagnóstico. É realmente incrible como poden negar a realidade e os problemas, porque, efectivamente, se non se recoñecen

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os problemas, é imposible solucionalos. É evidente que o Partido Popular é un problema para a sanidade pública deste país, *(Aplausos.)* pero non porque sexan malos xestores, senón porque queren beneficiar a privada. *(Aplausos.)*

En saúde mental teño que dicirlles que son, sinxelamente, un goberno sen corazón. Encabezamos o *ranking* de suicidios e vén aquí insultarme e facer simplemente anuncios. Mire, se pensa que insultando a portavoz nacional do BNG vai solucionar os problemas que hai neste país de atención á saúde mental, desde logo, está moi equivocado. *(Murmurios.)* É unha pena que ría, porque este é un tema moi serio para moitas familias, señor Rueda, *(Aplausos.)* sobre todo, cando vostedes o único que están facendo é propoñer un plan que, no caso de cumprirse, señor Rueda, incorporará ao sistema sanitario a metade dos profesionais que se propoñían no ano 1997. Espero, polo menos, que coincida comigo en que as necesidades de atención en materia de saúde mental son moi diferentes hoxe das que había no ano 1997, porque son moito maiores. *(Aplausos.)*

Preguntoume tamén se non me gustaban os caixeiros. Non, a min o que non me gusta é que con cartos públicos se siga financiando unha banca que xa leva gañando demasiado; iso é o que non me gusta. *(Aplausos.)* Podo asegurarlle que o que nunca farei será baixarlles os impostos aos máis ricos —como fixo vostede—, aos que teñen máis patrimonio, mentres ten conxeladas as pensións máis baixas do noso país, as non contributivas; esas pensións que vostedes mantiveron conxeladas e ás que non lles deron nin un só euro de subida en doce anos. Desde logo, a min preocúpame que en Galiza teñamos a porcentaxe de persoas pensionistas en situación de risco de pobreza extrema...; persoas que teñen que vivir con 480 euros ao mes. E mentres isto pasa, vostede baixáballes os impostos aos ricos. Dende logo, a min nunca, nunca, me vai atopar nesta medida. *(Aplausos.)*

En todo caso, volvo ao inicio. Señor Rueda, ¿sabe por que vostede fixo esta réplica nun ton tan nervioso, *(Murmurios.)* tan paternalista —si— *(Murmurios.)* e tan faltón? Porque vostede sabe que este é o seu último debate como presidente, *(Murmurios.)* porque neste país hai un cambio en marcha que é imparable, señorías do Partido Popular. Porque cada vez hai máis galegos e galegas que queren abrir un tempo novo e que queren deixar atrás un goberno do Partido Popular que está facendo que Galiza vaia a menos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver se podo seguir, señorías do Partido Popular, porque é moi difícil facer unha intervención cando están constantemente interrompendo. Xa sei que é unha táctica para intentar que non poidamos falar, pero é que en democracia hai unha habilidade que é escoitar. Practíquena un pouco, xa non só comigo, senón coa sociedade galega. *(Aplausos.)*

Señoría, estou convencida, hai un cambio en marcha e eu, humildemente, quero ser a presidenta desa Galiza que miles de galegos queremos e merecemos, sabendo que todos e todas somos necesarios. Esa nova Galiza está en marcha; é a Galiza que vén, imparable, grazas a unha nova maioría social que quere cambio, que quere abrir un tempo novo, que quere mirar ao futuro con esperanza e ilusión, que quere vivir unha vida tranquila...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pontón.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PONTÓN MONDELO: ...e que quere que este país sexa a gran nación que pode ser.

Moitísimas grazas.

(Aplausos prolongados.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda de réplica para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Alberto Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, non gustou a miña intervención de hoxe, ben que o lamento, en fin, un non lle pode gustar a todo o mundo e eu lamento que o tomaran como eu non quería. Eu tomeino como o que me pedían vostedes cando fun nomeado portavoz: como unha oportunidade para o diálogo, porque vostedes pedíronme diálogo. É certo que vostedes teñen unha certa tendencia a pedir diálogo e unha estraña maneira de entender o diálogo. Porque, miren, vostedes queren diálogo pero non se reúnen co rei. Vostedes queren diálogo, pero non se reuniron co candidato do Partido Popular á presidencia do Goberno. E vostede quere diálogo comigo, pero aínda non tiven a sorte de que se reunise con este humilde servidor. En fin, señoría, esa é a súa particular maneira de entender o diálogo.

Mire, eu durante este debate o que tentei facer foi un retrato —o máis fiel posible— das contradicións da esquerda galega ao longo dos últimos anos. A verdade é que non me faltaron, en fin, cores para debuxar o retrato e recoñezo que o autor do retrato son eu. Pero, señorías, as contradicións son súas, porque vostedes enfadáronse moito pero non desmentiron ningunha. Voulle dicir unha cousa: empezan a ser vostedes os Dorian Gray da política galega; son absolutamente incapaces de resistir o seu propio retrato, señorías; teñen que facer que llelo miren.

Mire, eu a verdade é que escoitei cousas moi interesantes, non sei se me vai dar tempo a abordalas todas. O señor Álvarez —que agora está ausente— veu aquí darnos unha lección de estilo parlamentario —de bo estilo parlamentario— que consistiu basicamente en dicirme que eu degrado a Cámara e que o señor presidente da Xunta de Galicia é mala persoa. É toda unha lección de estilo. Sei que bota moito de menos o profesor Puy, créanme que ninguén o bota máis de menos que os corenta e dous deputados desta bancada. Pero tamén lle vou dicir unha cousa: canto lle había de gustar ao profesor Puy que o tratasen vostedes, cando estaba aquí, co respecto co que o tratan agora. Moi curta teñen a memoria das cousas que dixeron aquí do señor Puy, moi curta. *(Aplausos.)*

Pero, señorías do PSdeG, sinto ter que desmentilo, pero non, no Partido Popular a adoración mariana durou o que durou. Agora temos adoración alfonsiana. Pero ¡home!, xa que recorren vostedes a este símil relixioso, alégrome moito de que nomeasen vostedes a trindade do PP de Lugo, unha auténtica trindade, porque non son tres, son tres mil, trescentos mil, trinta mil, pero partido hai un. E, por certo, ¡menuda chosca lles deu a vostedes en Lugo a trindade do Partido Popular de Lugo!, *(Aplausos.)* ¡menuda chosca! ¡O peor resultado de España! En fin...

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu, de verdade, agradezo o exercicio de estilo do señor Álvarez, pero ¡home!, se cualificou o meu estilo ou o do presidente Rueda de *cañas y barro*, eu lamento moito que viñese aquí dar barro e sen cañas, unha auténtica pena.

Dixo algunhas cousas que me chamaron a atención —a ver se me dá tempo a tocalas—. Primeiro, parece que botan moito de menos a Tarxeta Básica. É curioso, porque a Tarxeta Básica foi un instrumento moi útil durante a pandemia porque, efectivamente, había restricións de movementos e había que facilitar o acceso ás persoas que non podían acudir aos seus propios concellos a facer a tramitación de axudas ordinarias. Afortunadamente —creo que coincidiremos—, pasou a pandemia e iso xa non sucede.

Pero tanto a botan de menos, tanto a botan de menos que eu me pregunto: ¿como é posible que non a instaurasen en ningún sitio? Porque as dúas únicas comunidades autónomas que fixeron esa tarxeta foron a andaluza e a galega, e a galega, señorías. E, por certo, bótana moito de menos, pero cando tiveron ocasión de votala —con «v»— votárona en contra. É algo significativo, señorías, porque vostedes teñen un certo costume para despois sacar peito das reivindicacións que no seu momento intentan tombar. Votaron en contra da Tarxeta Básica os mesmos, por certo, que dicían que as casas niño eran intrusismo profesional. Non, e hai quen di que si aínda. Pois non se preocupe, vaia ao rural e cóntelles aos pais que están vendo como os seus fillos están atendidos gratuitamente nun recurso pioneiro e único en toda España. Nós si que podemos sacar peito, señoría. *(Aplausos.)*

Explicoulle ao presidente por que non o recibiu en Europa un comisario relacionado coa pesca. Nós estamos radicalmente en contra dese veto á pesca de fondo, pero escoitándoo hoxe, efectivamente, critícanlle ao presidente da Xunta que atendera ao requirimento e á solicitude dun ministro de España. Eu pensei que o agradecerían. Señor presidente, empeza un a pensar se non haberá algo detrás disto, non sei se será porque hai un asesor español do señor Sinkevičius, de insigne apelido, non sei se lle soa, un tal Planas, aí o deixo; igual iso ten que ver algo con que non se reciba o presidente da Xunta para defender as lexítimas reivindicacións da pesca galega, que vostedes non o están a facer. *(Aplausos.)*

Pareceume que nalgún momento falaban tamén de chiringuitos, de chiringuitos, os do Bipartito. Eu non sei se recordan aquilo do Consorcio Galego de Benestar, ¿verdade?, cando o fundaron vostedes. Tivemos que racionalizalo e non foi fácil, pero ben valeu o esforzo para que deixase de ser axencia de colocación da esquerda galega.

Por certo, hai un par de cousas que tamén non podo deixar de comentar ao señor Álvarez, primeiro, porque hai que ser un pouco preciso. Riuse, hoxe, da medida que propuxo o presidente para atender mellor ás mascotas. Eu creo que hai moitos galegos que queren moito as súas mascotas e queren que estean ben atendidas; paréceme algo bastante razoable. E vostedes criticábannos pola falta de coherencia do PP de Vilagarcía, parece ser.

Señorías, creo que foron vostedes os que dixeron que non había que mentir aquí. O PP de Vilagarcía non se opuxo ao Partido Socialista ou á súa proposta porque estableceran un espazo para as mascotas; o que criticaron foi porque, segundo unha páxina especializada, era o peor espazo de mascotas de toda España. *(Murmurios.)* Xa sei que a algún lle dá a risa, pero

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

claro, xa entendo eu que o señor Álvarez e o alcalde de Vilagarcía comparten asesor; talvez deberían pensar en buscar un asesoramento máis leal; aí o deixo.

Outra cousa que me chamou a atención foi que falaran vostedes da tómbola. Dixo que o presidente, as medidas que anunciaba eran unha tómbola. Eu, falando os socialistas, non sei a que se refiren cunha tómbola, se á atracción de feira ou a aquel programa de televisión, porque é certo que o PSOE parécese bastante a aquela *Tómbola* —non sei se o recordan—, que era un programa do corazón onde se reunía xente que se coñecía de toda a vida, que tiña moitísima tradición e relación entre eles pero que basicamente ían ao plató insultar uns aos outros. Eu entendo que se senten representados. Esa tómbola, por certo, esa tómbola ben se parecería a un congreso do PSdeG. *(Murmurios.)*

Señorías, ese congreso do PSdeG, esas primarias que vostedes van facer, iso non son unhas primarias, iso é unha traxedia shakesperiana, señorías, algo cheira a podre en Dinamarca. Por certo —para información dalgúns dos interesados nesas primarias—, hoxe houbo unha comida moi interesante aquí en Santiago; en realidade, comeron o secretario xeral do partido, algún membro do comité organizador e un dos candidatos; por se queren pistas —como hoxe vai de dar pistas—, é un señor que está aquí neste Parlamento, pero non está sentado en ningún dos escanos do Partido Socialista, por se lle interesase a vostede, señoría.

Non me quero esquecer dalgunhas cousas importantes que dixo a señora Pontón. Señora Pontón, pareceume entender que nos dicía que a educación e o respecto ían presidir a intervención —a súa—; a bronca para nós, dixo. Eu, señor conselleiro de Sanidade, o que vai ter que contratar en Galicia son máis dermatólogos, porque mire que teñen algúns a pel fina, pero moi fina. Os ataques persoais son unha falta de respecto. Señora Pontón: *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* «*Ni el bebé quiere ser su hijo*», escribe unha concelleira do BNG polo aborto sufrido por Ayuso; segue sendo concelleira. *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* Unha deputada do BNG chama panda de psicópatas a Xunta e vostede non dixo nada. Hoxe está reunido aquí todo o Goberno de Galicia, creo que ten vostede unha ocasión excelente para desculparse en nome do Bloque Nacionalista Galego, aproveite a ocasión, fágame caso. *(Aplausos.)*

Señorías, pareceume que facían propostas para apostar pola innovación. A súa proposta estrela para a ciencia e innovación chámase Innogal, non sei como a van sacar, porque os seus socios do Partido Socialista votan en contra; igual nolo explican.

Tamén é certo que viñeron aquí falar de autogoberno; falaremos de autogoberno, ¡eh! Non sei se xa solucionaron o tema da AP-9, que nos prometeron que ían resolver nestes catro anos; non sei como van as comisións de seguimento do pacto. Pero incluso están un pouco perdidos con este tema do autogoberno, non sei se se dan conta; nós impulsamos unha Lei do litoral e vostedes unha semana despois presentaron unha iniciativa para solicitar unha competencia que xa é de Galicia.

Eu creo que vostede ten que informarse un pouco máis e, dende logo, ten que ser un pouco máis humilde cando fala de certas cousas, porque falou de peso político, falou de servilismo a Madrid. Señora Pontón, vostede vendeu os votos do BNG a cambio dunha foto cun pacto

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da vergoña asinado hai catro anos. ¿Cunha foto con Pedro Sánchez? Non, cunha foto con Adriana Lastra. Esa exactamente é a metáfora do seu peso político, señora Pontón: cero. *(Aplausos.)* A futura presidenta *fake* de Galicia conseguiu unha foto con Adriana Lastra, ¡que logro!

Iso si, quero recoñecerlle as súas aportacións para mellorar a sanidade galega. Con trinta e catro millóns de euros, a señora Pontón ía contratar setecentos médicos, sae a corenta e oito mil euros o médico. Non sei se é que lles vai reducir o salario e non lles vai pagar a seguridade social ou isto xa o engloba todo, porque é unha cuestión certamente curiosa. Tamén hai que dicir que os centros de saúde son *low cost* porque en todos os orzamentos tráennos centros de saúde a douscentos cincuenta mil euros. Señor conselleiro, xa lle gustaría facer un centro de saúde por douscentos cincuenta mil euros.

Mire, señora Pontón, o seu problema é outro, e é bastante máis grave; o seu problema é que está moi enfadada comigo porque eu relátolle o que non se atreven a dicirlle os que a rodean. Mire, vostede poderá vender resiliencia, poderá vender aguante, poderá vender durabilidade, pero frescura, ¡home!, frescura, non. Creo que non lle gustou moito o de Camela, non sei se lle gusta máis Joan Manuel Serrat, pero vostede é a Penélope da política galega, leva vinte anos no andén agardando un soño da súa xuventude perdida e aí segue: «*Con los ojos llenitos de ayer*» e tentando, iso si, disfrazarse dos atributos de presidenta, de presidenta *fake*, porque ten vostede unha axenda institucional *fake*, ten vostede ausencias continuas das sesións deste Parlamento, intentando imitar unha presidencia que non ten.

Vostede intentou hoxe por segunda vez unha investidura *fake*. E como non ten votos —porque se quere votamos hoxe a súa investidura— pois vén aquí presumir dunha maioría social *fake*. E iso é vostede: a presidenta *fake* que nunca será presidenta do Goberno de Galicia. *(Aplausos.)* Ben triste, pero vostede saberá, señoría, vostede saberá.

Mire, eu nunha cousa si coincido con vostede, señoría, creo que a seguinte lexislatura e tras as próximas eleccións imos vivir un momento histórico; estou convencido diso; será o primeiro Parlamento en vinte anos sen un escano ocupado pola señora Ana Pontón, porque xa llo digo eu: a UPG non fai prisioneiros, señora Pontón, e vostede leva moito tempo pisando callos.

Non sei, de verdade, se lle gusta ou non este resumo que fago eu, non sei se lle gusta esta biografía —da súa non podo opinar, non tiven ocasión de lela—, pero si que lle vou dicir dúas cousas: un acerto e un erro. O acerto é a portada, creo que a define perfectamente: gris, moi gris. Eu non sei se ese ton está recollido no Pantone, pero ben poderían bautizalo como «gris Pontón», o gris máis gris de todos os grises, creo que sería un... Agora, o título non, ¡eh!, o título é pouco afortunado: «Descubrindo a Ana Pontón», vinte anos no Hórreo e está vostede por descubrir. (*Murmurios*.)

Eu, sinceramente, hai cousas que non acabo de entender. Señora Pontón, está ben que lle fagan unha biografía, porque o certo é que vostede ten moito máis pasado que futuro; iso si que llo garanto eu. En fin, por dicir algo positivo, de verdade eu agradézolle hoxe a contribución que fixo aquí á biomasa, triturouno absolutamente todo, señoría, ata...

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...a súa propia realidade.

Señor presidente, remato xa.

Señor presidente da Xunta, vostede foi o único que trouxo hoxe aquí cuestións para que os galegos continuemos avanzando cara a esa Galicia que nós lle queremos deixar aos nosos fillos, e fixo dúas aportacións, de dúas calidades que me parecen fundamentais: esperanza e experiencia. Esperanza en forma de propostas de actuación concretas, medibles, realizables, centradas en mellorar a vida dos galegos de hoxe e de mañá; e experiencia de quen se sacrificou cando tocou estar na sala de máquinas e non dubidou nin un minuto cando tivo a responsabilidade de coller o temón de Galicia. Os galegos somos un pobo moi agradecido e sabemos perfectamente devolver en forma de confianza os esforzos que fan os que realmente se preocupan polos problemas que ten a xente real.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Noraboa, presidente, e moitas grazas polo traballo que está facendo e o moito que lle queda por facer. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Contrarréplica do presidente da Xunta para pechar este debate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, lamento sinceramente se vostede se sentiu ofendido, non era a miña intención en absoluto, eu creo que sabe que lle teño aprecio e non son consciente en absoluto. Vexo que tampouco lle gustou a intervención do señor Pazos, ao mellor é que acertou, é un portavoz, se non lle gusta ao portavoz da oposición o que di o portavoz Goberno probablemente é que estea facendo ben o seu labor, porque vostede non está nada de acordo co que facemos e, polo tanto, iso é o que defende o señor Pazos, e creo que o fixo realmente ben.

Eu non, en ningún momento dixen que vostede..., a ver se me explico ben para que o entenda ben. Unha medida que agora mesmo están comentando en toda España —vaia vostede aos dixitais, vaia vostede aos medios de comunicación, vaia vostede ás redes sociais— dicindo que é unha medida pioneira, unha medida fantástica, unha medida que oxalá fose imitada noutros moitos sitios, e que o consideran —que é o que me importa a min, o que lle importa ao meu Goberno, que os dependentes galegos e as súas familias consideran; en xeral, sempre haberá opinións, pero creo que é unha opinión absolutamente maioritaria— unha boa medida, unha fantástica medida, necesaria e que chega nun momento, ademais, moi oportuno, vostede di que todas esas consideracións se reducen a que isto é unha tómbola de *perritos piloto* do San Froilán; se vostede cre que iso é respectar unha opinión maioritaria, pois entón

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aí non nos imos poñer absolutamente nunca de acordo. Laméntoo moito, é así, van vostedes a contracorrente das cousas que intentamos facer para axudar a xente.

Polo demais, falou vostede moito do señor Feijóo, falou da señora Ayuso, falou moi pouco de Galicia e falou moi pouco das medidas que estamos aplicando. Iso realmente é unha pena, creo que está ben confrontar, está ben. Non fixo propostas, sinceramente; vostede polo menos non fixo aquí unha investidura *fake*, como si fixo a señora Pontón, pero tampouco fixo, realmente, propostas que poidamos aproveitar, e trátase diso. Realmente vostedes non teñen propostas alternativas, máis alá de criticar todo o que facemos e de non ser capaces de dicirnos como encaixan as evidentes cesións que se van facer en detrimento do conxunto e tamén de Galicia para lograr, ou polo menos para intentar unha investidura, co apoio que realmente necesita Galicia. Iso non o aclarou, probablemente porque non pode. Pois iso realmente non é facer propostas ou polo menos non é facer propostas útiles. Correspóndeme facelas a min, porque correspóndeme tamén executalas. Polo tanto, ningún problema. E vostedes están na oposición e nós estamos no Goberno, probablemente por cousas coma esas.

Unha cousa: falaba de patrimonio. Non sei se sabe vostede que o imposto do patrimonio o suprimiu o señor Zapatero, logo restableceuno, pero suprimiuno co señor Solbes; polo tanto, en fin, se algún é valente ou non é valente para as mesmas cousas... Ese cualificativo tamén terá que dárllelo aos seus correlixionarios, ao seu admirado señor Zapatero, que está facendo tanto de sostén agora mesmo do señor Sánchez. Supoño que tería razóns para tomar esa determinación cando o suprimiu e supoño que, se vostede cre que hai que respectar esas razóns, tamén haberá que respectar as razóns que nos levaron a nós a tomar unha decisión parecida.

Señora Pontón, eu íalle agradecer que rebaixase —probablemente os seus asesores dixéronlle que o rebaixase— o ton na súa segunda intervención, íallo agradecer, pero, claro, duroulle esa intención os primeiros tres minutos da súa intervención; despois volveu ser —perdóeme que lle diga— a mesma portavoz do BNG que leva vostede sendo non sei se vinte anos, vinte anos probablemente non —digo deputada sen ser portavoz— pero xa uns cantos anos, a deputada de pel fina que pode dicirlles aos demais o que lle pete pero enseguida tense que sentir absolutamente ofendida con calquera cousa que vostede lle parece que non se lle pode dicir. E así leva un montón de tempo. Non llo vou repetir, os cualificativos que me di sempre son os mesmos, son de guión. Aínda que non lle dixese nada, vostede vaime acusar sempre desas cousas. Iso realmente é moi pouco útil e retrátaa bastante ben, señora Pontón. Sería moito máis útil que intentase rebater os datos que lle din, absolutamente certeiros.

Insisto, outra vez: a xente ten que saber que vostede manexa datos que son falsos, datos terxiversados, datos que non son certos. Eu non lle digo que fagamos ben todo, nin moito menos, pero os datos que lle dou son os datos que hai; vostede ignóraos sistematicamente, invéntase datos, manipula, non fala dos que non lle convén. Isto é así.

Mire, despois di que eu lle dixen cousas. Mire, en ningún momento —faltaría máis— eu lle dixen que o saldo..., eu falei de saldo migratorio e vostede falou de saldo vexetativo, non son o mesmo. Supoño que os saberá distinguir; eu, dende logo, sei distinguilos: o saldo migra-

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

torio é diferente entre a xente que se vai de Galicia e a xente que vén e o saldo vexetativo é a diferenza entre a xente que morre e a xente que nace.

Por tanto, que vostede os queira mesturar porque non lle convén recoñecer que estaba mentindo respecto ao saldo migratorio, alá vostede, pero non pode enganar os galegos. Aínda así, dígolle —e iso supoño que a porá moi nerviosa, se lle podo dicir que vostede se pon nerviosa— que o saldo vexetativo grazas á estratexia Retorna, neste primeiro semestre 2023, foi positivo en dúas mil persoas. Polo tanto, logro moi bo. (*Aplausos.*)

A min interésame, seguro que aos galegos e galegas nos interesa moito máis saber o que vai facer mañá o señor Rego, que a contraprogramou; mañá vaise reunir..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) paréceme que é mañá, creo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cando sexa, xa veremos o resultado; o que nos interesa é saber o que van facer.

¡Oia!, se lle din que hai que darlles máis cartos aos que van vender moi cara a súa investidura, o voto de vostede todo o mundo sabe —empezando por vostede— que é absolutamente irrelevante; se lle din que se lle vai condonar a débeda á comunidade autónoma máis endebedada a cambio da investidura, ¿vostedes que van facer? ¿Van votar a favor diso? Se lle din que vai haber aportacións extraordinarias á comunidade máis endebedada, á comunidade, polo tanto, que menos tivo en conta que había que facer unha xestión orzamentaria que non prexudicaba aos demais, ¿vostedes que van facer? ¿Van votar a favor de todo iso? ¿Van estar de acordo en que se retire da caixa común que lles corresponde a todas as comunidades autónomas en España para darlle a unha comunidade autónoma —ou dúas— que vai vender moi cara á súa investidura? Estamos desexándoo, non nolo dixeron, e mira que tivo dúas oportunidades —ben, tiveron moitísimas máis— e non o explican, probablemente porque non o poden explicar ou máis ben porque esa explicación non nos ía gustar.

Un par de cousas máis, simplemente. Mire, nós non nos preocupamos polas empresas, preocupámonos polos traballadores das empresas. (*Aplausos.*) Vostedes, con eses prexuízos ideolóxicos inamovibles, non son capaces de ver que, máis alá das empresas, hai persoas que necesitan as empresas para poder traballar, para poder vivir, miles de familias que vostedes cualifican en familias das que merece a pena falar ou ás que hai que ignorar en función de se lles gusta ou non lles gusta a empresa, se a empresa convén ou non convén aos seus intereses políticos. Iso creo que non se pode facer, sinceramente, se se quere ser xusto e se se quere ser un responsable público —xustamente iso— responsable.

Da vivenda pública, ¿se nos sentimos orgullosos? Por suposto. É que fixemos moitas cousas e hai que facer moitísimas máis. Eu non lle digo que non se fixera, en ningún caso dixemos que non se fixera vivenda pública durante o Bipartito; eran circunstancias diferentes, ¡eh! O que non podemos admitir é que digan que durante estes anos non fixemos nada. Por suposto, fíxose vivenda pública, recoñecino, incluso, era das poucas cousas que executaban ben orzamentariamente, pero nós fixemos tamén. Ultimamente tiñan que mellorar.

Mire, en Pontevedra —é unha cidade que eu coñezo ben— , en Valdecorvos, onde a Xunta fixo vivenda pública, cedéuselle unha parcela ao Concello para que fixese o mesmo; o señor Bará sábeo ben. ¿Sabe o que fixeron alí? Un aparcamento. Debe ser que non fai falta vivenda

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pública para os pontevedreses; pois eu dígolles que si que fai falta vivenda pública tamén en Pontevedra. (*Aplausos*.)

E, por último, ese empeño en negar a realidade, ese empeño en non deixar que o que pensa a xente en total liberdade lles estropee un prexuízo ideolóxico, unha postura política, unha mentira, un dato mal dado e mil veces repetido; chámame a atención; tamén axuda a explicarme e tamén a explicarnos a todos por que vostedes levan tantísimos anos na oposición en Galicia.

Dime que como son capaz de dicir que a sanidade pública en Galicia é excelente, que como son capaz de dicir que hai moitísimos profesionais que fan moi ben o seu traballo e que investimos, efectivamente, máis de mil millóns de euros máis do que investían vostedes en circunstancias económicas probablemente máis difíciles. Isto é verdade, non é que o pense eu, pénsao a xente, señora Pontón.

O CIS sanitario —dicíao esta mañá— di que os galegos, despois dos rioxanos, son os habitantes dunha comunidade autónoma que mellor valoran a sanidade pública. (*Aplausos*.) Polo tanto, señora Pontón, é intolerable o que penso e é intolerable o que pensan os galegos, na visión do Bloque, por suposto.

En fin, señorías, ao longo deste debate escoitamos falar de impostos, escoitamos falar de inflación, de emprego, de sanidade, de educación, de servizos públicos, e se escoitamos falar de todo iso é porque os galegos teñen un Goberno que se ocupa de todo iso. Por tanto, as prioridades da Xunta van seguir sendo as prioridades de todos os galegos e de todas as galegas. Isto é algo que non debería ser noticia no día de hoxe, pero éo, porque é unha excepción, non se fai en todas partes como se fai en Galicia.

Aquí imos seguir co foco posto en Galicia e nos galegos. As nosas propostas non van ser en beneficio de ningún político para manterse no poder, non, non, para nada, iso non vale para nada, senón que van ser propostas para que sigamos progresando en Galicia.

Onde outros estes días teñen un especial empeño en falar de amnistía, que sempre é en beneficio duns poucos, dunha elite política, nós seguiremos poñendo medidas sociais para unha grande maioría. Onde outros poñen referendos, nós seguiremos eliminando impostos. ¿Rebaixas fiscais, señor Álvarez? Efectivamente, rebaixas fiscais, a xente agradéceas moito. E onde outros se empeñan en poñer crispación, enfrontar uns cos outros a cambio de obter rédito político, nós poñeremos iso que dicía o señor Pazos: o sentidiño galego.

Galicia non quere poñerse nin falsas fronteiras nin barreiras que non teñen por que existir, nin, por suposto, teitos aos que temos que renunciar a chegar. Nós queremos atraer galegos e xente que non é galega, pero pero que queira vir a Galicia investir, vivir, convivir con todos nós. Galicia non quere privilexios para unha reducida elite política —como si que queren outros sitios e outros están dispostos a admitir— pero si que queremos que mellore a vida de todos os galegos e galegas desde que nacen ata que se fan maiores. Por suposto, non queremos máis do que queren os demais, pero, por suposto, non imos tolerar, en ningún caso, que nos dean menos para darlles máis a algúns. E non queremos nin que nos arrebaten o

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que xa acadamos nin imos renunciar a seguir pedindo aquilo que nos corresponde e aínda non nos foi dado.

Imos seguir defendendo como un tesouro a nosa estabilidade e a nosa normalidade extraordinaria, que tanto chama a atención fóra de Galicia. E defenderemos os lazos co resto de España, somos parte de España —non queremos romper eses lazos, outros si que queren—, e, por suposto, defenderemos o financiamento que procede tamén do esforzo dos galegos. Calquera carto público que se reparta dende o Goberno central son tamén cartos dos galegos. Polo tanto, a nosa obriga, o noso deber é defender que se repartan simplemente de xeito igualitario.

A España política de hoxe en día é absolutamente imprevisible e ademais é lamentablemente imprevisible para mal. Non sabemos o que ocorrerá no futuro, nin a curto prazo, nin sequera nin canto de curto vai ser ese prazo, pero o que si que podemos asegurar, o que si que imos traballar é para saber o que sucederá en Galicia. Galicia seguirá sendo ese seguro de vida política útil para os galegos, con independencia do que suceda en España, noutras comunidades autónomas. Galicia vai seguir incrementando, sempre que poida —e vai seguir podendo—, as prestacións dos galegos de todas as cidades e de todas as orixes.

Galicia vai seguir mellorando o seu emprego, o seu produto interior bruto, as súas exportacións, os seus servizos públicos e a súa solvencia. Galicia, polo tanto, non vai parar. Galicia funciona agora mesmo e Galicia ten que seguir funcionando —se pode ser, e dende logo pode ser— aínda moito mellor. Imos traballar para que todo iso sexa posible. Faremos todo o necesario, en definitiva, e traballaremos para que Galicia —a pesar de que a algúns non lles gusta, a pesar de que algúns parecen non entender que é o que queren os galegos— siga sendo, máis que nunca, a Galicia na que todos nos recoñecemos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Recórdase que os grupos parlamentarios poden presentar ata un máximo de corenta propostas de resolución por grupo, referidas conforme o artigo 141 *bis* do Regulamento do Parlamento de Galicia e o acordo da Mesa, oída a Xunta de Portavoces do pasado día 3 de outubro, e serán sobre grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple e non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. Todo iso será antes das 10.30 horas de mañá, do martes día 10 de outubro, no Rexistro Xeral da Cámara. Posteriormente, a Mesa, ás 12 horas, procederá á súa cualificación e distribución aos grupos de todas as propostas admitidas.

Asemade, o prazo para a presentación das propostas transaccionadas e a petición de agrupación ou votacións separadas das propostas rematarán o mesmo martes, día 10 de outubro, ás 22.30 horas, que serán cualificadas pola Mesa ao día seguinte, mércores, 11 de outubro, ás 9.30 horas da mañá.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, sen máis darlles as grazas.

Suspéndese a sesión ata o mércores, día 11, ás 11 da mañá.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás nove e dez minutos da noite.

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-IvyXVbRwQ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/